24 abril maio xunio 1969

GRIAL



LOIS TOBÍO: O nomeamento de Gondomar como embaixador en Londres.

CARLOS ALONSO DEL REAL: Las raíces de Galicia.

X. M. LÓPEZ NOGUEIRA: Karl Jaspers alén do límite.

SALVADOR LORENZANA: O pintor Nuno Gonçalves e unha pintura galego-portuguesa.

LOIS AMADO CARBALLO: "Mallaxe" e "Os probes de Deus".

CARLOS DURÁN: O sono da razón.

VIGO

GRIAL
REVISTA GALEGA DE CULTURA
N.º 24 — ABRIL, MAIO, XUNIO 1969

SUMARIO

ENSAIOS — Páxinas

O nomeamento de Gondomar como embaixador en Londres, por LOIS TOBÍO 133
Las raíces de Galicia, por CARLOS ALONSO DEL REAL 163
Karl Jaspers alén do límite, por X. M. LÓPEZ NOGUEIRA 173
O pintor Nuno Gonçalves e unha pintura galego-portuguesa, por SALVADOR LORENZANA 185

ESCOLMA

Dous contos: Maliaxe e *Os probes de Deus*, por LOIS AMADO CARBALLO 196

PENEIRA DOS DÍAS

O sono da razón, por CARLOS DURÁN 220
Fonología gallega. Fonemática: El sistema consonántico, II. Oposiciones entre consonantes, por AMABLE VEIGA 225
Rosalía, persoaxe tráxico, por M.ª TERESA OTERO SANDE 231
El primer libro en lengua vasca, y la bibliografía de Cela y Cunqueiro, por ANTONIO ODRIOZOLA 234
Grabados de Ortiz, por X. M. L. N 242
LIBROS, por *Antonio E. Mallo, C. C., R. Piñeiro, Salvador Lorenzana, Basilio Losada* e *Xesús Taboada Chivite* 244

O REGO DA CULTURA 257

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN
Editorial Galaxia — Reconquista, 1 — Vigo

Director periodista: Anxel Sevillano García. — Codirectores: Ramón Piñeiro López e Francisco Fernández del Riego — Consello de Redacción: R. Carballo Calero - D. García Sabell - C. Fernández de la Vega - X. M. López Nogueira - M. Dónega Rozas - Camilo G. Suárez Llanos - Basilio Losada Castro - Ricardo García Suárez.

O NOMEAMENTO DE GONDOMAR COMO EMBAIXADOR EN LONDRES

"Pretendiente en corte"

Don Diego Sarmiento de Acuña, señor de Gondomar, foi nomeado embaixador ordinario de Felipe III en Inglaterra por provisión real do 21 de agosto do 1612. Diste xeito remataba unha agarda de oito anos coma "pretendiente en corte". En 1604 perdera o correximento de Valladolid ó Ilo Lerma quitar pra Ilo dar ó seu fillo segundo don Diego Gómez de Sandoval, conde de Saldaña, que nin vinte anos tiña [1]. Puidera verse nesto un caso máis do desaforado nepotismo do valido, pero cicáis mediaron tamén outros motivos. A xestión de Gondomar nos tres anos escasos do seu correximento (14.9.602-8.5.605) [2] foi de atal eficacia e brilantez [3] que debéu espertar sospeitas e receios en Lerma. Poila corte achábase entón naquela cidade e o valido, mediocre e desconfiado, non aturaba ó seu carón quen lle fixese sombra.

A fins do vran de 1603 chegaron da India á ría de Vigo dous navíos portuxeses con mercadería de moita valencia que era mester escarregar alí polas averías e o perigo dos piratas. A direición da non doada tarefa foi encomendada a Gondomar [4]. Lerma coidóu cicáis que a ocasión era pretesto escelente pra alonxalo da corte e, se cadra, pra facerlle dar un traspé que embazara o seu prestixio. Don Diego traballóu de rexo e con habelencia e saéu con ben da proba após dez meses de tensión e esforzos. Mais debía maliciar a tención do ministro de quitarlle o correximento. E preparándose pró pior, e pra non se atopar a final cas mans valeiras, fixo dende Galicia xestións pra que lle desen unha consellería de Facenda.

Nin dona Constanza, a muller, nin don García, o irmán, estaban de acordo. Escribíanlle os dous dende Valladolid que non era a consellería cousa a xeito pra el. Polo visto xa se falara deso denantes da

[1] SC 19.
[2] BN 18430-2.
[3] SC 17 ss.
[4] C 46 s; SC 20; T 97 s.

escárrega dos navíos e, segundo dona Constanza, sería "muy ruin paga después deste servicio" [5]. Endemáis, non era posto que lle acaíse a un home de trintesete anos que podía servir en cárregos máis aitivos. Non sospeitaban a muller nin o irmán que o correximento estaba no ar. Coidaba aquéla que, no tempo que lle faltaba nel, podía "ir echando los ojos a otras cosas, no os ahoguéis en poca agua" [6]. Gondomar levaba vinte meses no oficio e daquela os correximentos duraban, polo xeral, cinco ou seis anos. Dona Constanza tiña, en principio, razón. E don García, alén de lle decir que o de Facenda non era axeitado pra el e que si o collía ía perder moita reputación i estimanza, recomendáballe que se viñera ó seu posto, anque corría por aló que llo daban a outro, e que éste andaba xa a se informar do que valía: "pero yo me río mucho de todo esto, pues cuando v. m. no tuviera los amigos que tiene ni fuera quien es, bastaba estar sirviendo para que, sin habelle mejorado en una muy grande cosa, no se tratara de esto" [7]. Fíate de Deus e non corras, comentaría Gondomar.

Non ben dóu rematado o choio de Vigo e retornóu a Valladolid (16.8.604), fixérono, coma pidira, conselleiro de Facenda "en plaza de supernumerario" o 13.9.604 [8]. E dalí a pouco era nomeado correxidor de Valladolid o fillo de Lerma [9]. Nembargantes, Gondomar siguéu funxindo de correxidor. O 7 de abril do ano seguinte naz o príncipe Felipe e Gondomar terá de orgaizar boa parte das festas que se celebraron co gallo suceso. Antramedias destas festas, que foron de moito aparato e lucimento, Gondomar, con sospeitosa socateza, cesa no correximento o 8.5.605 [10]. Que non deixaba de boa gana aquel posto dánolo a enxergar a frase do seu grande amigo D. Rodrigo Calderón de que "harto más debía sentir Valladolid que le dejase tal corregidor y no tal corregidor a tal ciudad" [11].

Alén da consellería de Facenda recibéu o cárrego de alférez maior de Valladolid [12]. Nada é todo. A consellería non lle daba moito que facer nin tampouco moito proveito: cousa de 1.500 ducados ó ano [13]. O outro ren. En 1606 a corte múdase de novo a Madrid. Don Diego vai canda ela, como compría, pero deixa a familia en Valladolid. Aluga unha casa na rúa de Atocha e continúa a súa agarda.

Don Diego era home dilixente, ordeado, amigo de facer as cousas ben e de "vivir con cuenta y razón" [14]. En todo aparez esa arela cá-

---

[5] Ca de D.ª Constanza, Valladolid, 20.3.604, BN 8968.
[6] Ca de D.ª Constanza, Valladolid, sin data, cicáis de 5.604, BN 8968.
[7] Ca de D. García Sarmiento, Valladolid, 6.3.604, BN 8968.
[8] C 47; SC 20; BN 18430-2.
[9] SC 19; BN 18430-2.
[10] SC 19; BN 18430-2.
[11] SC 19.
[12] C 49.
[13] BN 18429 s. f.
[14] Ca de D. Diego a Pedro García Dovalle, Londres, 6.9.613, BN 18419 s. f.

xeque perfeccionista, nas instruccións que dá prá súa bibrioteca, prás obras nas casas, prás súas hortas, prás súas contas, no xeito como levaba a correspondencia. I endemáis tiña vocación de home púbrico, temperamento político, cobiza de endereitar as cousas do común. Ollaba, non sin mágoa, as fallas, o desorde, a incuria e a iniquidade daquela administración e quixera axudar a mellorala e remediar as súas lacerias. Na consellería de Facenda deprendéu moito, de seguro, tocantes á administración da monarquía española pois era un dos sectores que máis escanzarillados andaban.

Por se sentir capaz pra elo, degaraba intervir na gobernación do estado a outo nivel. Mais pra ter posibildá de atinguilo había entrar no xogo dos pretendientes. Naquela España devota e corrupta, finchada e miserabre, non había práiticamente máis forma de ingreso ós postos da administración que o favoritismo, o que chamaban, con verba siñificativa, "acomodo", e hoxe máis ben chamaríamos "enchufe". En degráus diversos, España xa non se vería máis libre deste mal, un dos graves traumas da súa vida púbrica que recrudesce comprensibremente nos tempos de autocracia. Lerma levara o sistema do favoritismo ata os máis estremos lindeiros.

Gondomar, Lerma e Calderón

Lerma non ten a grandeza, por veces tráxica, doutros gobernantes omnipotentes. Era home mediocre e, por tal, desconfiaba dos esgrevios. A cobiza e o nepotismo foron as súas permañentes motivacións. De feito entramos eran aspectos dun mesmo anceio: a hexemonía persoal e a do seu fato, do seu clan. Pandeaba á paz por comodidade e por seguridade. Nela era máis doado acadar os seus fitos concretos e persoás e manter o acadado. "Quien posee no pleitee y quien está de ganancia no baraje" [15], decía. Conductor da máis poderosa monarquía da Cristiandá, carecía dunha conceición política axeitada a ese poderío. Era solerte e falangueiro. Con arte típicamente caciquil daba a entender ós "pretendientes" que en máis nada pensaba que en acomodalos e sempre saían contentes das entrevistas. Endexamáis negaba cousa ningunha: eso encomendáballo ós seus privados, como Calderón, desviando asín sobre a cabeza deles a xenreira dos supricantes. Diste xeito fomentaba o conceito común —que os dictadores soen aproveitar— de que o malo non era el senón os que o arrodeiaban [16].

Os cárregos eran prós amigos, e os de máis prestixio, infruxo e proveito prós do círculo máis achegado e seguro. Non valían méritos senón o "compadrazgo" inda que as dúas cousas non sempre se escruiran necesariamente (Lemos, Osuna). Porén, casos houbo en que deu postos importantes de fora a homes de gran valencia que non lle eran moi afeizoados. Esta é tamén táctica política que inda se sigue practicando nalgures como forma de desterro distinguido [17].

---

[15] Baltasar Gracián: *El criticón*, Crisi VIII.
[16] PB 59 s; Matías de Nóvoa: *Memorias*, CDH, t. 61, p. 101.
[17] PB 54,113.

Pois mesmo sendo moi vaidoso e falagándolle os eloxios, tiña senso dabondo pra decelar a superioridá nos outros e desconfiar dela. Hai que facerlle a xusticia de que recoñecéu a superioridade de Gondomar, cousa que, polo demáis, debía sere ben notoria asegún moitos testemuñan.

Non pertescía D. Diego ó círculo estreito de Lerma pois en tal caso nono houbese tido agardando oito anos pra lle dar algo de importancia. Mantiña aquél, en troques, boa e vella amistade co privado de Lerma, Calderón. Gabábanse entramos de seren veciños de Valladolid, ún na Casa do Sol, outro na das Aldabas, patróns ún de San Benito el Viejo, outro do convento de Portaceli. Nas noites do inverno xogaban á malilla na Casa das Aldabas [18]. Xa no ano 1600 decíalle D. Rodrigo a Gondomar, nunha carta, que era o maior servidor de cantos el tiña [19] e D. Diego correspondíalle con asegurarlle de que, fora de ter nado, non lle debía tanto ós seus pais como a el e que ben sentía valer tan pouco pra dar proba dese recoñecemento [20]. I en 1604, como xa vimos, amostraba Calderón que non aprobaba o que tivesen botado ó seu amigo do correximento de Valladolid. Semella que, no tocantes a Gondomar, tiveran trocado os roles usadeiros Lerma e o seu favorito. Este quer axudalo e Lerma ponlle a proa. Calderón chegóu a prometerlle en 1605 o posto que Gondomar pedira na Xunta de Portugal, mais a final non se lle déu [21].

As regras do xogo

Anque mal a gusto, D. Diego entrara no xogo dos "pretendientes" e aceptara as súas regras. Esas regras eran as que se derivaban da condición de supricante. Os "pretendientes en corte" de postos importantes enteiraban a tona da España mendicante cuio sector máis baixo estaba formado polos da "sopa boba". E as regras eran, en sustancia, as mesmas: louvamiña estremada, rogo teimoso i esaxeración das propias mágoas e necesidás.

Gondomar afaga con verbas que hoxe nos semellan pouco dinas e mesmo servís, pero que hai que apor, en parte, ó enribirichamento barroco. A cortesía barroca, no rebaixamento de quen fala i eisaltación da persoa a quen se dirixe, ten certo aquel de oriental, de chino, por eixempro. Mais así e todo, coido que Gondomar pasa a veces a raia, en sumisión, homillación e solerma. Craro que el mesmo dixo —falando doutra cousa— que "quien no pasa la raya no cumple con su obligación" [22]. Metido no baile, había que facelo a xeito. En terra de lobos oubear coma todos e mesmo mellor que todos. O fin xustifica os meios. Principiaba a esperimentar no propio pelexo o principio da razón de estado.

Tocantes á regra do pidir, pidéu tamén moito, prós amigos e pra sí, pouco —feito curioso— prós fillos. Non é certo o que dixera nun-

---

18 SC 28.
19 SC 15.
20 SC 15.
21 SC 21.
22 Carta a Andrés de Prada, G 53.

ha carta, cicáis a Calderón, de que "quien dijere que yo he sabido negociar nunca cosa que me toque, está mal informado" [23]. O que pasaba era que pedía cousas de pouca valencia, polo xeral. Xa llo decía, en 1603, a súa dona, dende Valladolid, cando el andaba atafegado co choio dos navíos portuxeses: "Los hombres honrados, aunque es bien que sean de buen contento y que no sean codizosos ni molestos de contentar, no han de ser de tan buen contento como vos, siquiera por no haber de pedir siempre, que esto trae el pedir poco, que se pide a menudo" [24]. Cousa esta —o pedir pouco— que el tamén indireitamente recoñece cando, falando das condicións dos galegos, na súa célebre carta a Prada —na que en boa parte se autorretrata, querendo ou sin querer, coma xa entrevira Sánchez Cantón— sinala "su mucha modestia y encogimiento en el pretender, tan anejo y propio al valor y bondad" [25]. E o mesmo convencimento xurde da súa reación cando pidéu, e non lle deron, o correximento de Madrid, coma logo veremos. En canto ós fillos, sentía certo remorso, recén chegado a Londres na primeira embaixada, de non telos deixado acomodados denantes de sair [26]; e cinco anos despóis decíalle a Ciriza que endexamáis pidéu nada pra eles, e servían de soldados dende os quince anos, un, García, en Italia, e outro, Antonio, en Frandes, tendo chegado a capitáns polas súas obras, "sin intercesión ni carta mía, habiendo de servir con una pica y cuatro ducados de paga ordinaria" [27].

Durante moitos anos o froito foi minguado. O Duque non lle quería dar nada. Unha das veces que lle pidéu, díxolle Gondomar algo que, en apariencia gabancioso, levaba cicáis unha encuberta —e humorística— crítica do favoritismo; pois escribíalle que "ser todo hechura de V. Exa. y de su casa" era "título que puede vencer y satisfacer a cualquiera otro que tenga esta pretensión" [28]. Hai que pór esto en relación co que dirá anos despóis verbo da concesión en España de prebendas e cárregos a incapaces, por favoritismo [29].

Pidéu, como xa vimos, entrar na Xunta de Portugal e, apesares da promesa de Calderón, non o acadóu; Sánchez Cantón sospeita que a Lerma non lle conviña nela a quen sabía esmasiado encol das cousas de Portugal [30]. Romores de nomeamento non fallan. En marzal do 1606 corréu que ía a Sevilla de asistente [31] e alguén mesmo chegóu a creer que xa era cousa feita [32]. Tamén se dixo ó ano seguinte que fora desiñado correxidor de Madrid [33]. Mais nada deso era certo. Danlle, en troques, a encomenda de Monroyo, da orde de Calatrava, á que pertescía, en 1608, e un ano despóis o cárrego de Notario Maior do reino de Toledo, que só representaban axudas económicas sin

[23] SC 22.
[24] Ca de D.ª Constanza, 20.3.604, BN 8968 s. f.
[25] G 49.
[26] Ca a Ciriza, 17.3.14, BP II/63, fol. 106 v.
[27] DIE II, 166.
[28] SC 20.
[29] DIE II, 139, 145. Véx. máis abaixo.
[30] SC 21.
[31] SC 21.
[32] Ca de Fr. Prudencio de Sandoval, S. Isidro de Dueñas, 30.3.606, SC 77.
[33] C 57.

función activa. O segundo era un pequeno acomodo que non lle rendía máis de cinco mil maravedís ó ano, unha miseria, pois tiña que partir o salario a meias co sustituto [34]. A encomenda de Monroyo era xa cousa de máis proveito. Polo que Gondomar dixera nunha carta a Lerma, foi éste quen lle dóu a encomenda [35], que xa pidira en 1602 [36]. Pero Troncoso de Ulloa, criado de D. Diego, lembraralle que lla debía a Uceda [37]: pode que o fillo lla pidise ó pai.

Na aludida carta a Lerma decíalle que a encomenda era moi boa e o será, mais que nos dous derradeiros anos non lle valera cáxeque nada. A carta é do 1612 e, polo tanto, hase referir ós anos 1610 e 1611. Ora, segundo as contas da encomenda dos anos 1613 a 1616 [38], as rendas dela non andaban tan mal e non puido habere tan grande cambio daqueles anos a éstes. En 1613-1616 a encomenda déu preto de 109 mil reás, que fan máis da 36.300 reás por ano. Cando D. Diego, en 1604, dende Galicia, xestionaba a consellería de Facenda e a muller testeleáballe que o non fixese, que lle non conviña, purrábao, en troques, a que pedise a encomenda, e a calcar nelo con toda a forza, por ser cousa de máis comenencia [39].

Laiábase, pois, eiquí Gondomar sin razón. Mais era o que compría como regra do xogo dos "pretendientes". Había que chorar e esaxerar as coitas e a necesidá. Unhas veces dirá que ten menos facenda que a que herdóu dos seus pais, que en vintecinco anos que leva servindo ó rei non lle deron un maravedí de axuda de costa e que gastóu do seu sin doo nas cousas que lle encarregaron [40]. Outras non dirá tanto, senón somente que fai "desde luego donación a S. M. de toda la hacienda que yo dejare a mis hijos más de la que heredé de mis padres" [41]. Se cadra tentaba sinalar o contraste cos paniaguados de Lerma que acrecentaron desaforadamente os seus bens. Ese ton queixumento ha de o manter nos anos a seguir. É un motivo recurrente na súa correspondencia. A irregularidade dos pagos do goberno, cando xa estaba na embaixada, esprican a súa teima, polo medo de non poder comprir cas obrigacións da súa misión por falta de cartos. Pero tamén se laia da súa situación persoal e familiar mesmo cando xa non está en Londres, pintando as cousas mouras pra amolecer ós que teñen as chaves do diñeiro. Unha vez escríbelle a Ciriza: "No quiero melancolizar a v. m. con decille cual estoy y cuales quedarán mi mujer y mi hijo si hoy me muero" [42]. Outra, xa en Madrid, a Uceda, "que debe máis de 30 mil ducados "y no tengo y aún pan que comer ni hallo quien me lo preste" [43]. I estando

---

[34] Ca de Dovalle a Gondomar, Madrid, 17.10.616, BN 18419 s. f.
[35] SC 22.
[36] BN 18430-2 (estraito de A-73 da Acad. de la Historia).
[37] Ca Madrid, 22.4.621, BN 18425 s. f.
[38] BN 18429 s. f.
[39] Ca de D.ª Constanza, Valladolid, s. d. (cicáis 5.604), BN 8968 s. f.
[40] SC 22.
[41] Ca a D. Pedro de Toledo, Londres, 26.11.13, BP II/63, fol. 34. Véx. tamén DIE II, 132 (Ca a Uceda) e T p. 109.
[42] DIE I, 195.
[43] DIE I, 151.

tamén en Madrid, cando se pensaba en mandalo de novo a Inglaterra como embaixador estraordinario, pide que se lle dean os mesmos emolumentos que tiña o marqués de Mirabel, embaixador en Francia, "porque qué hemos de comer mi mujer y yo si vuelvo vivo" [44]. Era, xa que logo, vergoñento que todo un embaixador do grande Imperio español tivera que se espresar, e oficialmente, neses termos, que un home da categoría moral e inteleitual de Gondomar debese pidinchar e choromicar dese xeito. Mais atal eran as regras do xogo, do "pretendiente" e tamén do funcionario.

O AFAGO A LERMA

Que o afago ó valido era simpre táitica pra se axudar nas súas pretensións demóstrao a punxente crítica que fixo, en varias ocasións, á política interna i esterior de España da que Lerma era principal fautor e responsabre. En 1614 decíalle que sentía unha grande seguridade pra acertar na política cara a Inglaterra "saber que en manos de V. Exa. no se quiebra nada, antes se mejora todo" [45]; e pouco despóis escribíalle: "Señor, yo no soy lisonjero ni lo permiten mis lechuguillas, pero por la atención con que veo que V. Exa. vive del servicio de Dios y del rey... y del bien de España, cuando no conociera a V. Exa. dijera y digo que so pena de ser traidores al rey... debemos suplicar a Dios que guarde al Duque de Lerma muchos años, así sea, Amén" [46]. Pero en 1616, nas instruccións que déu ó seu confesor Fr. Diego de la Fuente [47] cando foi a España pra informar e, sobor de todo, máis adiante, na carta do xoves santo de 1619 [48], fai un análisis cru e verdadeiro da conducción dos negocios púbricos que pode sintetizarse na súa frase de que "esta monarquía se va acabando por la posta". Cando mandóu o segundo documento —o máis compreto e forte— xa non estaba Lerma no poder. Nada o coutaba pra decir o que sentía.

Nos longos anos de "esperanzas cortesanas" tivo que baixar a cabeza e aceptar o corrupto sistema do favoritismo de Lerma. Caído éste, desfogaría a contida carraxe en impracabres dicterios escontra daquel inicuo e funesto xeito de proveer os cárregos púbricos e decidir os negocios. Será a súa desforra. Atópase esa aceda censura na mesma carta ó rei do xoves santo de 1619. "No hay en esta corte empresa dificultosa ni demanda exorbitante que se castigue ni aún repruebe, antes es ordinario dar una misma respuesta y semblante a lo justo y a lo injusto... de que nace el haber tantos perdidos, ociosos y vagamundos y no tener la virtud y méritos la preeminencia y estimación que les toca...". Di que o tempo que se debía adicar ó comenente ó rei e ó común embarázase no que é danoso e particular, i eso é asín porque os ministros do rei afixéronse a coidar de non

[44] DIE II, 233.
[45] DIE IV, 197.
[46] DIE IV, 231.
[47] G 85 ss. (espec. 92, 97).
[48] DIE II, 146.

ofender "a Pedro ni a Juan" inda que delo se siga grande dano, porque os males do común non teñen voz nin espada. E cita, verbo diso, un caso que vira en Inglaterra. Achegándose ó rei un cabaleiro pra lle falar encol dunha pretensión inxusta, respondéulle aquel "con gran cólera" que era merecente de que o mandase aforcar por un pe, pois facíalle perdelo tempo con disparates e o creto ó seu gobierno e xusticia. I engade Gondomar que aquel feito foi moi louvado na corte de Londres, pois obrigóu a que todos reparasen no que cada ún pedía e pretendía [49].

A DOBRE PERSOALIDÁ DE GONDOMAR

Don Diego vivéu toda a súa vida desdobrado, como esfendellado. Endexamáis acouga, semella que decote estivera fuxindo. Arela sempre o que non ten, un saudoso. Non ben chega a Londres, xa fala de voltar e pide ós seus amigos preparar o retorno [50]; as peticións de licencia son constantes, teimosas, na súa correspondencia. Algún tempo soñóu con retirarse a Gondomar [51] e, máis tarde, a San Benito el Viejo, onda os libros e papés que con tanto traballo axuntara [52]. Acarón do home activo, do grande administrador, do diplomático xenial que enxergaba con crara e estesa ollada i executaba con miuda habelencia, estaba o intelectual refreusivo e fondo, o sabio que debecía por se arredar do balbordo do mundo pra vivir ca natureza e os libros, seus dous grandes amores. En ocasión do retiro de Lerma lembraralle dous versos da sonada oda de Fray Luis:

...senda por do han ido
los pocos sabios que en el mundo ha habido

nos que comete dous erros, demostrando que citaba de memoria [53].

Por eso fuxe da corte sempre que pode. Dáballe noxo aquel contino langrear e louvamiñar. Túrralle, sobre todo, Valladolid na que pasa tempadas ou fai algunha pousa cando vai de viaxe a outros sitios. Ó traveso dunha carta da súa filla Constanza ollámolo paseiar soio demoradamente antre os albres benqueridos da súa "ribera" cun libro na man [54]. En 1607 vai a Burgos por custións do Consello de Facenda e de paso visita, en Saldañuela, á súa filla Constanza, casada facía pouco [55]. Despois irá a Galicia a orgaizar a defensa contra os piratas holandeses [56]. A comenzos do ano seguinte está de volta en Madrid. En 1609 fixo outra visita de poucas semáns a Valladolid. Arranxada a boda do seu fillo maior, Lope, saíron os dous pra Córdoba no outono de 1610, deixando á nai en Madrid. Gondomar

---

[49] DIE II, 138 s.
[50] Véx. máis adiante, "A aititude de Gondomar".
[51] "La cosa del mundo que más deseo", 11.610, BP II/38 s. f.
[52] Ca de Londres, 16.2.21, BN 18430-1; Ca a Dovalle, Londres, 6.9.613, BN 18419 s. f.
[53] DIE II, 110.
[54] Ca 10.1.20, BP II/75 s. f.
[55] C 57.
[56] SC 20; C 58.

estivo aló quince días porque co gallo do casorio houbo xogos de cañas e outros divertimentos [57]: un parente que vivía en Granada escribíalle, con verbas galegas, que quixera estar alá pra "ir a matar des cabalos nesas festas" [58]. A casa da noiva debía estar unha miga fora da cidá [59] e dona Constanza decíalle que, de seguro, tiña pasado "algunos ratos de gusto en el campo pues sois tan aficionado a él que eso basta para alentaros de otros cansancios" [60]. Don Diego voltóu só deixando ó fillo entre catro mulleres andaluzas —dona Aldonza, dona Francisca, dona Luisa, dona Marina—, que eran quen a atordoar a calquera que tivese máis rexo do que o coitado de Lope.

Antre as ausencias. fólgase Gondomar cos amigos que ten na corte, a quenes sirve a miudo en xestións e negocios. Pois era home sabido e de consello e axudador de condición. Tomaba a peito as causas dos amigos [61] e fácilmente se deixaba vencer dos seus pregos [62], e por eso, e polo seu engado persoal, tíñaos moitos e bos. "Dé gracias a Dios —decíalle o seu leial Dovalle— por las mercedes que le hace en darle tantos amigos... que si hubiese algún enemigo como no lo hay, hubiera para cada uno un millón de amigos" [63]. Dovalle era esmasiado optimista. Tamén tiña nemigos, anque non descubertos, algún ben poderoso. A eses compría apor as "malas intenciones" de que o mesmo Dovalle fala noutra carta [64].

Axuntaba sobor de todo un pequeno fato co que se vía máis a miudo en razón dunha meirande coincidencia de ideias, caraute e aficións. Antre eles estaba D. Alonso de Velasco que o precedéu na embaixada de Londres. Tiñan as súas xuntanzas nun recuncho que Velasco chamaba "el corredorcillo de la jaula", cicáis da casa de Gondomar na rúa de Atocha. Debía ser, de certo, unha regalía, ouvir a D. Diego, gran causeur, culto e humorista, cos seus contos e agu-

---

[57] Ca de D.ª Constanza, Madrid, 26.10.10, BP II/37 s. f.

[58] Ca de Antonio de Castro e Andrade, 19.10.610, BP II/38 s. f.

[59] Nunha carta chea de gracia e tenrura de D.ª Constanza, dende Madrid, na que conta a don Diego cómo seguía ela ca maxinación as incidencias da boda, dille: "...y echaba mis cuentas: ahora partirán para Córdoba, ahora irán a velarse"; do 26.10.610, BP II/37 s. f.

[60] BP II/37 s. f.

[61] Don Alonso de Velasco escribíalle dende Londres que non quería darlle conta das malas novas pra non "añadir cuidado a quien tan bien sabe cargarse de todos los de sus amigos" (Ca 14.6.610, BP II/38 s. f.). Nunha carta do 18.1.612, dende Valladolid, decía Gondomar a un amigo, cicáis Calderón, que "en las causas de mis amigos, la buena voluntad y el buen corazón me han hecho acertar en muchas cosas y ansí, aunque tenga menos hacienda que heredé de mis padres, tengo esta otra por muy grande hacienda" (SC 22. BP II/37 s. f.).

[62] "No me dejara vencer (aunque lo hago fácilmente por mis amigos)". Ca a Lerma 2.2.606, G 138.

[63] Ca de Madrid, 10.11.613, BN 18419 s. f. "Dios, sus amigos y ser V. S.ª quien es, le han de poner en el puesto que todos desean", Ca de Dovalle, Madrid 10.7.613, BN 18419 s. f. Xa anos atráis, escribíalle o irmán García, de Valladolid a Galicia, que "cuando v. m. no tuviera los amigos que tiene ni fuera quien es" (Ca 6.3.604, BN 8968 s. f.) ; e polo mesmo tempo, a súa dona: "Muchos amigos tenéis y cierto que debéis mucho a algunas personas" (Ca 23.12.603, BN 8968 s. f.).

[64] Ca 10.7.613, BN 18419 s. f.

dezas e aquela gracia que engaiolaría ó rei Xacobe. "¡Quién pudiera estar un par de horas en el corredorcillo de la jaula con v. m., que lo demás no es vivir!", escribíalle dende Londres Velasco; i engadía que tiña a espranza de se ver un día a carón de el con vagar, coma denantes [65]. Outro amigo diralle que cando está na corte "se pasa muy bien la vida" [66]. Velasco dá, endemáis, a enxergar que Gondomar exercía unha especie de maxisterio, pois dille que se crióu baixo da súa discipriña e que desexa parecer en algo que é da escola de D. Diego Sarmiento [67]. Cicáis entrara tamén neste grupo o embaixador de Inglaterra en Madrid, John Digby, chegado en xullo do 1611, pois poucos anos despóis, lembráballe Gondomar dende Londres que cando se vían xuntos esquecíanse dos oficios e parescíanlles curtas as horas, "a mí por lo menos" [68].

O correximento de Madrid

A comenzos de 1612 atopábase de novo en Valladolid onde levaba xa unha longa tempada. A muller e os amigos láianse de tan demorada ausencia. Doña Constanza dille que habería que facelo vir pola xusticia, pois que non quer vir polas boas [69]; e o mesmo lle escriben un amigo e unha prima [70]. Certo que nalgúns casos eran demandas intresadas pois o que querían era que lles botase unha man nos seus negocios. Atal era tamén o caso do seu grande amigo o conde de Salinas, que andaba metido nun preito pró que precisaba a axuda e consello de D. Diego: "V. m. deja a los amigos cuando andan con las tripas en las manos y cuando más han menester su saber; más él es tal y tan grande que aunque le echen menos los vivos, honra vivos y muertos" [71]. Esa frase ("con las tripas en las manos") ha de a repetir moitas vegadas Gondomar nas súas cartas pra espresar prásticamente que calisquera fosen as mágoas e doenzas tiña de seguir adiante arreo e sin desalento.

El mesmo recoñecía que se tiña demorado máis da conta en Valladolid, "más de lo que pensé", decíalle a D. Rodrigo Calderón [72]. Pero dá coma disculpa que endexamáis estivera aquel lugar "tan bueno y tan vividero como ahora": se cadra porque xa non se achaba alí a corte. O concello da vila, recoñecido ós servicios que outrora lle prestara Gondomar, fíxolle entón mercede de un "regimiento añadido". de rexidor perpetuo. O rei tiña que confirmala e aquél escribe a Calderón e a Lerma pra que dean o seu apoio: "para que su casa de V. Exa. tenga aquí un escudero más, regidor", dille

---

[65] Ca París 11.3.610 e Ca Amberes 11.4.610, BP II/38 s. f.
[66] Ca de Alonso de Castro Macedo, Madrid, 26.10.610, BP II/38 s. f.
[67] Ca Londres 10.8.610, Ca Amberes 11.4.610, BP II/38 s. f.
[68] Ca 6.9.13, BP II/63, fol. 4 v.
[69] Ca dende Madrid, xaneiro (?) 1612, BP II/37 s. f.
[70] Ca de Miguel Ossorio, Madrid 4.1.612, id. de Juana Vázquez de Acuña, Madrid 14.1.12, entre outras, BP II/37 s. f.
[71] Carta de García Jove de la Vega. Madrid 8.2.612; id. do conde de Salinas, 21.1.612, BP II/37 s. f.
[72] Ca Valladolid, 7.1.12, BP II/37 s. f.

ó Duque[73]. Pois ben, naqueles días de socego e arredamento, cicáis nalgún solitario paseio pola súa "ribera", resolvéuse a pedir ó valido o correximento de Madrid.

O 7 de xaneiro de 1612 mándalle a Lerma unha carta moi habelenciosamente composta, perfecta carta de "pretendiente" que sabe decir o que compre con sinxeleza, sin estremar as verbas, pra dar sensación de sinceridade e facer xurdir un crima de confianza. Coma de sólito, afaga, láiase e pide, mais todo en tono menor. Comenza contándolle novas de Valladolid e logo di: "De mi quiero también dar cuenta a V. Exa. sin pensar que le puedo embarazar pues habiendo representado a V. Exa. mis duelos, tendré siempre por lo mejor lo que V. Exa. ordenare y dispusiese de mi". Láiase de que ten a facenda moi crebada, que nos vintecinco anos que leva servindo ó rei endexamáis tivo un maravedí de axuda de costa e que a encomenda de Monroyo non lle dera ren nos dous anos derradeiros pola espulsión dos mouriscos (cousa non certa, coma denantes vimos). Engade que decote percuróu lucir no que se lle encarregaba sin reparar no que lle podía custar —alusión ó correximento de Valladolid— e que pensa que o que mellor estaría "por ahora" sería que lle fixera mercede do correximento de Madrid, "pues sirviendo a los ojos de S. M. y de V. Exa. espero merecer mayores mercedes y lo que vale este oficio será ayuda de pasar". E remata esta parte da carta: "Con V. Exa. he de hablar como debo, con esta llaneza y franqueza, pues yo y mis hijos, vivos y muertos, hemos de ser hechura de V. Exa."[74].

Malia a habelencia con que está feita, en xeral, esta carta, Gondomar cometéu nela un grande erro: dar a entender que o correximento de Madrid ofresceríalle ocasión de demostrar a súa valencia e merecer maiores mercedes. ¿Non se decatara Gondomar da verdaeira causa pola que perdera o correximento de Valladolid? Custa traballo crelo en home tan sotil e de tan bon cheiro. Lerma —xa o dixemos— non aturaba onda el quen lle puidera facer sombra. ¿A qué podía aspirar D. Diego após do correximento de Madrid? Máis que nada á presidencia de Castela. De feito correrían romores verbo delo naquel mesmo ano de 1612[75] e tamén máis adiante[76]. Pero a presidencia de Castela era cárrego de grande poder e infruxo, en principio xefe da xusticia e da administración do reino máis importante da monarquía, con autoridade sobor de tódalas autoridades civís cuio nomeamento correspondíalle en moitos casos. E inda que as súas atribucións ficaron, de feito, amingoadas dende que houbo validos, era, así e todo, posto de moito rango. Lerma non podía arriscar que un home intelixente, brilante, honesto e capaz como Gondomar chegara a ocupar atal posto. Malia as protestas de ser seu servo e feitura, esconfiaba de el. Si desbotóu a súa petición prá Xunta

[73] Ca Valladolid, 7.1.612 a Lerma; id. id. a Calderón, BP II/37 s. f.
[74] Ca 7.1.612, BP III/37 s. f.
[75] Ca de Diego de la Quadra, Valladolid, 5.12.612; id. de don Juan de Aguado, Valladolid, 8.6.612; BP II/37 s. f.
[76] Ca de Diego de Santana, Valladolid, 5.10.622, BN 18423, fol. 53.

de Portugal [77], moito máis habería de oporse á súa entrada no Consello Real de Castela prá que era camiño a xeito o correximento de Madrid.

Non lle duróu moito a ilusión a D. Diego, si algunha se fixo —e semella que sí—. A carta a Lerma é do 7 de xaneiro e xa o 18 escribía a un amigo, cuio nome non aparez no escrito que se garda —posibremente a Calderón— dando a enxergar que xa sabía que o posto estaba dado a outro. Cicáis tivera esta información por algún seu confidente que se atopara preto do Duque. Pois sempre termóu moito de estar ben informado, escelente preparación, xa que logo. prá posterior laboura na embaixada. Un destes confidentes ou axentes seus era un tal García Jove de la Vega, mestresala e cabaleirizo do marqués del Valle, presidente de Castela, a quen, como tal, correspondía legalmente o nomeamento de correxidor de Madrid. Vega escribe dende Madrid ó 8.2.12 a Gondomar —que inda seguía en Valladolid— unha longa epístola [78] na que, antre outras cousas, trata do choio do correximento. Cóntalle que seis días antes falara longo encol de Gondomar co marqués, quen lle dixera estar moi sentido que eso do correximento non se rematase xa, e que se lle tiña oposto un embarazo por meio que, si non, xa estivera fora. Vega di que lle contestóu que ben enxergaba que a non estar S. Ilma. (sin dúbida Lerma) de por meio, xa o negocio estivera rematado. E o marqués respostoulle: "García, sabe Dios lo que he trabajado y trabajo y lo que ha habido", dándolle boas espranzas. Dalí a poucos días —sigue dicindo Vega— volvéronse a ver e a falar de Gondomar. "Hablamos harto de v. m., que cierto le debe más que a su padre, y a que no se llevan el contrapunto [Lerma e o marqués del Valle] le echó a perder". O marqués dixo logo a Vega que lle lembrase o de D. Diego prá consulta que ía ter co rei o día 7, cousa que Vega fixo, i engade que puido ver as minutas e apuntamentos que o marqués levaba "y la segunda que era el corregimiento de Madrid y D. Diego Sarmiento". Díxolle endemáis o Marqués que todo "lo traía en buen punto y que le había hablado a S. M. y otras cosas más". E Vega concrui que "según va esto, está con grandes deseos y ansias de dejar a v. m. bien puesto".

Semella, pois craro, que o Presidente de Castela, máisima autoridá legal nestes nomeamentos, estaba resolto a facer a Gondomar correxidor de Madrid e que xa lle tiña falado ó rei verbo diso e mesmo preparara a minuta prá consulta. Mais pesia tódalas espranzas e seguridades, non se lle déu o cárrego por terse nelo interposto o único que podía facelo, o omnipotente privado. Non, principalmente, porque Valle i el non se levasen o contrapunto, sinón porque o Duque non quería ver a Gondomar polo camiño dos postos do go-

[77] SC 21.

[78] BP II/37 s. f. Anos despóis, en 1619, Gondomar escribirá a Ciriza, segredario do rei, recomendando a Vega pra levar un regalo que se mandaba o rei de Inglaterra (DIE II, 148 e 203, onde se transcribe, trabucadamente ó meu ver, o seu nome, unha vez García Lobe de la Vega e outra Garcil Asso de la Vega).

berno: o mesmo motivo que o empurrara a quitarlle o correximento de Valladolid. O curioso do caso é que D. Diego xa sabía que o choio estaba perdido cando o marqués ía levar a proposta ó rei. A carta de aquél —que supoñemos dirixida a Calderón— na que asín o dá a entender é do 18 de xaneiro, e o Presidente de Castela ía levar o nomeamento á firma do rei o 7 de febreiro.

Esta vez Gondomar estralóu. Era de adoito, ben se sabe, home paciente e pouco cobizoso. Sempre pidía menos do que merescía. Xa llo dixera, como vimos, anos atráis a muller. Mais agora sinteuse ferido. E xurdéu nel a "ira de los mansos" de que fala Unamuno (por certo, referíndose tamén a galegos) [79]. Non pidira unha cousa do outro mundo. O posto de correxidor de Madrid non era máis que o de Valladolid corte, que con tanto suceso e louvanzas exercera en anos pasados; non era cárrego que enchese os seus anceios nin que estivese á outura dos seus merescimentos. E nin eso lle daban. Certo que xa sabemos por qué: era unha porta que había que pechar. E o mesmo Gondomar, imprudentemente, dixera a Lerma que como porta de maiores mercedes demandaba o posto. D. Diego desafoga a súa carraxe na carta xa aludida. Poucas veces aparez tan alritado e cheo de despeito na súa correspondencia. Era un axe que a súa dinidade non podía aturar doadamente. A carta está escrita en Valladolid ó 18 de xaneiro e pode que á final non a mandara poilo documento que ficóu nos seus arquivos non é unha copia senón o orixinal —tamén puido haber un segundo orixinal e quedar o primeiro como copia— ca firma de D. Diego e un engadido da súa man na que prega ó destinatario que rache a carta despóis de lida [80].

Xa denantes fixemos referencia a algúns aspeitos desta intresante misiva. Comenza por decrarar que non é certo que el soupese nunca negociar cousa que lle toque e que, pra el, todo o fai á lei vella, inda que nas causas dos amigos a boa vontade e o bon corazón fixéronlle acertar a miudo. Esto é certo. Mailo que non o é, é decir que non pidéu nin quixo o correximento de Madrid, pois ben crara está a súa petición na carta a Lerma arquivada a carón. Esta piadosa mentira é sinal da carraxe que sentía, pois Gondomar era, en esencia, home de ben e de verdade. Neso insistirá sempre e a eso ha deber non poucos dos seus trunfos dipromáticos. Eiquí, nembargantes, semella perder o circio acostumado e, avergoñado do axe recibido, nega o evidente. E logo, ó seu xeito galego que o faría famoso en Inglaterra —o "vello Esopo Gondomar" [81]—, esprica cun conto o seu estado de ánimo e a súa reaición. "Me sucede en esto lo que al que teniendo un caballo de estima, sus parientes y amigos se lo hacen poner en precio mucho menor en lo quel le estimaba, y ya puesta la cosa en este estado, pésale de que no le invían por él o de que le

---

[79] Miguel de Unamuno: *Por tierras de Portugal y España*, Buenos Aires, 1944, p. 33 s.

[80] BP II/37 s. f.

[81] Ben Johnson, asegún A. R. Pastor: *Un embajador español en la escena inglesa*, en *Homenaje a Menéndez Pidal*, 1925, tomo III, p. 241, cit. en SC 32.

compren a otro; pero el remedio es tornarse al mesmo estado de antes y hacer que le tornen a poner la manta nueva y que le peinen la clin y jura que, aunque le rueguen. no lo daría ya por ningún precio". Falároulle —di— dese oficio e convencérono comenencias e por algúns días tivéralle apracido que mandasen polo cabalo e que se pubricara; mais visto que non se fixo, tornarase a estimar no que val e coidar que pode ser bo pra se meter na casa, no seu rincuncho, ou pra cousa en que poida servir ó rei máis que en oficio de correxidor. Outra vez o posibre, arelado retiro, a Gondomar ou á Casa do Sol, refuxio garimoso e rousado prás mágoas e os desengados da vida, antre os libros, os albres e as "sabandijas" —coellos, corzos, perdices, pombas.

A embaixada de Londres

Pouco despóis de recibir a carta de Vega, volta a Madrid, ó 20 de febreiro do 1612 [82]. Rendíase, por fin, ás teimosas demandas da muller e dos amigos. Lerma non tardóu, de certo, en saber por Calderón ou por algún dos seus soplóns, do alritamento de D. Diego. Pode que non o esperase. Tíñao por home paciente, respeitoso, pacífico e bo de conformar. Asín fora sempre. A reaición de agora sorprendeulle, de seguro. E, xa que logo, non quixera ferilo nin telo por nemigo. Era Gondomar home intelixente, moi estimado, cunha chea de amigos e gran prestixio intelectual e moral. I endemáis, déralle amostras de veneración e afago. O Duque, solerte, botaría entón man dunha das súas tácticas preferidas. Mandaríao ó estranxeiro.

Xa denantes fixemos aceno a esta táctica. Non aturaba ó seu carón homes de forte persoalidade, intelixencia esgrevia i esculcadora ollada, que puideran facer resaltar, por comparanza, a propia míngoa. Tanto tiña que foran parentes e amigos coma que non. A diferencia era que ós parentes e feituras dáballelos postos de proveito, principalmente virreinados e gobernos, pra que se enriquentaran, e ós outros, sobor de todo, embaixadas lonxanas onde os soldos e gaxes, tarde e mal pagados, non chegaban prós gastos e había que consumir da propia facenda [83]. A consecuencia de todo esto foi desguarnecer de grandes figuras a capital e situar nas terras recuadas e no estranxeiro ós homes de máis valencia. Diste xeito aquela espargallada estroitura política que era o imperio dos Austrias españoles a comenzos do século XVII amostra un fadal desequilibre: pulo i esprito arriscado na periferia e preguiza, dubitación e rutina no centro. A ausencia ou demora de direitrices obrigaba ós virreis, gobernadores i embaixadores a actuar ás veces por conta propia [84]. Mais

[82] Ca de Lope, fillo de Gondomar, Córdoba, 28.2.612, BP II/37 s. f.

[83] "Usó el Duque de particular arte en los oficios que proveía porque con unos premiaba y con otros castigaba; y así a algunos grandes con quien estaba encontrado los proveyó en empleos de embajadas distantes donde era preciso destruyesen y aniquilasen sus casas; pero a sus consuegros, partes y amigos los acomodó en encomiendas, presidencias y virreinados para que las adelantasen". *Adiciones a la historia de Malvezzi*, en Juan Yáñez: *Memorias para la historia de don Felipe III*, Madrid, 1723, p. 145.

[84] PB 113 s.

esa actividade periférica, en parte autónoma, mantén o prestixio da monarquía por algún tempo. No tocantes á dipromacia, tivo daquela España o mellor equipo de dipromáticos de Europa e de toda a súa historia [85], deles, en postos de primeiro rango. tres galegos dun total de oito [86].

Decidéu, pois, Lerma mandar a Gondomar a un posto honrado fóra de España, a un desterro lucido. Non era a primeira vez que se lle ofrescía un cárrego fora da península. Xa en 1601 propuxéranlle o goberno das Filipinas[87] que ilustrara antano D. Pedro de Acuña, tío de dona Constanza [88]. Mais non o aceptóu. Dixo que o rei atoparía moitos que foran alá con gusto e que a él non lle aquecería tampouco ser virrei de México ou Perú. Non porque non tivese degaro de cruzar mares "desmintiendo sangre y raza", como di Sánchez Cantón, senón porque o que el arelaba, e arelará sempre, era intervir no goberno central da monarquía.

O valido atopóu pra Gondomar un lugar a xeito pró que se propuña, a embaixada de Londres. Levaba nela dous anos D. Alonso de Velasco, grande amigo de D. Diego coma xa dixemos. Don Alonso pidía agora que o sacasen de alí por andar mal de saúde. Era home de ben, circio no comprimento do deber e con certa gracia no escribir, mais de non moita solercia nin habelencia nunha corte en que era mester sentir nacer a herba pra non cair en trapelas. Chegara aló a meiados de 1610 despóis dun viaxe cheo, asegún decía a Gondomar, de máis dificultades e traballos que a xornada de Godofredo de Bouillon a Xerusalem [89]. Levara canda el unha irmá e unha sobriña, ás que deixara en Amberes pra se repor dos medos e fadigas do viaxe, seguindo el a Londres porque dalá dábanlle presa [90]. Durante o viaxe escribéu varias cartas ó seu amigo, dende París e Amberes. Nelas, e nas que logo lle mandará dende Londres, reverque a estimanza e amor que lle tiña.

Don Alonso xa estivera denantes en Inglaterra no cortexo do condestable de Castela D. Juan Fernández de Velasco, duque de Frías, cando éste fora a negociar as paces en 1604. Voltaba seis anos despóis pra sustituir a D. Pedro de Zúñiga, marqués de Flores Dávila, home desapacibre e fachendeiro e que tanto botóu por ela ante Velasco, falándolle dos propios méritos, que o novo embaixador fi-

---

[85] "No group of resident ambassadors within the whole period of this study were such virtuosos of diplomacy or moved on the board of European politics with such formidable, independent life as those who served Spain in the second half of the reign of Philip III". Garrett Mattingly: *Renaissance Diplomacy*, Londres, 1965, p. 243.

[86] Eran eles, como xa sinalara Villa-Urrutia (*La embajada del Conde de Gondomar a Inglaterra en* 1613, Madrid, 1913, p. 36 nota), don Baltasar de Zúñiga, embaixador en Alemaña, don Francisco de Castro, conde de Castro e duque de Taurisano, embaixador en Roma, e Gondomar, en Londres

[87] SC 16.

[88] Encol da aituación de don Pedro de Acuña nas Filipinas, véxase Matías de Nóvoa: *Memorias*, CDH, tomo 60, p. 310 ss.

[89] Ca de París, 11.3.610, BP II/38 s. f.

[90] Ca de Amberes, 2.4.610; id. de Londres, 14.6.610; BP II/38 s. f.

cóu abraiado. "Es un buen caballero", decía D. Alonso, "mas no se pudo librar de una plaga... que les parece que no lucen sus cargos si no es quedando muy atrás los sucesores en ellos" [91]. Mailo certo é que consiguéu meterlle o medo no corpo ó coitado de Velasco. I este entróu na embaixada cheo de dúbidas e cautelas, temendo esbarar ou dar un traspé. En tal situación acodirá a Gondomar, o vello e leial amigo, pra que se informara polo duque do Infantado, como máis confidente seu antre os conselleiros de Estado, "en que altura voy, que cierto lo que me falta de suficiencia podría enmendar el desvelo". Decíalle que, no tocantes a información, arranxárase pra furar máis no cerne das materias porque atopara o camiño certo pra sabelas, deica entón non descuberto, "pero dudo si en el saber disponerlas voy con el tino que allí desearan" [92].

Aquel D. Pedro de Zúñiga, que tanta fachenda amosaba e tanta presa tiña pra voltar a España, contribuira en non pequena parte, nos catro anos que aló estivera, a empezoñar i enguedellar as relacións con Inglaterra, normalizadas cas paces. O que podía facer agora Velasco non era moito. Non tiña esperencia nin sabencia dabondo nin tampouco intuición e senso pra endereitar unha situación desarranxada e torta. Velasco non era un dipromático nato e, como se sabe, non hai máis dipromáticos que os natos. O dipromático, coma o poeta, "nascitur". Mais Flores Dávila era o antidipromático. E porén, ós dous anos de sair de Londres, volvérono a mandar aló como embaixador estraordinario pra informar á corte inglesa dos casamentos hispano-franceses. Semella que tivese vara alta co privado. E ca nova misión confirmaría a súa ben merecida sona de maldicinte. Enchería de axes e aldraxes ó probe de D. Alonso i espallaría na corte e polos mintideiros de Madrid as máis noxentas historias encol da familia reial inglesa. Diría que a reíña "era puta y el rey bujarrón". E o malo foi que un cabaleiro escocés que visitóu Madrid ouvéu eses contos e levóunos de volta, pra grande contentamento dos nemigos da amistade con España, que non eran poucos [93].

Gondomar erguérase indinado e alporizado contra estas falcatruadas. Defenderá ó seu amigo Velasco, verbo de quen ouvira favorabres comentarios na corte de Londres que confirmaban o que lle dixera en Madrid Digby, o embaixador de Inglaterra [94]. Se Velasco non foi quen a endereitar o estado en que se atopaban daquela as relacións hispano-inglesas era porque as rescibira xa tan empodrecidas que somentes un home de xenio dipromático coma D. Diego podería, máis adiante, sandalas. E tocantes ás inxurias de Flores Dávila contra os reis británicos —de quenes fora moi agasallado— Gondomar deitóu acedas condenacións. Coidaría coma o seu grande colega francés, dous séculos despóis, cando a morte do duque de Enghien, que aquelo, máis do que un crime, era unha estupideza.

---

[91] Ca de Londres, 10.8.610, BP II/38 s. f.
[92] Id.
[93] Ca de Gondomar a don Juan Hurtado de Mendoza, segredario do rei, Londres 28.1.614, BP II/63, fol. 68 ss.
[94] Ca a Digby 6.9.13, BP II/63, fol. 4 v.

Espallar esas andrómenas, cando a situación era tensa e o sector anti-español arrechaba, so podía ser cousa dun tolo: deses tolos, non raros en España, que pola mor de rexoubar ou de contar un chiste ferinte riscan botalo todo a perder. Atal era o estado en que —por esto e por outras cousas— se achaban as relacións antre ingleses i españoles en 1612 que cando Gondomar alá chegaría ó ano seguinte pra se facer cárrego da embaixada, "saliéndome a recibir D. Alonso de Velasco y el embajador de Flandes y contándome las descomodidades y trabajos de este puesto, me consolaron con decir que era imposible que pasasen seis meses sin romperse la guerra con España" [95]. O mesmo lle dixera en Madrid, denantes de sair, o Presidente de Castela, marqués del Valle [96].

O QUE LERMA SE PROPUÑA

Este era, pois, o touro que Lerma tiña disposto pra Gondomar. Don Alonso pidía a licencia con teima. A situación ía alí a pior e non era Velasco quen puídera arranxala. Gondomar, intelixente e sotil, era o home indicado. O renarte veu eiquí craro. I endemáis, i encol de todo, botaríao da corte. Mataría dous paxaros dun tiro. Ou cicáis —coma veremos— tres. Si D. Diego melloraba as relacións con Inglaterra, eso sairía gañando a monarquía. Si non, o prestixio de Gondomar afundiríase, gañancia tamén. Non hai dúbida que o valido mandóu a Gondomar a Londres asenllando librarse dun eventual perigo prá súa privanza. A eso aludía Dovalle, axente de D. Diego, en Madrid, cando lle escribía a Baiona, no intre de aquel ir embarcar, que chegaría a ter o posto que todos desexaban, "a pesar de las malas intenciones" [97]. Maila proba definitiva atópase en tres cartas do bispo de Monopoli, dominico, dende San Pablo de Valladolid, ó seu irmán en relixión Fr. Diego de la Fuente, confesor de Gondomar [98]. Na primeira, do 24.9.13 —non facía dous meses que estaban en Londres— recolle a opinión que corría de que o rei fixera un grande errro en ter desviado de sí a persoa do embaixador, anque vista agora a axuda que dá ós católicos de Inglaterra coida que esa resolución foi do ceo, que sabe endereitar moitas cousas do seu servicio valéndose dos malos pensamentos dos homes. Noutra carta, de 1615, insiste en que o mandar aló a Gondomar foi cousa da Providencia pra favorecer ós católicos ingleses, i engade: "Pudo bien ser que a la provisión dese cargo hubiesen ayudado no poco medios humanos encaminados a echar de la corte a quien a su parecer pudiese estorbar sus pretensiones, pero es Dios el que de casos tan errados y de tan ruines intenciones sabe y quiere sacar tan gran fruto". E na terceira, de data anterior á derradeira (6.8.14) di que Deus "tomó por instrumento la invidia de los que no quieren al lado de los reyes hombres de tan honradas resoluciones" e que ésas foron "las preten-

[95] G 111.
[96] Ca de Gondomar, Londres, 6.10.13, BP II/63, fol. 10 s.
[97] Ca 17.7.613, BN 18419 s. f.
[98] BN 18420, folios 51, 55, 57.

siones de los que le procuraron ese oficio". Soio Lerma podía impidir que Gondomar se achegase ó rei e procurarlle o oficio de embaixador, como llo procurou.

Aínda temos outra proba indirecta da envexa e da xenreira acochadas e solertes do favorito cara Gondomar. Nas *Memorias* de Matías de Nóvoa, fervenza apoloxética de Lerma e máis dos seus —incruso, e mesmo principalmente, de D. Rodrigo Calderón— non se di ren da sonada laboura dipromática do noso D. Diego, tan louvada entón e despóis por propios e alleos, e que o grande ministro puidera levar, en certo xeito, como trunfo ó seu rego. Nóvoa somentes fala de el pra criticar o seu suposto esceso de celo tocantes ó casamento do Príncipe de Gales ca Infanta María. Di que vendo o rei que Gondomar apretaba no negocio, tíñalle xa tanto medo coma ó diaño. Nunha conversa que tiveron ó voltar o dipromático da primeira embaixada, tomóu éste, segundo Nóvoa, un aquel de alteirosa sabidencia, espondo "en larga y prolija arenga" as razóns que aconsellaban o casamento, "de que estaba satisfecho que entendía muy bien". E Nóvoa releva con malina compracencia o axe que o rei lle fixo na ocasión ó lle decir que si non traguía outras razóns que o obrigaran, cas de estado non se servía a Deus, que é o que importa. Don Diego axionllóuse no chan, o rei volveulle as costas e rematóu a audencia. I engade Nóvoa que Gondomar "se quedó admirado". Non era pra menos [99].

En troques, non recolle o cronista outra conversa que D. Diego tivera con Felipe III, máis ou menos por aqueles días, si é que non foi na mesma ocasión. Lémbralla a Gondomar, xa en Londres de novo na segunda embaixada, seu fidel servidor Francisco Troncoso de Ulloa, dende Madrid, polo Nadal do 1620. "Díjome V.ª S.ª cuando veníamos del Pardo, que S. M. había porfiado mucho que V.ª S.ª le contase más cosas de Inglaterra y como la comida estaba en la mesa, V.ª S.ª le dijo: 'Señor, vendré otro día, la comida está en la mesa'; y el Rey que replicó: 'Decid más'; y V.ª S.ª que le dijo: 'Señor, digo que deseo ver a V. Majestad, rey" [100]. Que era puxar a aquel mingoado pusilánime, coraxudamente, a que rematase cos validos.

Noutro lugar das *Memorias*, tocantes xa ós tempos de Felipe IV, di Nóvoa que se escoitaba entón con máis gosto a Gondomar encol do choio do casamento —indirecta censura polo seu mal xuicio sobor do goberno do Conde-Duque— "el cual decía, muy preciado de estadista, que era la reducción de las provincias rebeldes, confusión y ruina de sus confederados, desahogo de esta monarquía" [101]. Esa frase "muy preciado de estadista", e a mala baba que deita, é a crave da xenreira de Lerma e da que lle amostra, como refrexo de satélite, o "largo y prolijo" Nóvoa.

---

[99] Matías de Nóvoa: *Memorias*, CDH, tomo 61, p. 308. Véx. tamén SC 53.

[100] Ca 9.12.620, BN 18425 s. f.

[101] Matías de Nóvoa: *Memorias*, CDH, tomo 61, p. 367. Véx. tamén SC 53.

O Duque, xa que logo, tencionóu de apresentar o nomeamento como unha grande mercede, que, ben mirado e con certas reservas, non deixaba de sere si se iñoraba o propósito. Era a máis difícil de tódalas embaixadas ordinarias polos probremas pendentes, por sere a única en terra de herexes, polos receios que moitos alá sentían cara España, pouso dos tempos de Elisabeth, e polo caraute viradoiro e solerte da corte inglesa. E a maior responsabilidá e dificultá, xa se sabe, maior mérito no trunfo. Pra adoviar máis a cousa, o privado —seguramentes foi argallada súa— fixo por camiños desviados que Gondomar tivera un rival pró posto, un D. Lorenzo de Mendoza. Tomóuno éste tan en serio que tornaría a pidir o mesmo cárrego despóis da primeira embaixada de D. Diego e tamén despóis da segunda: admirabre eixempro de teimosía e motivo dabondo pra ser descalificado, asegún Vera [102]. Cando en 1619 andaba o galego metido naquela contradanza de si iría como embaixador a París ou a Alemaña ou outravolta a Inglaterra, como estraordinario, D. Lorenzo pidíalle que apoiase a súa pretensión de que o nomeasen embaixador residente en Londres [103]. E pra aguilloalo a ese apoio, un primo do "pretendiente" lembráballe que se trataba dun ex-rival vencido, cousa de que el podía testemuñar. Pois estando no Escorial, polo tempo en que deron a Gondomar a primeira embaixada, certa noite chamárao o duque de Lerma a un camarín en que tiña a mesa cos seus papés, pra decirlle que fora nomeado embaixador en Inglaterra D. Diego Sarmiento e que estaba delo moi contente, "si bien no podía dejar de aguársele no habiendo sido posible acudir por aquella vez a D. Lorenzo de Mendoza a medida de la honra y buen puesto en que el Consejo de Estado le había enviado con la consulta, y que en S. M. había conocido gusto de hacerle merced, pero que no había podido ser por cumplir con V. S.ª". O raposeiro de Lerma sabía, de certo, que esto chegaría a ouvidos de D. Diego e vendíalle eisí o favor [104].

A ATITUDE DE GONDOMAR

Gondomar non pidéu a embaixada de Inglaterra. Non hai chisco de i n d i c i o de que o fixera e, pola contra, hai boas razóns pra coidar outra cousa. Ateríase asín á regra recollida por Vera [105] de que o posto de embaixador non se debe solicitar e quen o fixer non é merecente de el, pois son tantas as condicións que demanda que sería insólita vaidade e iñorancia pretender telas todas. Tralo fracaso do correximento de Madrid, non semella tampouco que se riscara a sofrir tan axiña outra ferida no amor propio. Lerma ofresceulle a embaixada sin que el a pidise. I el redúxose a aceptala, con pouco entusiasmo pois non era o que querría. "Nunca me pasó por la imaginación que este puesto fuese sabroso y acomodado ni yo le

---

[102] Juan Antonio de Vera y Zúñiga: *El enbaxador*, Sevilla, 1620, I, fol. 121.
[103] Ca 22.3.619, BP II/29, fol. 224.
[104] Ca do conde los Arcos, dende o Pardo, 24.1.619, BP II/29, fol. 19.
[105] Vera, o. c., I, fol. 121.

escogí por tal" [106]. Debéu ter as súas dúbidas sobor de si lle conviña ou non. Dábase conta, de seguro, do que o valido tencionaba, mais tamén coidaría que podía demostrar alá a súa valencia pra máis merecer. Alén diso folgaba de ollar algo do estranxeiro e coñecer o xeito dos ingleses, cousa sempre atractiva pra un home curioso coma el [107]. Houbo amigos que interviñeron pra convencelo. Anos adiante, o marqués de Cerralbo, gobernador e capitán xeneral de Galicia, escribíalle dende a Cruña aledándose do ben que levaba os negocios do rei en Inglaterra, como español, servidor e amigo seu e por "haber sido tanta parte para mover la inclinación de V. S.ª a la ocupación en que está" [108]. E a outro amigo, paisano e benquerido, Andrés de Prada, decíalle: "Meu señor, Deus nos valla... no me olvide, pues me aconsejó que fuera embajador y no asistente". Finalmente, D. Iñigo de Cárdenas, embaixador en París, escribíalle, ó tempo do nomeamento, que non tivera madrugado a lle dar a embora ata saber "que estómago le hacía" [109].

Escomasí, resolto a aceptar o que lle ofrescían, decrarou que o tomaba de boa gana anque coma servicio ó rei e non por comenencia e comodidá súa. Inda que por dentro tivese as súas reservas e se decatara do fondo do choio, por fora tiña que amostrar compracencia i esprito de servicio. Era a boa táitica. Dille asín a Lerma que foi aló "cierto con mucho gusto" [110]. Cousa semellante lle escribe a Osuna, virrei de Sicilia, que era do fato de Lerma: "Holgué mucho de ello, porque aunque el puesto no es sabroso... en el servicio de Dios y del rey lo más penoso es lo mejor y aun en el servicio de los amigos y en tiempo me vi yo que entendiera también esto en servicio de las damas" [111]. E tamén se espresa en termos parecidos con Chavarría, veedor do reino de Sicilia [112], e Ciriza, segredario do rei [113], xente toda que puidera, direita ou indireitamente, informar ó valido. Cárdenas, o que demorara en felicitalo por non saber "que estómago le hacía", engadía: "Quedo muy contento que hable V. S.ª en esto con muy gentil semblante y puesto ya en la carrera, no hay sino pasar" [114].

Cando saéu pra Inglaterra, Gondomar levaba en mentes normalizar as relacións antre os dous estados —ben deterioradas, ata o punto de que, coma xa vimos, coidábase que habería guerra denantes de seis meses— e tornar de contado, cun éisito rápido, cun bon golpe de efeito, un "blitzkrieg" dipromático, que logo cotizaría en Madrid. Quería voltar a tempo, "volver al puerto antes que haya anocheci-

---

106 Ca a Ciriza, Londres, 5.9.613, en G 55. Véx. tamén a carta a Lerma en DIE III, 93. Antre estas cartas hai difrencias que poden seren sinificativas.
107 G 55.
108 Ca 7.11.620, BN 18426 s. f.
109 Ca de París, 28.9.612, BP II/37 s. f.
110 DIE III, 93.
111 Ca 5.9.613, BP II/63, fol. 20 v.
112 Ca 7.10.613, BP II/63, fol. 21 v.
113 Ca 17.3.614, BP II/63, fol. 107.
114 Ca París 28.9.613, BP II/37.

do"[115], denantes que fose tarde pra atinguir o que arelaba. Por eso, ós dous meses xa escomenzaría a cantar victoria. Ó marqués del Valle comunícalle que, coma lle el dixera, atopóu as cousas mal entre España e Inglaterra, mais que hoxe o doente inda sigue vivo e que James I vai mandar un presente ó rei Felipe; "¿En tiempo de qué embajador se ha hecho, ni que pésame o pláceme de este rey ha entrado hasta ahora por las puertas de España?"[116]. Catro meses despóis de chegar a Londres anunciáballe ó bispo de Valladolid, Vegil de Quiñones, que "nada está hoy en peor estado que yo le hallé"[117]. E ó rematar o prazo do pronóstico funesto decíalle a Ciriza: "En este estado hallé al enfermo y son hoy pasados seis meses y vive"[118].

Ó mesmo tempo, asenllará arranxar as cousas pra voltar axiña. O 6.10.13 di ó marqués del Valle[119] que só desexaba irse daló, e quince días despóis ó duque do Infantado: "No ando bueno... y si no pareciéseme melancolía suplicaría a v. m. que comenzase a pensar con que título podremos dejar presto esto, con honra"[120]. E aínda non levaba tres meses na misión! A comenzos do ano seguinte insistía co mesmo Infantado, que era conselleiro de Estado, en que o sacase dalí, que xa se folgara farto[121]. E a mesma cousa lle decía a Osuna dando coma razón do seu desexo que as augas de Madrid eran mellores que as da Gran Bretaña[122]. Son moitos os amigos a quenes espresa o seu degaro de marcharse ou a quenes pide —pola mor do seu infruxo— que o saquen de Londres. I eso que aínda non sentía con forza as cangas da súa doenza. En novembro de 1613 escribía a D. Rodrigo Calderón[123] que tivera razón Velasco cando quería salir dalí e que esperaba que lle seguiría facendo mercede, é decir que axudaría a procurarlle o retorno. E a Prada, con quen tiña moita confianza, o 27.1.14: "Salir de aquí presto confieso a v. m. que lo deseo por muchas razones pero no me atrevo a hablar en ello más que yendo así cortesmente disponiendo la materia"[124].

A volta, naturalmente, dependía de Lerma i entón percura amolentalo, acrescendo a louvamiña. Sabía ser este o talón de Aquiles do favorito e dende Londres podíao falagar de moi singular xeito, facéndolle crer que era considerado coma home estraordinario non somente en España mais tamén no estranxeiro. Afago que a vaidade patolóxica de Lerma non tiña cicáis gostado dabondo. Unha vez diralle[125] que, estando nunha pelexa de galos ca reiña de Inglaterra, ésta falóulle de el coma puidera facelo a condesa de Lemos (que era irmá

---

115 Ca a Andrés de Prada, Londres, 27.1.615, en G 40. Cáxeque o mesmo di a don Juan Hurtado de Mendoza en carta de Londres, 28.1.614, BP II/63, fol. 68 s.
116 Ca 6.10.613, BP II/63, fol. 10 s.
117 Ca 29.1.614, BP II/63, fol. 78.
118 Ca 17.3.614, BP II/63, fol. 106 v.
119 Ca 6.10.613, BP II/63, fol. 10 s.
120 Ca 27.10.613, BP II/63, fol. 18 v.
121 Ca 28.1.614, BP II/63, fol. 68 ss.
122 Ca 5.9.613, BP II/63, fol. 20 v.
123 Ca 16.11.13, BP II/63, fol. 30 v.
124 G 40.
125 DIE IV, 124.

do Duque). Outra vez contaralle que na corte inglesa chaman a Sommerset, favorito de James I, "o noso duque de Lerma" e que a el aprácelle ouvilo [126]; e que nunha ocasión preguntóulle o rei moi particularmente por el "haciendo grandísima estimación de su persona" [127]. Facía esta paraxismada Gondomar non só direitamente mais tamén en forma indireita, ó traveso de servidores e íntimos de Lerma, como o seu segredario Mateo Hurtado a quen informa que é en Inglaterra pregoeiro das partes e virtudes do Duque, que non falla máis que deso, e que en conciencia asín o pensa, e que elo mellor se ve fora e a mercede que Deus ten feito á Cristiandade de que un home coma el estea a carón do rei de España [128].

"ASOLAR SU HACIENDA"

Xa dixemos denantes que, segundo as *Adiciones* á Historia de Malvezzi, o Duque mandóu a algúns cos que estaba "encontrado" a embaixadas lonxás onde era mester que estroísen i esborrallasen as súas casas. Pode que tamén se propuxera este fito ó mandar a Londres a Gondomar. Polo pronto sabemos que aquela misión era a que a máis gastos obrigaba. Nada se facía alí de balde, sinalaba D. Diego, nin xiquera os bicamáns nin as reverencias [129]. E o mesmo asegura Vera, quen engade que pola mor deso non estaban os embaixadores en Inglaterra máis de tres anos [130]. Ora Gondomar levóu cinco arreo na primeira embaixada. Xa denantes, nos tempos de Elisabeth, Quadra morena aló en tal miseria, apouvigado de débedas, que os acreedores teimaban tomar en prenda o cadavre [131]. E a comenzos do século XVI, D. Rodrigo de Puebla ficóu tan arroiñado que tivo que botar man de meios pouco dinos pra outer diñeiro e somente a gracia do rei libróuno de ir á cadea [132].

Si o soldo do embaixador era, en tempos de Gondomar, moito maior que o de antano, tamén os gastos tiñan medrado grandemente. Porque cando foron alá, en 1603, pró das paces, D. Juan de Tassis e o condestable D. Juan Fernández de Velasco, guindaron cartos a moreas, rumbosos e chufóns, e puxeron a embaixada a tal outor —dirá Gondomar—, que sería mester ter a facenda que Tassis tiña pró que se fai [133]. "Noticia tengo de los trabajos de aquella embajada y de los gastos a que obliga", escribiralle o conde de Lemos dende Nápoles [134]. O devanceiro inmediato D. Alonso de Velasco, cando dalá saléu, despóis de dous anos no posto, estaba afundido en débedas deica os ollos. Pedíalle a Gondomar que o tirase do maior apreto de toda a

---

126 DIE IV, 118.
127 DIE IV, 199.
128 Ca 28.1.614, BP II/63, fol. 73.
129 Ca a Ciriza, 5.9.613, en G 80.
130 Vera: *El enbaxador*, II, fol. 98 v.
131 Manuel Fernández Álvarez: *Tres embajadores de Felipe II en Inglaterra*, Madrid, 1951, p. 126, 131.
132 Garrett Mattingly: *Renaissance Diplomacy*, Londres, 1965, p. 224.
133 Ca a Ciriza, 17.3.614, BP II/63, fol. 106 v. Ca a don Pedro de Toledo, 26.11.613, BP II/63, fol. 34.
134 Ca 2.11.612, BP II/37 s. f.

súa vida, conseguindo do rei, pois tiña "maña para sacarlo de donde más reservado estuviese", que o socorrese cunha boa axuda de costa e coeso e os corridos dun xuro e o que puidera sacar empeñando a súa facenda e a dos fillos, termaría arranxar as cousas de xeito que ninguén ficase con queixa de el [135]. O conto é que debía vinte mil ducados e pra pagar vendéu a súa prata e menaxes, empeñóuse en Amberes en máis de seis mil ducados e recibéu outros oito mil de Gondomar dos doce mil que a éste lle deran en Madrid. "No lo hubiera hecho a no verle tan apretado y ser imposible que saliese de aquí sin esto", decíalle D. Diego a Ciriza [136].

Non hai dúbida que Gondomar xa sabía denantes de sair que a de Londres era embaixada de moito gasto. Amigo de informarse por miudo e nada improvisador, quixo coñecer a situación. Don Alonso de Velasco xa lle dixera que non saíse de Madrid con menos de 50 mil ducados [137] e o conde de Lemos tamén o previñera, coma vimos, sobor dos gastos a que obrigaba [138]. Por eso advirtéuno ben na corte e a todos o dixo, entre outros a Ciriza, segredario de Estado do rei e do Consello de Estado, quen lle respostóu, porén, que non se detivese por nada e que en canto saíra de España todo se faría despóis moi ben [139]. Polo posto que tiña, Ciriza debía coñecer dabondo os retardos, retaceos e dificultades con que se pagaban os gastos e soldos dos embaixadores. E pode que as seguridades que daba a Gondomar fosen por orde do Duque, pra que non se desazoara. O conde de Lemos, na carta xa citada, decíalle que "S. M. no es nada corto en remunerar servicios" [140]. E hai que recoñecer que, en teoría, o soldo anual de seis mil escudos de ouro (de 13 reás menos 2 maravedís) [141], o mesmo que tivera seu devandeiro D. Alonso, era o normal naquel tempo. Mais eso, e o que se daba pra gastos da embaixada, non abondaban. O embaixador tiña que encher as fendedelas co seu propio diñeiro. E si asín tampouco chegaba, debía tomalo a creto.

O malo era que nin tansiquera esas cantidades se cobraban a xeito. E ún ten a impresión que as demoras e irregularidades foron meirandes con Gondomar. O seu axente en Madrid pra estes choios, o contador Pedro García Dovalle, tiña que andar aguilloando arreo ó Presidente de Facenda, pra que ordeara os pagos. E todo eran demoras e pretestos. O Duque mandaba billetes e máis billetes ó Presidente de Facenda pra que pagara, i éste facíase o xordo [142] Puide-

---

135 Ca Londres, 4.10.612, BP II/37 s. f.

136 Ca 5.9.613, en G 79.

137 Id., id.

138 Ca de Nápoles, 2.11.612, BP II/37 s. f.

139 Ca 5.9.613 en G 80.

140 Ca de Nápoles, 2.11.612, BP II/37 s. f.

141 Provisión real do 21.8.612, BP II/78, fol. 1.

142 Véxase, por eixempro, a carta de Dovalle a Gondomar, Madrid, 15.9.616 (BN 18419): "El decreto di al Presidente de Hacienda que diera la letra de los cuarenta mil ducados y cierto, señor, que entiendo que aunque le den cuarenta decretos que no ha de hacer [nada] porque ha perdido ya la vergüenza".

ra haber eiquí un xogo suxo [143]. O propio Gondomar sospeitaba que seguían con el unha política de menos favor. Decíalle a Ciriza que podía estar seguro de que anque os seus devanceiros no posto lle levaseñ a ventaxe de ter sido mellor asistidos, non lla levarán endexamáis en que o brilo e sona da súa persoa e casa esteañ ca decencia e autoridade que compre, e que nesto non habería falla inda que gastara toda a súa facenda e dera ca súa casa e os seus fillos na lama [143] bis.

¿Buscaría, pois, Lerma tamén esto? Pode. E pode que Gondomar o soupese ou sospeitase e dixera eso pra darlle polo pau. Cando aquel golpe leu esas verbas, cicáis encetóu un compracido sorriso solerte. Escomasí, D. Diego, gran señor, había comprir, pola súa propria honra i estimanza, con todo o que a embaixada demandaba. "Lo que menos cuidado me da [es] el asolar mi hacienda tan por la posta como aquí se hace, porque esto se puso desde el principio en gran altura y ostentación y en mí no ha de bajar un dedo, antes subir todo lo que no fuese feo por demasiado" [144]. "Esta embajada se puso aquí desde D. Joan de Tassis en tan gran altura que es menester la hacienda que él tenía para lo que se hace y bajallo no ha de ser en mi tiempo [145]. Pero sin consentir a máis pequena míngoa na dinidade e categoría da embaixada, como mandaba o prestixio do seu rei, ía proceder con "cuenta y razón", ó seu xeito, non atoladamente. Non guindaría o diñeiro, administraríase ben. Na carta citada do conde de Lemos na que lle di que ten noticia dos traballos e gastos da embaixada de Londres, engade: "por eso tiene el embajador que S. M. envía entendimiento y prudencia, con que satisfará a sus obligaciones y lucirá sin asolar su hacienda, aunque no fuera tan grande" [146].

¿Era, en realidá, tan grande? Máis ou menos o que lle di Lemos, decíanllo outros amigos. Podía ser falago, emporiso. O marqués de la Mota, ó agradescerlle dende Valladolid a súa intervención nun negocio que lle valéu verse libre de pagar 64 mil maravedís, comenta que só ós que estaban tan ricos coma el lles parecía de pouca importancia [147]. E D. Diego de Argote padrasto de D.ª Aldonza, a "perla" que casóu con Lope, o fillo maior de Gondomar, escribíalle [148], cando o nomearon asistente de Sevilla, que o soldo do cárrego non contaba pra unha casa tan rica como a súa. Mais Gondomar e os seus son doutra opinión. Dovalle, ó pedirlle instrucciónsdende Madrid verbo das teimosas peticiónsde diñeiro do fillo Lope, escribíalle que "aunque V. S.ª no tiene hacienda como es verdad y se lo he di-

---

143 Decía Dovalle a Gondomar (3.10.616): "El ausente perece y todos los que gobiernan se tienden la pierna". E o 17 do mesmo mes: "El Presidente de Hacienda se está en sus trece y dice no tiene blanca; esperando están la flota para pagar estas cosas...todos dicen que [Gondomar] tiene razón y se encogen de hombros". BN 18419 s. f.

143 bis Ca 5.9.613, G 80.

144 Ca a don Pedro de Toledo, 26.11.613, BP II/63, fol. 34.

145 Ca a Ciriza, 17.3.614, BP II/63, fol. 106.

146 Ca de Nápoles, 2.11.612, BP II/37.

147 Ca 24.11.610, BP II/38.

148 Ca 20.11.612, BP II/37.

cho..." [149]. O propio Gondomar decrara no testamento que a súa facenda era pouca [150], e nunha carta ó duque do Infantado decíalle, en 1619, "que mi hacienda nunca fue mucho y hoy no es nada" [151]. E o seu mordomo dirixíase ás autoridades de Tui, ó ano seguinte, espresando que "el conde mi señor ya vs. ms. saben que no es de los más ricos señores deste reino" [152].

No citado testamento afirma D. Diego que tendo herdado moita facenda libre do pai e da nai e do irmán D. García e do sogro, D. Lope, e do irmán deste D. Pedro de Acuña, e tendo, endemáis, recibido soldos e axudas de costa do rei, gastóu o un e o outro no seu servicio sin chegar a mercar un vasalo nin ter acrescentado un ducado de renda, senón que todo o gastóu i empeñóu a dote de D.ª Constanza e vendeulle tódallas xoias [153]. Cando voltóu da primeira embaixada estaba empeñado en 30 mil ducados, e decíalle a Uceda —coma denantes vimos— que nin pra xantar tiña e non atopaba quen llo prestase [154]. Cicáis enmourecía a pintura pra forzar a axuda de costa que non lle deran pra voltar nin desque estaba en Madrid. Certo é que, non ben chegóu a Londres en 1613, xa andaba ensarillado co prestamista de D. Alonso, "que es, por vida mía, airosa entrada en unos tiempos como los que corren y en una corte como ésta" [155]. O prestamista era o sonado Felipe Burlamaqui, "mal católico" —di de el— mais que fióu a Velasco 24 mil ducados e a quen, ó meio ano de chegar, debía el xa cáseque outros tantos [156].

Non todo o que gastara da súa facenda fora polo servicio do rei, anque esto fose o principal rillador dela. Gondomar pandeaba á grandeza, era "un grand seigneur" como lle decía o seu bibriotecario Estienne Eussen [157]. Quixo que as súas casas de Gondomar e Valladolid fosen verdadeiras residencias principescas e pra elo mercóu terras e fixo obras durante moitos anos. De contino dá instruccións ós seus administradores ou axentes sobor do que se debe facer, os albres que se debían prantar, os animás que aló se debían ter [158]. Algún dos seus criados, como Troncoso de Ulloa, aguilloaba estas aficións que el tamén sentía. Nos eidos de Gondomar había laranxeiras e limas, pombas, perdices, coellos, pavos, máis de dazaséis veados, un deles pintado e dous mouros. Pedíalle Troncoso que lle mandase de Inglaterra ciños, faisáns e perdices pardas e que dése orde de botar embaixo as casas dos caseiros, que eran feias, e facer outras de máis ver, "pues V.ª S.ª gasta y quiere hacer allí cosa lucida", orgaizándoo todo "como cumple a una casa de señor". Cando estiveran rematadas as obras, escribíalle con certa hipérbole, será cousa de rei, "no tiene

149 Ca 24.11.616, BN 18419, s. f.
150 T 105.
151 DIE II, 233.
152 C 187.
153 T 109.
154 Ca 13.4.619, DIE II, 151. Algo semellante di a Ciriza, id. 166, 180.
155 Ca a Ciriza 5.9.613, en G 80.
156 Ca a don Juan Hurtado de Mendoza, 28.1.614, BP II/63, fol. 68 s.
157 Ca Valladolid, 16.1.619, BP II/29, fol. 94.
158 SC 24.27.49. Cartas de Troncoso de Ulloa, Madrid, 29.10.620, e 26.11.21, BN 18425 s. f.

señor en España tal cosa". "Las paredes de la cerca van de manera que dudo yo que haya rey ni monasterio que tal tenga, porque demás de ir fuerte y bien hecha es muy galana y parece de lejos cosa real". E non era ouxeto de menores atencións a casa do Sol de Valladolid, ca súa tribúa, hortas e "ribera" [159] e sobor de todo, a espréndida bibrioteca de 15 mil volumes [160] prá que mandóu arranxar catro salas cuios detalles e adovío especificaba por miudo [161], librería tamén "como de príncipe" asegún decía, de paso pra Holanda, o cabaleiro inglés Jorge Gage, en outubro de 1619 [162].

Todo esto custaba moito diñeiro e non daba maior proveito nin renda, era pra puro lecer e recreación. Por iso D.ª Constanza, con austeridade castelá e senso económico framengo, que lle viñan das súas castes, non acougará en protestar escontra do que xusgaba fantástica tolería, tendo tantas débedas que pagar e tantas obrigas que atender. Xa nas cartas que lle escribira en 1604, cando el estaba en Galicia do choio dos navíos portuxeses, decíalle que debía estarse gastando moito nas obras de Gondomar e que non quixera que "gastáredes en piedras muertas lo que hemos menester las piedras vivas"; e que un home coma el que "se precia de materia de estado, echará de ver que no puede permanecer obras en Valladolid y obras en Galicia". Primeiro —decíalle— había que pagar as débedas, que, si non, ían pasalo mal, alén de que "es muy gran gusto pagar" [163]. E que non mercase terras e guindase o diñeiro en obras, que mercar en Galicia i en Valladolid, e tan diferentes facendas i embarazos, non ha ser de proveito, pois é gastar, pra ter "un ducado de vino y fruto, cuatro en sustentallo". I engadía: "no sé que os decir si estas razones no os vencen" [164].

E non o vencían nin convencían. Polos anos seguintes ha de repetir arreo a mesma cantiga D.ª Constanza. En 1607 escribe dende Madrid ó seu cuñado D. García que se atopaba en Valladolid que si D. Diego ía a Galicia, que lle dixese que non gastara un real en obras, anque foran forzosas, que cando pensa no diñeiro que alí se metera moito lle doía e que se podía facer unha miaxa de escrúpulo gastar en nada que fose de gosto, sinón gardar pra xantar e pagar, cousa ca que D. García estaba de acordo [165]. E cinco anos despóis: "estas cosas que no valen nada son buenas para los que se pagan de tales haciendas, como huertas y casas que no sirven de más que

---

159 SC 49. Cartas de Diego de Santana, Valladolid, 9.1.621, 24.3.621, 4.8.621 (BN 18423, folios 12, 14, 28), etc.

160 Juan Antolínez de Burgos: *Historia de Valladolid*, cap. LVI, cit. en *Rev. de Arch. Bibl. y Mus.*, 1906, p. 65.

161 G 25 ss. Cartas a Santana, Londres 20.5.620, 22.10.620, 24.3.621 (BN 18423, folios 74, 65 e 14).

162 SC 44. Axente enviado polos católicos ingleses —e cicáis tamén por James I— pra xestionar do Papa a dispensa pró casamento do Príncipe de Gales ca Infanta María. Véx. carta de Gondomar a Lerma en DIE II, 216, varias cartas de Gage a Gondomar en BN 18427 e Francisco de Jesús: *El hecho de los tratados del matrimonio pretendido del Príncipe de Gales con... la...Infanta María*, BN 18381, maio 1621 (data en que chegóu a Roma).

163 Ca 10.1.604, BN 8968, s. f.

164 Ca 22.4.604, BN 8968, s. f.

165 SC 27.

de gastar y no rendir" [166]. Mais Gondomar seguirá gastando neso deica o fin dos seus días.

Non é doado calcular as rendas ou ingresos de D. Diego que, polo demáis, variaron no curso dos anos. Alén diso fixo vendas e mercas e troques. Cobraba e pagaba censos, tiña xuros. Os dous maorádegos seique valían uns oito mil ducados de renda ó ano [167]. Dona Constanza tiña en Nápoles unha pensión de mil ducados que lle deixara seu pai, maila súa cobranza non andaba moi a xeito [168]. A encomenda de Monroyo valíalle coma vimos, uns 3.500 ducados e a consellería de Facenda uns 1.500. Os censos a favor i en contra cicáis se compensaran, máis ou menos, e os xuros pode que rendasen 4 ou 5 mil ducados, todo o máis. Coma embaixador tiña un soldo de 6 mil escudos de ouro ó ano. En xunto, pois, e moi á groso modo, os seus ingresos propios, cando era embaixador, podían seren de vintetantos mil ducados ó ano. Si se ten en conta que por aqueles anos as rendas de 180 casas nobiliarias variaban de 10 mil a 150 mil ducados [169] pode afirmarse que a facenda de Gondomar era das pequenas, antre as da nobreza, e que Gondomar e os seus criados tiñan razón no que verbo deso dicían.

O NOMEAMENTO

Don Diego voltóu á corte do seu retiro de Valladolid, coma xa dixemos, o 20 de febreiro de 1612. O 2 de San Xoán, segundo as *Relaciones* de Cabrera de Córdoba, decíase que tencionaban nomealo embaixador en Inglaterra. Antre esas dúas datas debéu, pois, Lerma arranxar o xeito de acalmar ó alritado Gondomar co posto de Londres. A mesma fonte sinala que o 30 tíñase pubricado a provisión [170]. Boa amostra de coma corrían daquela as novas é o feito de que Gregorio de Castro, que lle coidaba a facenda en Galicia, escribíalle dende a vila de Gondomar ó 28.6.12 que o día de Corpus (probabremente a comenzos do mes), dixéralle o abade de Baiona que tiña recibida carta da corte en que lle decían que D. Diego sería embaixador e que tanto el coma D.ª Constanza estaban moi contentes, polo que el entendéu que lle deran o posto "con buenas comodidades". A nova —engade— foise logo espallando pola vía de Salvaterra, e agora é cousa púbrica, e dícese "que invían allá a v. m. para componer el casamiento del rey con la hija del rey de Inglaterra y hacer con él que conceda libertad de conciencias" [171].

---

166 SC 26.

167 C 60.

168 Cartas de D.ª Constanza a Gondomar de 4 e 12.12.603, BN 8968 s. f. Ca do Conde de Lemos a Gondomar, Nápoles 2.11.612, BP II/37, s. f. Ca de F. Sánchez Troncoso a Dovalle, de Nápoles, 1.11.615, BN 18419, s. f.

169 Jaime Vicens Vives: *Historia económica de España*, 3.ª edic., Barcelona, 1964, p. 308.

170 En SC 23.

171 BP II/37 s. f. Este proieito de casar Felipe III viudo con Elisabeth, filla de James I (a que logo casaría co Palatino) foi un dos tantos, algúns desasisados, daquel tempo en que a dipromacia matrimonial era cáxeque un andacio. Mais o romor non era certo. Ese fito non figuraba nas instruccións de Gondomar.

Maila provisión real —malia a afirmación de Cabrera— non foi firmada deica o 21.8.12. Nela Felipe III nomea a D. Diego Sarmiento de Acuña, "por lo bien que me habéis servido en los cargos y cosas que por lo pasado se os han encomendado", embaixador ordinario en Inglaterra, "mientras fuere mi voluntad", tal e coma o fora D. Alonso de Velasco, fixándoselle o mesmo soldo que o deste, 6 mil escudos de ouro ó ano. A provisión vai firmada en Madrid, alén do rei, polo seu segredario Antonio de Aróstegui [172].

O mesmo día déronselle varias cartas de presentación, tamén firmadas polo rei. Na de D. Alonso de Velasco deciaselle a éste ,que "por la mucha instancia que me habéis hecho sobre que se os conceda licencia para venir a esta corte a causa de la falta ordinaria de salud... he tenido por bien dárosla y elegido a D. Diego Sarmiento de Acuña... que ésta os dará", ordeándolle que o presente ós reis e ós ministros e o poña ó corrente dos negocios. Outra das cartas era pró marqués de Flores Dávila, que se atopaba en Londres coma embaixador estraordinario pra dar conta dos casamentos con Francia, a quen tamén lle mandaba que informara a D. Diego dos asuntos en curso. E as restantes ían dirixidas ós primeiros dignatarios do imperio español en Europa (o archiduque Alberto, gobernador de Frandes, os virréis de Nápoles e Sicilia, o gobernador de Milán) e ós embaixadores en Alemaña, Francia, Frandes, Saboia, Venecia, Xénova e Roma. Recibéu endemáis, unha carta prá reiña Ana e as credenciás pra James I.

Mais, de súpeto, troque de escea. Non irá a Londres sinón a Sevilla, como asistente. Nomeamento, instruccións, cartas a uns e outros, prá embaixada, todo traballo perdido. Os motivos do troque non aparescen aínda craros. Di D. Diego que, téndose resolto que o rei fixera unha xornada a Andalucía, quixeron que el fose a Sevilla, nomeándoo asistente e capitán xeneral daquela vila e o seu reino [173]. Gondomar escomenza as xestións e preparativos pró traslado e as felicitacións polo de Inglaterra mestúranse cas polo de Sevilla [174] e cas peticións de empregos e favores que podía outorgar no novo cárrego [175]. E logo todo se vira de novo. Non se fixo o viaxe do rei a Andalucía e ofrescéronse en Inglaterra outras novedades, antre elas a morte do príncipe, "con que se sirvió S. M. que yo viniese aquí" [176]. Levaba o mesmo nomeamento, as mesmas instruccións, as mesmas cartas, vellas xa dun ano. "No será muy fresca", escribía ós outros embaixadores ó lles mandar as cartas que o rei lle dera [177]. E sobor da entrega das credenciás a James I, cousa que tivo logar en Salis-

---

172 BP II/78, fol. 1.

173 Ca a Osuna, 5.9.13, BP II/63, fol. 20 v.; id. a Pedro de Chavarría, 7.10.613, BP II/63, fol. 21 v.

174 SC 24.

175 Cartas de Bernabé de Vivanco, 16.10.12, e Francisco Ruíz de la Escalera, 21.10.12, BP II/37 s. f. Os rexidores de Sevilla pídenlle xa o 20.11.12, que solicite do Consello de Castela licencias pra que eles poidan andar en coches de dous cabalos a pesares da pragmática que non o permitía. BP II/37 s. f.

176 Véx. a carta a Osuna en nota 173.

177 Ca do 24.8.13, BP II/63, fol. 2.

bury o 15.8.13, di D. Diego: "Abrió luego el rey la carta y viendo la fecha que era del mes de agosto del año pasado reyó muy recio (ela mucho" [178]. Non lle faltaba razón. A administración española tiña xa daquela a súa ben gañada sona de desleixada, preguiceira e zoupeira. "Que a morte me chegue de España", decían entón por Europa [179].

Concrusión

A envexa hispánica —faitor de máis infruxo na historia e na vida social do país que a tan pregoada fidalguía— xogóu tamén no caso de Gondomar. Esa envexa que arruiña as empresas dos ilustres, de que fala Menéndez Pidal [180], tronzóu a carreira política de D. Diego. Pois o seu anceio era ser un político, un estadista, non un dipromático. Sentíase chamado a dirixir, a dar ordes, non a executalas. O estadista é coma o compositor de obras musicás e o dipromático coma o executante. E inda que naquel tempo o dipromático tiña máis liberdade de interpretación do que hoxe, había seguir, no principal, as instrucciónns, que eran a súa partitura.

Non é posibre saber o que houbese sido como estadista. Non ten senso, no estudo histórico, a custión do que puido ser e non foi. Ás veces, os gostos e desexos non van parellos cas aptitudes, o que un quixera ser non é decote aquelo pra que máis sirve. Doutra banda o éisito, en política, máis que noutras cousas, non depende somente da valencia do home. A situación, as circunstancias herdadas coutan as mellores intencións e frustran as máis outas capacidades e a vontade máis rexa.

Broqueada a carreira política pola envexa de Lerma, debéu seguir o camiño non degorado da dipromacia. E nel trunfóu deica chegar a ser unha figura esgrevia. Tiña ese aquel misterioso i esencial do dipromático, ese "non sei qué" [181] de que falaba Vera, un senso, unha intuición cáseque musical pra sentir a nota destemprada, dar a que compre en cada intre. Soupo acordar, con habelencia única, a cautela (que el chamaba "recato") e a ousadía ("osar morir da la vida", puxo no seu escudo). Tivo que escomenzar xa en España a facer o seu xogo dipromático. Soupo nadar e manterse na tona a traveso de tres privanzas, falagando a todos, incondicional de ningún, de ninguén nemigo decrarado. Debéu aturar ás vegadas desconsideracións e desvíos, mais non foi levado pola cachoeira que barréu ca xente de Lerma primeiro e de Uceda despóis.

A trapela que co nomeamento de embaixador en Inglaterra probabremente lle puxeron pra que se esnafrara, trocóuna en peana da súa sona. Foi o máis xenial de tódolos dipromáticos españoles, e aínda estranxeiros, do seu tempo, a figura máis brilante da dipromacia es-

---

178 DIE III, 82.
179 Lawrence Stone: *An Elizabethan. Sir Horatio Palavicino*, Oxford. 1956, p. 45.
180 *La España del Cid*. Buenos Aires, 1943, p. 499.
181 *El enbaxador*, I, fol. 14 v.

pañola. Endexamáis pasóu pola corte inglesa un embaixador que tanto infruxo acadara coma Gondomar [182]. E o curioso do caso é que este fidalgo de aldeia, "fidalgo gallego". coma el a sí mesmo se chamaba [183], entróu tarde e sin esprencia na carreira, non amostróu maior intrés por ir a ela, quería deixala xa a pouco de ocupar o seu posto e non estivo moito tempo en funcións, nada máis que sete anos antre as dúas primeiras embaixadas e unha miga no apenas encetado da terceira.

LOIS TOBÍO
Madrid

ABREVIACIÓNS

BN, Biblioteca Nacional, Madrid, manuscritos.

BP, Biblioteca de Palacio, Madrid, manuscritos.

C, Castroviejo, J. M. e col.: *El conde de Gondomar...*, Madrid, 1967.

Ca, Carta.

CDH, *Colección de documentos inéditos para la historia de España*, por el marqués de la Fuensanta del Valle y don José Sancho Rayón.

DIE, *Documentos inéditos para la historia de España... Correspondencia oficial de don Diego Sarmiento de Acuña*, Madrid, 1936-1945, catro tomos.

G, *Don Diego Sarmiento de Acuña... Cinco cartas político-literarias* (pubr. por don Pascual de Gayangos), Buenos Aires, 1943.

PB, Pérez Bustamante, C: *Felipe III, Semblanza de un monarca y perfiles de una privanza*, Madrid, 1950.

SC, Sánchez Cantón, F. J.: *Don Diego Sarmiento de Acuña, conde de Gondomar*. (Discurso de ingreso na Acad. de la Historia en 1935), Madrid, s. d.

T, Testamento de don Diego Sarmiento de Acuña... *Cuadernos de Estudios Gallegos, XXII*, 66, p. 83 ss.

---

[182] "There has probably never been a more able diplomat sent to England, nor a more influential one". Charles Howard Carter: *The Secret Diplomacy of the Habsburgs*, 1598-1625, 1966, p. 120.

[183] Ca a Prada, 27.1.614, en G 39.

LAS RAICES DE GALICIA

Una etnia no es una raza. Y aunque existan razas, el descrédito (merecido por las insensateces nazis y por las posteriores discriminaciones "democráticas") en que ha caído este término nos obliga a esta precisión. No sería necesario empezar por establecer tales distinciones si no fuese por algo más profundo que una simple cuestión de oportunidad semántica.

En efecto, no existe nada que, con un mínimo de rigor, se pueda llamar una raza gallega. Un gallego puede ser rubio por cinco motivos diferentes (sus diversas ancestralidades) y una gallega por seis (los mismos y además que se tiña). Aparte de esto, ni siquiera el pueblo que muchos gallegos consideran como su antepasado más característico, el celta, era racialmente homogéneo. La mejor revista sobre temas célticos, "Ogam", publicó hace años unos artículos muy graciosos en que un médico francés de estirpe celta preguntaba: "¿Las prefiere Vd. rubias o morenas?". Indicando así que entre sus antepasadas celtas las habría de ambos colores.

En cambio, nadie puede negar que existe una etnia gallega. Esto es, un pueblo que reune un conjunto de rasgos comunes (hacia dentro) y diferenciales (hacia fuera). La lengua —e incluso el modo de utilizar su segunda lengua— muchos aspectos afectivos, ciertos matices intelectuales, costumbres y creencias, sobre todo —y esto es lo decisivo— una muy clara conciencia del "nós". Que, en algunos, esta conciencia sea doloridamente avergonzada es cosa que no comprendo, pero es un hecho. En otros, toma un aire más bien excesivamente defensivo, que a veces pasa a la agresión. Por muy incómodo que esto pueda resultarnos a los no gallegos, es preferible, como dignidad humana, a lo anterior. Afortunadamente, la mayor y mejor parte de la gente, tiene esta conciencia, ni avergonzándose ni desafiando sino simplemente: "así es".

Cuando se observa desde fuera, pero —como es mi caso— desde cerca y con afecto, una etnia, se pueden tomar muchas actitudes. Y no me refiero ahora al orden valorativo —no hay grupo que no tenga sus valores— sino a la descripción o, sobre todo, a la tentativa de entender.

Yo soy un redomado intelectual y un historiador. Por tanto quiero entender a esta etnia con la que llevo amistosamente conviviendo hace tantos años y en la que ya antes tenía muchos amigos, y de la que, por lejanamente que sea, viene una parte de la sangre que me es más querida, más aún que la mía. Y como soy

un historiador, no puedo tratar de entenderlo más que de una forma, tratando de verlo nacer, es decir, preguntándome e intentando contestarme esto: ¿cómo se ha formado la etnia gallega?

I

Cuatro líneas fundamentalmente se pueden seguir en una investigación de este tipo. Una es la antropología física, otra es la costumbre actual, por ejemplo, el folklore; otra, la lengua y la última son los fósiles de conducta del pasado, sean ellos arqueológicos o escritos. Tampoco estará de más una inspección, por breve que sea, en la conciencia de las personas de este pueblo han tenido sobre su origen, y ello en dos niveles: el de las minorías más reflexivas y el de las masas. Después de muchos años de observación y de reflexión, creo poder dar algunas indicaciones muy generales que podrían, quizá, servir de punto de partida para una primera aproximación al tema. Como se ve, con los años, me he contagiado de uno de los rasgos más característicos de la etnia gallega, la cautela.

1.º Ciertamente no hay una raza gallega, ni por supuesto ninguna nacionalidad actual es de raza pura. Con razón decía don Alfonso Caso, un mejicano de muchísimo talento, que él había oído muchas tonterías, pero tan grande como llamar Día de la Raza al 12 de Octubre ninguna. Hace algunos años al manifestar mi admiración por Asorey hice constar que me molestaba que le llamasen escultor de la raza. ¿De qué raza? —porque en Galicia hay por lo menos cinco. Claro que más absurdo es todavía llamar poeta de la raza al mestizo Rubén Darío.

A morte de Karl Jaspers non é a desaparición dun filósofo máis menos importante, máis menos famoso ou orixinal. Jaspers, pra o noso tempo, foi unha personalidade ética, unha figura moral. El fuxíu sempre de que se lle considerara un heroi. Pero mantivo unha postura ética exemplar, frente ós seus nemigos, refugando moitas tentadoras ofertas. Como Thomas Mann, como Einstein, e tantos outros sabios alemás, pasóu a pos-guerra lonxe do seu país, e morréu fora del. Deixóu a súa cátedra, eliminado polas súas ideas. Pero non voltóu a desempeñar posto ningún no seu país. Fixo algo similar ó que Erwin Strauss, compañeiro seu de cátedra (iste en Berlín), que tamén salíu, e vivíu en Norteamérica. En 1948, pouco despóis de rematada a guerra, Erwin Strauss recibíu a oferta dunha nova cátedra en Berlín, pero prefiríu seguir nos EE. UU., nunha modesta posición de profesor agregado, a ocupar o seu solemne posto na vella capital xermana. Jaspers, naturalmente, tiña outra consideración pública, perfectamente dacordo co seu rango (profesor Emérito nunha Universidade suiza), pero tamén soubo renunciar ás naturales tentaciós, tan comúns nos alemás, de ir a desempeñar cargos académicos nas grandes universidades, sobre todo despóis de ter sido profesor de psiquiatría e de filosofía en Heidelberg.

Se non trata de discutir agora si ísto está ben ou mal. Diante de todo, é unha postura ética, unha sorte de exemplo ante o mundo, unha forma de mostrar o seu descontento, aínda que queipan —e como non— outras tácticas máis ou menos eficaces pra conseguir o mesmo. Quizáis Jaspers tiña conscencia de que o seu posto na filosofía iba máis polo camiño da ética que da lóxica. Certo da súa gran-

de importancia pra o mundo cultural de hoxe, quixo obrar sempre cun especial acento na materia ética do seu pensar, e por tanto, do seu vivir. Probablemente pensóu que dise xeito, negándose a "perdonar", ou polo menos, a esquecer, facía notar máis a súa postura ética, que podería pasar inadvertida si se limitara a escribir sobre cousas que pasaron, e en verdade qué pasaron moitas. Soio no mundo dos filósofos da súa alcurnia, houbo que ver a Husserl, o seu grande amigo, mestre de toda esta xeneración, perseguido e postergado indecentemente polos nazis, e sin que ninguén fixera nada por el. Bergson, morto entre xudeos e cristianos, nun campo de concentración... En fín, razós tiña dabondo pra "tomar algunha actitude ostensiblemente comprometida".

Pero coido eu que todo isto deberá responder a razós profundamente relixiosas, xa que Jaspers foi un home rigurosamente inquedo en materia relixiosa. Teñen siñalado os seus biógrafos que o seu influxo máis forte como pensador relixioso, o exerce Jaspers sobre dos teólogos protestantes, máis que sobre dos católicos. Tamén, como protestante, opera nista actitude, de ríxido inconformismo, máis que de perdón ou arrepentimento. Tamén aquí foi kantiano, no seu formalismo ético e luterano, na súa concreta decisión de apellar á súa concencia, que, xustamente indignada, proseguíu na indignación hastra o final.

Curioso contraste ca súa, en troques, finura cáseque cortesana, da súa apertura ós amigos, á vida, á tódalas formas de manifestaciós da realidade espiritual. Jaspers tiña unha das culturas máis amplias e sombrosamente ricas do noso tempo, comparable nisto a Max Scheler, ou a Nicolai Hartmann, e quizáis máis erudito que eles dous en máis dun punto, anque menos xenial que Scheler, e menos sistemático e coherente que Nicolai Hartmann. A filosofía de Jaspers invita, convida á apertura ós "outros", convida a unha trascendencia encol dunha humanidade chea de senso, de amor, de comprensión. A súa filosofía tentóu moitas vegadas "comprender" máis que "explicar", poisque moitas facetas da realidade, se non poden disolver nun análise esplicativo, e deben ser "captadas", débense "captar" (begreifen) nunha intuición comprensiva. O amor, a amistade, non é sinón un modo de resolver a situación límite da loita, e a súa obra personal, de contactos públicos, reunións como as célebres *Rencontres,* de Xinebra), vai camiño dunha comunicación intercultural, e transcultural, comunicación entre culturas e a traveso delas, para chegar así a isa meta histórica, que Jaspers soñóu dende as súas máis primeirizas entregas filosóficas. Quizáis non sobren agora unhas consideraciós finales en torno do que pensaba sobre o destino da cultura iste maxistral pensador prusián.

Polo pronto, pra Jaspers existen, como para todos os historicistas, varias civilizaciós; pero malia da existencia de culturas distintas, hai "unha unidade da historia". Jaspers distingue moi nidiamente o que hai de contido na relación "cultura-historia", e o que hai de forma. Formalmente, soio hai unha historia, que "contén" di-

ferentes culturas. Pero o sentido da historia é a realización das sucesivas personas humáns que imos chegando ó mundo, cara a historia como un todo, e non somentes limitados a un parco e provinciano particularismo cultural, sin que por isto negue, todo o contrario, o valor das culturas autónomas. Xusto, malia da súa consideración da superioridade cultural de Occidente (Jaspers é o gran europeísta do noso tempo), Jaspers convídanos a preguntar qué é o que o home de Occidente perdéu diante o home de Oriente. Asia é para Jaspers menos que Europa, pero ademite a existencia de algo moi profundo en Asia, que o home europeo deixóu extraviar, e Jaspers tentóu rescatar xustamente isa alma interior dos pobos orientales, xa dende os primeiros libros, como xa deixamos dito denantes. Nembargantes, Jaspers dí que *o presente ten que ser ollado tan decisivamente dende o futuro como dende o pasado.* Si o pasado non podía por menos que poñer en vilo o meditar diste filósofo eminentemente culturalista, o futuro ten que facer vibrar a profunda raigaña relixiosa diste humanista que cree no sentido da vida. Moi importante é o que dí Jaspers da libertade: somentes se adequire os uns cos outros. Non hai, máis que nas decisións subxetivas, unha libertade individual. Seguindo a liña dos grandes filósofos da historia, de Hegel ou de Marx, e incluso de Nietzsche, ó que adicóu un importante libro, Jaspers cree que a historia é o desenrolo dunha libertade colectiva, da que a libertade individual é somentes o modelo ou o punto de partida, non a meta. Pero, contra Hegel, contra Marx, e contra Nietzsche, non cree en ningunha sorte de superhome, nin de superestado, nin de "superclase"; cree non embargante, nun orden xurídico total, a escala planetaria, que acabara coa soberanía dos pequenos estados. Mentras istes existan, haberá guerras, non haberá entendimento posible entre os pobos. E iste entendimento, xusto, é posíbel, porque frente ós filósofos que ademiten o enquistamento cultural, a incomunicabilidade das culturas, Jaspers, como todo home moi culto, e non soio culto a secas, sabe e sinte a necesidade dunha comunicación entre culturas, que el estima non soio posíbel, sinón xa efeituado ó longo dos tempos.

Pero a meta da historia é, en fin de contas, a realización do home. Se non trata tanto de chegar a algún confín, como de retornar ó mundo dos valores en cada un de nós mesmos. Ser cada ún unha meta prá historia, en lugar de ser a historia a meta de cada ún. Ó cabo, está isa trascendencia que Jaspers enxamáis esquece. Según di en frase memorable: "pasando pola historia, ó traveso de ela, o home bota a súa áncora na eternidade".

Home e historia; existencia e trascendencia: velahí a temática absoluta dun pensador, dun loitador, dunha personalidade ética, histórica, e por tanto, "trascendental".

Jaspers xa está alén do límite. Como André Malraux escribe en "La condition humaine": *o tráxico da morte é que transforma a vida en destino.* Pero pra Jaspers iste destino non é tráxico. El creéu deica a hora derradeira na diñidade humá, sentimento de humanidade. De

novo, Kant, o pantasma, a sombra protectora de Kant, revolotea pola vida de Jaspers. Sábese, que cando Kant, próisima xa a súa morte, foi visitado por unha persona de alto copete social. O vello filósofo, cáseque sen forzas pra falar, soio tiña a preocupación de que se ofrecera unha cadeira ó visitante. Sorprendéuse íste de que, tan acabado, tivera Kant aquelas preocupaciós pola diñidade do seu "rango", e Kant respondéu: "É o meu sentimento de humanidade, que é o derradeiro que se perde". Tamén Jaspers, inválido, xa desafeito a toda clase de homenaxes esternos, acepta en troques un sinxelo convite de grandes amigos. Entre eles, entre a ademiración de todos nós, non esenta pola miña parte de emoción, de respeto á súa grande figura, Jaspers entra na historia e descansa na trascendencia.

X. M. LÓPEZ NOGUEIRA
Santiago de Compostela

O PINTOR NUNO GONÇALVES E UNHA PINTURA GALEGO - PORTUGUESA

Posibilidá dunha tradición pictórica

Fai unha chea de tempo que nos ven aguilloando a preocupación de si esiste ou non esiste unha verdadeira tradición galega das artes plásticas. ¿Tivo Galicia unha pintura primitiva de seu, do mesmo xeito que tivo unha escultura e máis unha arquiteitura? Os datos que deica agora se manexaron ó respeito, son pouco crarexadores. Trátase de referencias amosadas pola pescuda arqueolóxica, dunha banda; ou de notas interpretativas baseadas en intuiciós máis ou menos agudas, pola outra.

Non hai dúbida de que, na Edade Meia, fixéronse en Galicia i en Portugal, pinturas murás do románico. Pero non esiste constancia de que no mundo galego-portugués tivese prosperado unha obra plástica de superior calidade. Nin daquela, nin nos tempos imediatos, xurdiron na historia artística dese mundo, obras pictóricas que poidéramos calificar de valencia universal. As amosas que se conservan, ou das que hai noticia, no noso país, non reflexan, xa que logo, un siñificado valedeiro en tal senso. Polo que corresponde á pintura portuguesa, os datos máis antigos que se conocen refírense á época de João II; é decir, a comenzos do século XV. Sábese dos nomes dalgús artistas, como os de Antonio Florentin e Mestre Jacobe, pero non esisten, ó parecer, elementos pra identificar as súas obras.

Por aquela época son varios os artistas flamencos que viaxan a Portugal, e mesmo por iso algunhas das súas obras incorporáronse ó patrimoño portugués. O caso máis conocido é o de Xoán van Eyck, que estivo en Lisboa —1428-29— pra facer o retrato da infanta e futura duquesa de Borgoña. A traveso del, os portugueses entran en relación co arte de Flandes e cos adiantos téinicos da pintura ó óleo.

Cando en Portugal se fala do periodo dos primitivos non se trata, como poidera pensarse, da época medieval. Inda que pareza solprendente, os críticos nomean así ó tempo comprendido antre 1450 e 1550, cando xa outras rexiós de Europa se atopaban en pleo clima de modernidá.

Daquela, o país veciño estaba rexido pola dinastía dos Avis, na que destacaron Alfonso V, João II, Manuel I e João III. Pero é o ciclo do rei Alfonso o que interesa ó noso caso, poisque estivo tinguido artísticamente pola persoalidá de Nuno Gonçalves.

A obra deste artista emprincipióu a espertar interés a fis do século pasado, e máis aínda no aitual. Na esposición realizada no 1931 en Paris, no "Jeu de Pomme", o público puido conocelo. Anos máis tarde, no Congreso de Historiadores do Arte celebrado no 1949 en Lisboa, René Huyghe considerouno como un dos grandes anovadores do século XV.

Según refiren os estudosos, a aitividá plástica de Nuno Gonçalves decorre antre os anos 1450 e 1472. Supoñen que levóu a cabo dous grandes retábulos: un desaparecido durante o terremoto de Lisboa —ocurrido no 1755— e outro pró mosteiro de San Vicente, que logo pasóu a formar parte, e a arrequecer a coleición do Museu de Arte Antigo de Lisboa.

Mesmamente, a obra de Nuno Gonçalves interésanos polos vencellos que poidera ter cunha tradición pictórica galego-portuguesa. O primeiro que puxo ó descoberto este feito foi o crítico José de Figueiredo. Algo máis tarde, Vicente Risco insistíu nel apoiándose na teoría esposta polo escritor portugués. E nós mesmos abondamos nos seus puntos de vista, nunha ponencia que presentamos ó "Congresso Histórico de Portugal Medievo", celebrado en Braga no ano 1959, co tíduo de *Consideraciós sobre a esistencia dunha pintura primitiva galego-portuguesa.*

Pero denantes de nos referir agora ó tema concreto do labor pictórico atribuído a Nuno Gonçalves, compre facer alusión, inda que seña sumaria, ós antecedentes que, nos eidos da plástica ofrece o pasado galego.

Escultura, arquiteitura e lírica

Sabido é que Galicia foi Europa medieval, con todo o que eiquí trougueron as pelerinaxes xacobeas. Coas peregrinaciós a Santiago de Compostela, esta cidade trocouse en pousada de pobos i en babel de naciós. A Galicia da Edade Meia edifícase con pedra románica, e a fala romance na que cantaban os xograres sirve de canle a unha lírica prestixiosa.

Sin caír nun estreito determinismo, non deixaremos de reconocer, porén, un influxo da paisaxe e das xentes nela asentadas, nos rasgos esenciás desa lírica e máis en toda a outra criación artística. O home que arrinca a diario o seu sustento da terra e pousa a súa ollada no verde e angosto val ou na inmensidá atlántica, non é posíbel que sinta e cante de igoal xeito que o seu conxénere do interior peninsuar. E velahí como as caraiterísticas humás e as singularidás do chan conforman o mundo da aitividade criadora galega.

Este xeito propio do país, mesturado cos ingredentes foráneos, manifféstase na realidá dun acento artístico diferenciado. Así, arredor do cerne matriz compostelán puido frorecer unha poesía trovadoresca xenuína; i en semellante ou maior medida deseñáronse as notas criadoras dunha arte románica peculiar. As esculturas das Praterías ou

as do Pórtico de Mateo son ilustrativo exemplo desa arte. Estudosos e críticos de todos os tempos teñen falado abondosamente dela. Algún, coma Mr. Kingsley, afirmóu —en *Romanesque Sculture of the pilgrinage roads*— que toda a escultura románica non ven ser máis que un produto dos camiños que levaban a Compostela.

A escultura, pois, e a arquiteitura e a lírica, tiveron acusadas e prestixiosas manifestaciós na Galicia da Edade Meia. ¿Pero pode decírese algo semellante en relación coa pintura? De certo que non. Nembargante, coidamos, con Castelao, que naquel tempo áureo tivo que esistir unha escola de pintura galega. Parece lóxico que onde agromaron todas as artes, e algunhas delas adequiriron tanta perfeición, non debería fallar a pictórica. Castelao tiña fe no valor das conxeturas; mais os restos que no país se conservan, amosan unha realidá que vai alén da simple conxetura.

Unha primeira mostra da esistencia dunha tradición plástica entre nós, témola nas miniaturas dos Códices. Os mestres iluminadores, abertos ás inquedanzas da época, reflexárona minuciosamente e con autenticidá. Os tesouros miniados desplegan dediante dos ollos un panorama cheo de vida, de intenso verismo, mesmo polo movemento que revelan as figuras. Chama a atención, sobre todo, o tino conseguido moitas veces na composición. Incluso esceas que terían constituído un grave incomenente pra un artista de hoxe, amósanse resoltas con gracia i enxeleza. E solprenden tamén, o xeito de agrupar as figuras, os acenos, as actitús que reflexan os seus sentimentos íntimos. A forza e máis a elegancia con que, en ocasiós, aparecen resolvidas tales amantiñas figuras, e o inxenuo do pequeno e ó tempo vasto esceario no que se moven, asolagan o ánimo dunha intensa sedución. Todo, nas millores miniaturas dos Códices, rezuma sinxeleza e inxenuidá deliciosas na espresión plástica. Os miniaturistas trasegan a elas caraiterísticas sustantivas do país. Mestres consumados na arte do color, distribúeno facendo gala dun ademirábel equilibrio; e acadan unha sinfonía animada na que os verdes, o carmín, o violáceo, o vermellón, o siena e o branco combínanse armónicamente. E foi mesmamente das iluminaciós realizadas polos miniaturistas dos Códices, de onde xurdiron a pintura románica e a gótica. Sendo así, non resulta desaxeitado supoñer que en Galicia —ricaz en restos miniados— se producise, asimade, a conseguinte derivación dunha obra pictórica de raizame autóctona.

Por outra banda, o noso país, europeizado polos cluniacenses, veu ser un dos máis podentes centros medievás da civilización. Compostela, como deixamos dito, era unha vila cosmopolita; e a terra galega, fertilizada espritualmente por unha corrente seguida de galicismo, andaba a esparexer por Portugal e por Castela os infruxos benfeitores de Europa. Pois ben, compre pensar que os que eiquí trougueron a arte románica, traguerían tamén a pintura bizantina. A Galicia tiveron que chegar, ademáis, pintores franceses e hastra flamencos,

cando se construían as eirexas de Santiago e o Pazo de Xelmírez. De ser así, como sin dúbida foi, cabe situar por aquel entón as orixes dunha pintura galego-portuguesa.

Das pinturas que se conservan

Si facemos un reconto —necesariamente parcial e incompleto— das mostras pictóricas que aínda se conservan na xeografía moimental galega, atoparemos certa confirmación do que deixamos indicado. Abonda con citar os frescos que decoran o altar maior da eirexa de Lestedo, perto de Compostela; ou a táboa do século XV que figura no convento de Belvís; ou o mural de San Francisco de Pontevedra, pesie ás dúbidas dos críticos. Pero é que esisten moitos outros espoñentes, inda que o valor artístico dos máis deles seña discutíbel.

Murguía fala, en *Galicia*, páx. 1131, dos frescos que se conservan na catedral de Mondoñedo, cuios caraiteres permiten asegurar que proveñen das mans dun artista galego: Alfonso de Gontán, posibelmente. Uns, os da banda do Evanxeo, representan a degolación dos Inocentes, en tres panéis. Outros, os da banda da Epístola, que son catro, reproducen sucedos da vida de San Pedro. O propio historiador, que atribuie paternidá autóctona a estas interpretaciós, cita tamén un testo de Riobóo no que se dan novas doutros, pintados no 1480, co miragre de San Gonzalo.

Na eirexa de Santa María de Viveiro hai dous panéis, co martirio dos Inocentes. O xeito cómo están compostos, o feitío que os singulariza, acreta que se trata de obras anteriores ó século XV. O estilo e as maneiras dos mesmos son os caraiterísticos das illaminceiras dos manuscritos.

En Ourense, na Claustra Nova da Catedral, ó desfacer os almarios onde metían os Beneficiados as súas vestimentas, apareceron detrás dous frescos: Un representa a Noso Señor atado á coluna, e a dous xudéus dándolle azoutes; e o outro, a Lanzada de Lonxinos. A paisaxe deste derradeiro é moi xusta de composición, de espresión e de intención sintética. Ten, por outra banda, todo o primitivismo e a carauterización rexional.

Hai, asimade, pinturas murás da Edade Meia, nas eirexas do Sancti Spiritus de Melide, San Francisco de Betanzos, San Francisco de Lugo, Santiago de Carril, Vilanova de Sarria, Arnego e Santa Clara de Pontevedra, citadas por Villamil e Castro en *Iglesias gallegas*. E aínda, no propio texto, fálase de varias outras. Tamén na eirexa de Santo Domingo de Lugo consérvase unha táboa de calidá, que aparez nun altar do lado do Evanxeo, armado por riba dun sartego. Trátase dun Descendemento, seguramente do século XV.

Pero, sin dúbida, as pinturas máis importantes descobertas deica agora en Galicia, señan as que decoran o interior do ábside da eirexa do Mosteiro de Vilar de Donas. Datan do reinado de Xoán I de Cas-

tela e León —1379-1390—, e algús dos seus recadros reproducen os bustos das "Donas" que, según a tradición, fundaron ou habitaron o convento.

No libro *La pintura gallega*, de Couselo Bouzas, díse que, pesie a que o noso clima non é moi axeitado prá conservación de pinturas murás, mantivéronse unha parte delas, protexidas por unha encabalgadura de cal ou por outros meios. E fai referencia a algunhas das xa indicadas, xunto con varias máis.

Fora do deica agora reseñado, esiste constancia de que en Galicia traballaron pintores do país que cultivaron unha arte nosa. Villamil e Castro, por exemplo, dá os nomes duns dez deses pintores, que veñen citados en documentos dos séculos XIV e XV. E asegura, aínda, ter noticia de que en Mondoñedo figuraron dez, antre os anos 1378 e 1496; cinco en Pontevedra, de 1432 a 1446; e dous en Lugo, de 1466 a 1471. No 1228 había xa ún, chamado Petrus Fernandi, que servíu de testigo ó Bispo nun "patum", o que semella siñificar que non sería un pintor de portas calquera.

Do século XIV menciona López Ferreiro ós pintores G. Pérez, ó miniaturista Alonso Pérez, e ó Prbro. Gonzalo. No século XV exerceron a arte pictórica Cristóbal Francés, Gonzalo Alonso, Álvaro García, Fernán Rodríguez, de Pontesdeume, e Xoán Pumar.

As citas poderíanse alongar, pero coidamos que, o xa dito testemuña a eisistencia de rastos dunha pintura galega primitiva autónoma. Con todo, compriría estudar axeitada e detidamente estas testemuñas ó tempo que se fan outras pescudas, prá inferir o apoio que poderían emprestar á tese que formulamos.

Arte portuguesa primitiva

A idea de ter esistido unha escola autónoma galego-portuguesa no século XV —ou denantes, se cadra— foi esposta polo crítico portugués José de Figueiredo, ó que aludimos ó comén do presente traballo. No seu libro *Arte portuguesa primitiva. O pintor Nuno Gonçalves*, editado no 1910, estuda o retábulo do altar de San Vicente da Sé de Lisboa, atribuído a este pintor do Rei don Alfonso V de Portugal.

Ate a aparición da obra de Figueiredo víñase ademitindo que a pintura portuguesa dos séculos XV e XVI, traguía a súa orixe da flamenca. E mesmo o crítico Joaquim de Vasconcellos dera como data de onde partíu o desenrolo da pintura lusitana, o ano 1428. É decir, o ano no que o gran pintor flamenco Van Eyck, que formaba parte da embaixada mandada polo Duque Felipe de Borgoña pra pedir a man da filla de João I, tomóu terra en Lisboa. Así, o fondo realismo dos pintores portugueses e a téinica tan perfeita de Nuno Gonçalves, serían deprendidos dos pintores flamencos.

Mais José de Figueiredo, no estudo que fixo das táboas do "Políptico de San Vicente", tira conclusiós que mínguan o infruxo de

Van Eyck e dos outros flamencos na arte portuguesa. I esas conclusiós teñen pra nós —como apuntóu Vicente Risco— un interés decisivo. Téñeno, porque veñen corroborar a afirmación da esistencia dunha escola autónoma galego-portuguesa, máis ou menos contemporánea da flamenca.

Figueiredo sinala en Nuno Gonçalves particularidás de sentemento e de conceición que o afastan dos pintores dos Países Baixos. Estas particularidás unxen a realidá punxente, escruposamente dexergada, conque Nuno Gonçalves fai vivir ás súas figuras dunha mística sensibilidade, dunha sereídade sinxela e recollida que, sen dúbida, lle suxeríu a ialma das nosas xentes e a natureza das nosas terras atlánticas. E, asemade, sinala no artista adiantos na téinica, no emprego das córes, na comprensión do craroescuro, nos que sobrepasa ó propio Van Eyck.

De certo que se non comprendería ben ésto, se a pintura portuguesa fora filla serodia da flamenca, e non máis ben desenvolvemento dunha escola autóctona máis anterga. Desconócese a data xusta na que foron pintadas as táboas de San Vicente, pero fórono, con seguranza, denantes do 1471. Dende que estivera en Portugal Van Eyck, ían pasados corenta e tres anos. I este espacio de tempo é breve demáis pra que os portugueses chegaran a asimilaren a arte dos seus mestres, caraiterizasen a súa escola e pasaran por dediante de aquéles na téinica e no craroescuro, cousa tan traballosa cando un pobo anda nos primeiros pasos dunha arte calisquera.

Nuno Gonçalves ven ser, pois, un mestre, e non discípulo de escola algunha. Inda que se iñora cantas obras realizóu, e si elas esisten, é o maravilloso "Políptico de San Vicente" o único documento seguro pra poder valorar as súas dotes de creador.

O primeiro análise da obra fíxoo no 1895 —como xa indicamos— Joaquim de Vasconcellos. Pero foi José de Figueiredo quen, anos máis tarde, estudóu as táboas con anovado interés. Daquela, e gracias ó Conde Penha Longa —que pagóu a restauración—, tiráronselle os retoques, realizados posibelmente nos séculos XVII e XVIII. As seis táboas que o compoñen foron artelladas en dous trípticos superpostos, estando ámbolos dous formados por un panel principal e dous pequenos. Así se conservóu deica 1940, e foi nas vísperas da Esposición dos Primitivos Portugueses, celebrada nese ano, cando se armaron xuntos.

Os dous panéis centrás están domeados pola imaxe do santo. No panel do Infante tense reconocido ó Rei Alfonso V, ó Infante Don Enrique, ó Príncipe Don João, á Raíña Isabel, e a outros persoaxes. No panel do Arcebispo ten presentado o artista as figuras máis importantes da Corte. Os panéis laterás son catro, e moi alongados. Os persoaxes dos primeiros planos completan a ordeación dos dous centrás, levando a atención do espeitador cara a imaxe do santo. Os agrupamentos do fondo continúan, a pesares das divisiós, e forman un grande friso, dende onde emergullan apenas os bustos.

Mais vexamos o que dí Figueiredo da obra, pra millor nos decatar do seu contido e composición.

O "POLÍPTICO DE SAN VICENTE"

Un dos trípticos está composto polos panéis "do Infante", o "dos Frades" e o "da Reliquia": O primeiro no centro, e os outros cada un de seu lado. No do meio está San Vicente Mártir, en traxe de Diácono e os Evanxeos abertos, cunha cariña mesmo de anxo, inocente e pura; un levián escintileo de raios dourados nimba a súa testa. Darredor, en adoración, aparecen Alfonso V e a Raíña dona Isabel de xionllos; os Infantes Don João —logo João II— e Don Enrique o Navigante, unha freira franciscá, que pode ser a Duquesa de Coimbra ou a de Braganza, e once persoaxes máis; déstes, o que cadra no cabo á man esquerda é —según Figueiredo— o propio pintor Nuno Gonçalves. No painel "da Reliquia" hai un señor que leva nun pano un óso temporal do Santo; despóis ven o xefe dos Rabinos ou o Astrólogo de Alfonso V, un velliño estupendo apoiado nun pau, e dous cregos de pelliz. No "dos Frades" hai tres axionllados, co hábito do Císter, un deles cunhas longas barbas que lle cobren o peito.

O segundo tríptico ten no meio o panel "do Arcebispo", e a ámbolos lados o "dos Cabaleiros" e o "dos Pescantís". No primeiro aparez outravolta o santiño co seu traxe de diácono e os Evanxeos metidos na funda por baixo do brazo, benzoando a cinco guerreiros que o arrodean. No panel "dos Cavaleiros" —o de máis "gótica" feitura de todos—, os príncipes da Casa de Braganza, a meirande da fidalguía portuguesa. No "dos Pescantís" hai, no primeiro termo, un home, un ofrecido deses que nas romaxes ollamos andar de arrasto, de xionllos arredor do santuario. Detrás, envolveitos nunhas redes, os fundadores do poderío de Portugal; poida que máis que os fidalgos e os homes de armas e os homes de eirexa, os mariñeiros do mar...

Esta obra, cuio resume descritivo rematamos de facer a traveso de José de Figueiredo, axunta en sí dúas condiciós. Por unha banda ven ser un homenaxe a San Vicente, patrono da cidade, ás forzas armadas e á casa real portuguesa. A causa delo, a imaxe e máis os atributos do santo trócanse en dramáticos eixos da obra, a que, polas súas caraiterísticas, non deixa de ser unha narración pintada, de varios episodios.

Por outra banda, inda que cada unha das figuras se vencella coas demáis debido a un orde imposto pola composición, son asemade retratos individuás. Abonda ouservar cada unha das espresiós illadas, co seu movemento e as súas peculiaridás anímicas propias, pra comprender este feito: que o autor estaba compenetrado de cheo do sentimento humán, e a el recurríu pra deixar a súa propia conceición do mundo.

Nefeito, gracias a esta condición, Nuno Gonçalves puido fuxir do clima do medioevo, que adoitaba poñer o acento no tema relixioso, conseguindo ocupar un posto antre os pintores modernos.

Caraiterísticas de Nuno Gonçalves

Os retratos que figuran en todos os panéis que vimos de reseñar, son retratos de grande fidelidade á realidá que ven os ollos, á espresión persoalísima dos modelos. Ademáis, todos están dispostos cunha intencionada harmonía simbólica.

Guiados pola aguzada intuición artística de José de Figueiredo, chegamos, no análise das táboas de San Vicente, a unha importante conclusión. Chegamos a determinar, polo estudo da arte e do procedemento de Nuno Gonçalves, unha psicoloxía artística neste pintor, que ven ser o noso xeito de sentir e de facer galegos, patentes na nosa creación literaria.

Na realización pictórica do autor do políptico de San Vicente, sobresaen as seguintes notas: Sentimento, coorido, sinceridade e realidá dos panexamentos, espresión espritual das faces retratadas. Todas elas —ó decir de Vicente Risco— son coalidás ben nosas, especialmente a sensibilidá e máis a harmonía das córes, filla non somente da nosa natureza bretemosa, sinón —sobre todo—, da nosa ialma tan caraiterísticamente "musical".

Tiña poriso razón Castelao, cando afirmaba que Nuno Gonçalves é un pintor noso, podéndose asegurar que é o "noso primitivo". E no que se puxo mesmamente por riba de todos os flamencos do seu tempo, foi na comprensión do craroescuro, que amosóu en efeitos de detalle e realizóu ás veces á "pleine páte". Tamén ésto lle veu de ter educado a súa retina na lus das nosas terras atlánticas, matizada pola brétema.

A pintura galego-portuguesa tivo, pois, un primitivo que se pode poñer en comparanza con calquera dos grandes mestres italiáns ou flamencos. A súa presencia demostra a esistencia dunha escola pictórica nosa no catrocento; unha escola, quizaves ruín no comenzo, que chegóu con Nuno Gonçalves a cume tan alto coma o que atinguiron outras escolas foráneas daquel tempo.

Polo dito —seguindo a opinión de Risco—, os galegos non podemos deixar de estudar a Nuno Gonçalves; e inda que non fora por outras razós, teríamos que o faguer ó menos como documento de psicoloxía étnica. Impórtanos o de estética conxénita da xente atlántica que poida haber na súa arte. Ora, ésto ten que ver coa sensibilidade —coa "aprehensión" estética—, non coa "realización" artística. Imonos espricar —engade Risco—: Unha mesma realidá ollada por homes de diferentes razas "é a mesma ouxetivamente", e hastra se cadra en puridade "suxetivamente", pra todos eles. Mais cada raza "escolle", escolma, seleiciona, aspeitos daquela realidá máis particularmente simpáticos, máis axeitados ós seus hábitos herdados.

Panel do Infante

Panel do arcebispo

O noso problema etnoestético é: ¿Qué escolle a idiosincrasia galega na realidá? E velahí a resposta que a pintura de Nuno Gonçalves nos dá, en función relacionadora coas mesmas mostras que neste aspeito nos ofrecen os pintores da Galicia de hoxe.

O ANTECEDENTE MEDIEVAL

Temos dito "pintura galego-portuguesa", como se dí literatura galego-portuguesa, pola dos poetas galegos e portugueses —pois todo ven ser ún— que andan mesturados nos Cancioeiros tan sabidos, da Ajuda, da Vaticana e de Colocci Brancuti. Decímolo, de primeiras, apoiándonos na teoría de José de Figueiredo:

As fontes da pintura portuguesa —sinala— "temos que as ir percurar, coa orixe da monarquía, as que foron causa do apoxeo artístico ó que chegóu, nese periodo recuado, a terra galega da que nos desprendemos. A arte portuguesa é, no seu inicio, común coa galega, e se non pode afastar dela, como ésta se non pode arredar da nosa. Galicia e Portugal son dúas partes integrantes da mesma raza, non só co mesmo clima e as mesmas tradiciós, senón tamén cos mesmos costumes e a mesma língua, afastadas polo acaso da política...".

Non hai dúbida de que a arte portuguesa medieval veu, sobre todo, da galega, poisque aínda hoxe se pode —comparando o que resta— dexergar a identidade que vencella a unha coa outra. "Desta forma —prosigue Figueiredo—, sempre en contaito con Galicia, coa que tiña vías de comunicación facilísimas, Portugal, que, no resto das súas fronteiras, só por Elvas non estaba illado da España, vivíu durante séculos, ó noso ver, na comunión artística máis íntima cos nosos irmáns de Alén-Miño, e a nosa pintura primitiva ven talmente de alá, coa traza das primeiras construciós relixiosas. Esta é a conclusión á que somos fatalmente levados, e contra do que non hai xa argumento irreducíbel da non esistencia da pintura naquela rexión".

Como proba do dito, cita o propio crítico os frescos que decoran o altar maior da eirexa de Lestedo, perto de Santiago, e a táboa do século XV do mosteiro de Belvís, mencionados xa por nós neste traballo. Pero os exemplos deberan ser moitos máis, pois a realidá dunha tradición pictórica formada arredor da cidade compostelá nos séculos meios, é cousa que está de cheo xustificada.

Durante a xeira raiolante do románico desenrólase —como é ben sabido— a xeira áurea de Galicia, de seguranza e conciencia determinada dun destino. A Galicia románica acusa a súa presencia viva no campo e no burgo, na homilde eirexa campesiña e na catedral cidadá. Abonda con que vaguemos imaxinariamente polas múltiples roitas do noso país, pra nos decatar cómo bisbarras enteiras gardan a integridá dos seus templos románicos.

Podemos seguir, ó longo de Edade Meia, varias liñas evolutivas na loita pola espresión. Nesa edade todas as pedras da España nórdica sofrían o golpexar dos cincés; máis non hai dúbida de que eses

cincés soio cantaron coa suprema sonoridá do trunfo espresivo, movidos pola man dos nosos artistas e labrando pedra galega. Velahí porque a campía de Galicia é decote románica. Esiste unha fonda consustancialidá desta arte coa ialma do noso país. I, endemáis, este fisterre que adequire un dominio cheo dunha forma de espresión no arquiteitura e máis na escultura, acádao tamén noutras manifestaciós culturás.

Romanismo pra nós —son palabras de Otero Pedrayo— quere decir a Galicia das pelerinaxes; é decir, a vida íntima dun pobo que conquire o cimo da súa figura histórica. O selo galeguisimo do románico siñifica traballar fermosos edificios de eternidade; pero, ó mesmo tempo, equival a cantar líricamente, e a camiñar polo gozo de inventar novos vieiros. O trunfo da Edade Meia galega trae canda sí as criaciós dunha arte escultórica e arquiteitónica; e trae, asemade, o prestixio dunha poesía singular que ten un fidelísimo espoñente nos Cancioeiros galego-portugueses.

Si a maturidade criadora da cultura galega se manifestóu nestes eidos artísticos, semella lóxico que tamén se producira dalgún xeito no ámbito pictórico. Esisten repetidas mostras —como temos indicado neste traballo— da esistencia dunha pintura galega medieval. O feito de que a calidá das mostras conservadas se non poida emparellar coa que singulariza á produción dos nosos escultores i edificadores, non se opón á creencia de que en Galicia frolecera unha verdadeira tradición das artes plásticas.

Coda

Os tempos de arestora revelan no noso país unha positiva eclosión do labor pictórico. Un fato de bos pintores anda a traballar arreo na afirmación dunha pintura con aspiraciós de universalidá, arraizada en sustratos galegos. A lingoaxe desta pintura é, xa que logo, unha linguaxe coetánea, que fala de verdadeiras esencias autóctonas. Ora, o fecundo madurecemento da criación plástica na Galicia de arestora. non parece que seña froito dun algo improvisado i espontáneo. Mais ben semella que debe obedecer, en certo senso, a mandados dunha tradición recuada. O esforzo que algús dos nosos mellores artistas de hoxe realizan na percura de novas formas, vencéllase á paisaxe viva, física e humá, pero tamén, ás veces, á arte que frorecéu no meioevo. Ispírase nas leiciós que lle adeprenden as vellas esculturas, as vellas obras arquiteitónicas. as miniaturas dos códices, a arte popular... Inda que, craro está, os pintores que percuran no pasado alentos de ispiración, fánno valéndose dunha sensibilidá aguzada prós problemas que están riba do tapete. subordinando o rigor do oficio ó rigor da ialma.

O artista galego de arestora non pode desconocer que nos tempos meios a podente antena compostelá alporizóu a nosa persoalidá e máis a nosa orixinalidá: e fixo que falase nos seus monumentos, no

acento ecuménico do Camiño, na lírica dos Cancioneiros. Así foi como se axuntaron naquela edá, a eirexa románica co cantar de amigo e coa pelerinaxe. Mais, no conxunto. non podía fallar a pintura mural da eirexa, nin o miniado do códice, nin o infruxo dos pintores primitivos flamencos e italiáns que os xacobípetas de Europa deberon importar a traveso dos camiños que conducían ó sartego compostelán.

SALVADOR LORENZANA
Vigo

DOUS CONTOS DE AMADO CARBALLO

Ben ou mal coñecido polos mozos de hoxe que se interesan na literatura galega —e mal está máis perto da verdade que ben—, Lois Amado Carballo (1901-1927) ocupa por dereito imprescriptibre un posto importante na historia da nosa literatura. O que vive ao día, o que da triple realidade do tempo non rexista senón o presente puntual, o presente sen dimensións, o presente irreal, porque só é presente real o que se artella na matriz do pasado e se proxeita na fecundidade do futuro, pódese preguntar se Amado Carballo é só historia. Pero o que é historia non é nunca historia só. O xeito de ser do que deixóu de ser, é ser historia. E Amado Carballo, ao ser historia, liberóuse de ser nada, destino reservado a tantas presentes maravillas que nunca serán pasado nen futuro porque non se integraron no ritmo maxestoso do tempo.

De Amado Carballo flúe unha escola de poetas mozos que no seu tempo foron a vangarda do movimento lírico de Galicia. O autor de *Proel* tivo unha propria voz, e del aprenderon —a imaxe animadora, a sonora pintura, o requintado popularísimo— moitas voces que longo tempo mantiveron o coro máis unánime que no século XX entonóu o himno da lírica galega. Un grande mestre novo, eso é o que foi, sen acadar os trinta, sen chegar á mitade do camiño da vida. Como a literatura galega non é, non pode ser, Penélope lareta de mans tatexas, que hoxe tecen, mañá destecen, sen Ulises, cada día unha vértola, cada noite un amante, a tea da súa voz, o poeta pontevedrés, por ser historia verdadeira, non é historia só, i está presente con presencia reservada a uns poucos, cuios nomes, como doas de luz, se enxergan no fío da historia da nosa literatura.

Endebén, Amado Carballo non é só o poeta de *Proel* e *O galo*. A súa prosa, breve en volume como o seu verso, máis escondida que o seu verso para o leitor actual, merez ser coñecida e xulgada á luz da hora de agora. No galego suroccidental escribíronse os mellores relatos da segunda decea do noso século.

Castelao, Dieste... e Amado Carballo. Un leve arrecendo de lenda piadosa e popular que lembra ao Valle-Inclán da Galicia santa, unha andadura sosegada cuio tempo lento e de craro ritmo evoca ao Castelao sabiamente sinxelo, unha malenconía que pinga pérolas de humana comprensión dan enlevo a esta prosa pola que algún momento unha tristeza eslava, como a de Chejov —¿non hai en *Os probes de Deus* a desolación hospitalaria que suxire este nome?— decorre como un rego de encalmadas augas sombrizas. Pubrícanse a continuación dous testos en prosa de Amado Carballo, *Maliaxe,* 1922, *e Os probes de Deus,* 1923, onde os tonos grises dominan a paleta do escritor que con tan rechamante cromática manexóu as cores quentes nos seus versos.

MALIAXE

É preciso ter un pensamento acochado e xusgar todo por ele, falando domente con o povo.

PASCAL

I

Frolinda Capelo era unha das mozas máis feias de Brandove. En festas e rueiros, ficaba sempre arredada, polo esquecemento fontoso dos mozos casadeiros, máis arelantes de fermosura e ledicia que de aturar o seu xesto magoado e conxumeto.

Domente chea de envexa ollaba beilar ás súas compañeiras, as ledas gargalladas eran guinchos de ferro pró seu corazón añorante e soio.

Aqués ollos languentes, o cór macio da faciana, os abuados labres i os dentes apodrecidos, donábanlle un estrano aspeuto de doente.

E abofé que doente estaba.

Pasara toda a vida sen agarimos. Inda nena, quedara horfa, i aquelas agucias de amore, espertadas coas roxas froles da adolescencia, chuchábanna arreo no aburar da carne e da natureza.

Corrían os anos. Voltaban as festas. San Bieito, San Sibrán, O Cristo de Xende, Nosa Señora do Corpiño...

As compañeiras de Frolinda íñanse casando.

Somente ela, coa súa malenconía, pouquiño a pouco, no decurso do tempo ía xa antre as mociñas rebuldeiras, parecendo vella.

Murchábanse as espranzas xuvenís.

Pregaba acotío, i escomenzaba a collerlle afeizón á eirexa.

II

Pois... (todo chega...). Foi nunha das festas primaveirales. Saloucaba a gaita antre os pinales híspidos como trebolentos berros ultrizes, i o Sol combustia coa bonanza de un Deus primevo e batteal.

Tiña o romaxe á soma dos albres esgrevios, a somellanza fiducial dun vello lenzo de Teniers.

Lonxe, o xaquelado multicor de leiras e parrales, i o mar aluciado e manso bicando o ceo, nun contubernio cheo de lirismo.

Ría a Natureza coma un alma xuvenil.

Soaban de comenzo os ledos arpexios dunha riveirana, cando un mozo deténdose acarón da Frolinda, envitóuna a beilar cun surriso amábel.

Era un xoven varil e forte, de ollos azúes e faciana runxida.

As máis topadas ideias xurdino na chola da moza, no intre o corazón choutáballe no peito coma un paxaro apreixado.

Sen agardar o asenso, ele xa punteaba, e foi aquelo, o rexo tirón á súa vontade, que a fixo decidirse.

E... beilóu, beilóu, hastra abafarse. Endebén desquitábase dos tempos idos, e de envexosa, trocábase en envexada.

Xa non sintéu coma outramente o longo desprumar das horas, que se lle foron nun sopro.

E, máis tarde, cando a lus esmorecía, e no ceo que mainamente principiaba a escurecer, surdía cal nun evanxélico nadal a centilación fuxitiva das estrelas, voltando xa prá casa, ouvíu Frolinda o doce linguaxe da alma, moxenas do aceso corazón namoricado. E do intre de seu embausamento, achábase feliz.

A lámpada dos infindos, espallaba dondo fogax.

De tempo en tempo, alumeaban no lampreo espazo, as bermellas roseiras dos foguetes.

Nos seus beizos sintéu a forte apretura duns labres máscuos, e nun enlevo femente, irto i aguciante, caíu encol dun herbal condito.

E fono os seos eburnos, mollados de prata lueira, cumes pasioales á ronxente arela varil.

.....

Era na frol da primadeira.

O vello Pan, tanxía ao lonxe, na eglóxica siringa asobiante, a rebuldeira cantiga carnal.

III

¡Qué espertar tan súpito á tanxible realidade dos seus ensonos!

O amore, que creía inacordantes correspondenzas, acesóu a súa alma nun forte desexo dunha felicidade egoista.

E chegaron pra Frolinda, as arelas, as incertidumes, os desveos.

¡Amaba tanto! ¡Soñaba tanto! Que a súa própea vida, as súas preocupaciós dacotío, esvaíanse coutadas por aquela outra eisistenza que tan fortemente xunguira á súa.

E o noivo, o Breixo Trezán, lonxe, na vila podre, alleo cicáis á ausorvedora paseón que provocara.

I esa desfianza que prende en tódalas almas debles, esa pranta maldicioada dos celos que tan chegada vai ao desprendimento xeneroso do amore, torturóu os idealismos da xoven, abatéu nun maino esforzo as súas torres de marbre e nácare.

Era unha conxunción paulatina das súas enerxías, un enlevo frebicitante que combustía o corazón ilusioado e recheo de xuventude.

E sempre que ele chegaba, nos seráns maravileiros tan propicios ó imperio sedeiro da iluseón, cando rendedo polo traxín aitivo do traballo, buscaba a paz i o acougo preto da súa amada, ela acollíao hesitante i as súas preguntas eran sempre as mesmas, abrouxadas e pasioales.

—¿Qué fixeches hoxe? ¿Onde estiveches? ¡Cóntamo todo... todo..!

E máis docificada polo prolixo enumerar, enadía:

—¿Non me enganas? ¿Podo estare fixa do teu querer?

Pro nin aínda con todo ficaba satisfeita. Faláballe chorando das súas sufrencias, dos seus receios, pra percurar verbas garimosas, cimentos da súa viseón tremante do porvir.

I o Breixo sentía co ela as súas incertidumes, lamentaba as súas mágoas, e no fondo da alma abríaselle como unha frol místeca e sanguiñenta, a compaseón.

...Infindada...

...Alboral...

Que espertaba o seu esprito a iñotos horizontes...

Que facía sarpulentar seu corazón en remorsos inxustificados...

Asimade el amábaa con toda a súa vida.

Co mesmo amor que dona a disgracea, ante unha nai desvalida, ante unha irmán infeliz, ante unhos fillos doentes e famentos.

Aquela ideia que era a súa ouseseón inarredábel, non podería endexamáis deixala a un lado no camiño da vida.

—Se eu fixera algo que afondara os seus dóres non tería nin perdón da miña concencia.

I era todo isto en noites estreladas do vran, en que aboiaban pétalos de Lúa encol da natureza durmente.

IV

Milagreira noite de San Xoán.

Lumeiros e alalás crebaban o ár estáteco.

Recendía a lenda pristina i amábel.

O ceo broslado de anzós de diamante cobríao todo, cal un pantástico doser.

Albeigaba o camiño de Sant-Iago con uha franxa vafosante e frébida.

E tecía a Lúa nas froles de gagate ideás creazóns aglaiosas.

Frolinda agardaba impacente a chegada da meiga que fora a consultare por mor das súas cauranzas de amore.

—A tal hora —pensaba ela— está a chegar e ceibaráme por sempre de sofrir.

Na súa alma antiga e inxénua prefumada co encenso amercendador do prodixio deífico, era a espranza unha pomba en voos circuares.

E, chegóu a longamente desexada.

Era unha vella adrubada e vidosa, fanada dun ollo e vestida de farrapos.

Pro aquel úneco ollo que lle ficaba concentraba todo o seu espremento de noxento maliaxe.

Entróu renqueando, dando as "boas noites" coa súa vos áspra e ferinte, máis afeita ao trato cos demos que cos homes.

E chegándose unda a moza cravóu nela todo o mañetismo do seu ollo ousesionante e ausorvedor coma unha lus pezoñenta.

—¡¡Durme!!

As pálpebras da iñotizada caíno como as nuvens encol das estrelas lontanas.

...E deixóu de sentir...

—Só aquel ollo nitfulxente era a inquedante atormentazón...

—¡Velo eí tes ao teu noivo! —Máis que dixo, mandóu ela— ¡Óllao!

Baixo as trevas esvaídas foise dibuxando unha forma non precisa, sen realidade, cal unha recordazón. Aparescía o Breixo erguido e abuado coma un cadavre.

—¡Fíxate ben! ¿Qué pensa?

Unha vontade irresistíbel levouna á convición.

—Está a pensare en min... Sí... ¡Agora móvese!.. ¡Vaime falare!...

Un sopro xélido, fíxoa espertar chea de medo aglaio.

—Xa ves —falóu a meiga—. Non tiñas mór de dúbida. Pro si ques que sempre sexa teu, has lle dar nunha cunca de viño estes pós.

E sacóu do seo un papeíño coa droga.

—¡Toma! Eu voume, que teño moito que facer esta noite.

V

Á veira do río Lerceiro, nunha pranicia da carballeira, xuntábanse mozos e mozas pra celebrar a troula.

Era polo fío da medianoite.

Lonxe, deitaban no espazo a súa vos antanosa e solene as campáns, e o ár povoábase de vibrazóns leviáns e emocioales, que ficaban durmentes ó tocar á terra mollada de soídos.

A roxa labarada da fogueira puña fulxentes baluzes pendurados das ponlas do arboredo, e nos ollos dos mozos enoonacións de ollar satiresco.

Era o instante das meiguices. Cando beilan as fadas ao redor dos albres encantados, cando a galiña de ouro sai das augas cristaíñas, onde surde a máxica frol que traía a felicidade.

¡Hora dos tangaraños e dos romedios!

Tódolos xóvenes collidos da man, choutaban encol do lumeiro cantando o conxuro.

Peladas eran — Peladas serán
Todas as meigas — Que andan polo chan
Peladas son — Peladas eran
Todas as meigas — Que andan pola terra.

As voces alongábanse na campía, e somellaba o alalá, un canto a un Deus pristino ofrendado nun rito Goético.

Xa cansos voltaban Frolinda e Breixo, cando ela convidóuno a bebere un vaso de espadeiro.

VI

Pasano uns días, cando unha noite espertóu á Frolinda o soído dunha campaíña, e seguidamente un marmurio lonxano.

Abríu a fenestra e axionllouse...

...Pasóu o Viático...

Tivo un presentimento. Vestíuse apresamente e corréu na drecedeira da casa do seu noivo.

Endemal se non enganara.

A longa solaina estaba ateigada de xente, e o balbordo dos pregos donaba tráxica intensidade á ondulaceón horizontal e doente das candeas.

As velliñas, isas velliñas que fan o planto a tódolos defuntos, somellaban ventar á morte co seu xesto amercendado e pretórico de compaseóns.

Desfeita, cuase que morta, chegéu ela ao pe do aguniante.

O crego xa cumprira a súa misión, ao vere que non poidera pasar a hóstea, fixera o encomendamento par a boa morte.

Antre as sabáns, a faciana do Breixo, xa non era a súa, encol do seu carauter había a revelaceón dos que xa morden a lus da eternidade.

Esbagoante falóu ela.

—¡Breixo! ¡Breixo!...

O doente abríu os ollos que fitaban un ponto, fora da vida, no mundo astral.

Quixo falar, e nos seus bruces fervéu unha escuma roxa.

Mainiñamente deixóu de latexar o seu corazón...

As verbas soicidábanse na gorxa da moza...

VII

Noite... trebas...

Noite e trebas na terra, noite e trebas no esprito.

Tremelucían na escuridade os brados dispersos dos cirios.

Encol do cóncavo silenzo repinicaban as curiscadas de planto da Frolinda.

Fora, a morta sensaceón da nada. Unha quedante anulaceón da vida.

Como un rito antigo eran as mornas chamas dos cirios alumeando o cadavre, luces votivas ao corpo, estrelas de espritual sanidade, á alma xa pelengrina nas místecas vereas de Deus.

A ancestral devoción esaltaba o rispeto aos mortos, divinizándoos, cal seres sumerxidos nun *pralaia,* aceso da santidade nirvánica.

No cadaleito, aquel grave perfil inmóvel, tiña impoñente grandeza e maxestade.

...Ao lonxe o oubeo morrente dun can, foi unha moura bafarada intensificadora da escuridade medoñenta...

VIII

Os labregos de Brandove, ben coñecen á tola que vive da caridade, e que se enrita cando ve pasare o Santo Viático.

E marmuran algúns por isto, que no corpo de Frolinda Capelo, incarnóu unha lumia.

OS PROBES DE DEUS

I

... Aos poucos, a chuvia foi amainando. Ficaba unha mañán gris, chea de friaxe, e o vento mareiro da Carnota, facía tremar as árbores molladas, con súpetos calofríos fugaces.

Na longa sala dos dormitorios, ateigada de bafos cheirentos e de tépedo ar confinado, había somente catro vellos doentes, que de leito en leito parolaban mainiñamente, con voces cheas de langor e desa resiñada melanconía que pon cadencias tenras, nas verbas indifrentes dos que agardan a morte sin espranza.

Carón da fenestra, envolveito nun vello cobertor rachado, outro home de ben cumprida edá, ollaba o paisaxe da ría apreixando o narís contra os vidros, que o seu alento embazaba.

Naquela crúa mañán de inverno, os máis asilados traballaban na horta, i embaixo, na cociña, ouvíase o balbordo das risas e disputas das mulleres que arranxaban a louza e o xantar.

O Pedro Lueiro, de cada vez atopábase máis falto de forzas, e unha perguiza invencíbel, íbao gañando día a día, domando de cada instante con máis imperio a súa vontade, que pola conta, asemade de día a día, era máis floxa.

El, que aló na súa casiña de Valoa, levantábase aínda con estrelas pra percorrer as leiras, legón ao lombo, sentíase agora apouvigado,

vencido, desfeito por un mortal cansancio. A súa meirande ledicia era estar longas horas inmóvel, coa vista vagariñante nas lexanías verdes e bretemosas daquel paisaxe que tanto gostaba de contemplar dende as fenestras da casa de caridade.

E, nestes instantes, tornábase refresivo na saudade dos tempos en que respiraba a brisa libre e fresca, e nos que o seu corpo, aterecido pola friaxe do amañecer cobraba vida e quentura no rudo traballo dacotío.

E decote finaba por espertar do seu ensono, esgotado de anguria, e tiña a arela de cramar a berros coma si se sintira afogado por unha man brutal que lle esmagase o corazón; mais ao cabo, a súa ansia trocábase nun pranto silenzoso, que esbaraba sin salaios polas súas enrugas requeimándolle as pálpebras. e tornando duro e violento o seu ollar, decote homilde e afable.

Choraba a súa mocedade morta, a súa eisistenza árida e amergurada, a súa alma valeira dun deses agarimos eternos que fan a vida amábel e dan barudos alentos prá triste loita no mundo.

Mais el, tiña un pracer íntimo, inconfeso, nas pontas do seu dor: refozábase nas súas mágoas coa ledicia de tódolos malpocados na podre do seu esprito, coma os porcos no estrume do seu cortello, coma os probes das portas na carroña das súas chagas.

No mes de Santiago, perdidos os bens nun preito de foros sen amparo no mundo, acatóu contrito o seu ingreso no Asilo da cidade. Nos primeiros tempos, el traballaba tamén na horta, podaba as viñas, sachaba as patacas, facía de todo, e achábase contente. Agarimábao a pas das longas celdas, o contauto cos compañeiros tamén desherdados da fortuna. Aquelo era un consolo pró seu esprito esgazado, un sedante prás súas arelas fementes de quietude.

Mais no decurso dos días, ia nacendo un sentimento insospeitado, indefiníbel. Alcontrábase coma preso, na casa grande, na horta pequeneira, os seus ollos percuraban decote hourizontes libres onde choutar cal cuchos rebuldeiros, no dondo verdor das leiras matinales, na aspra esponxa dos toxos bravos.

A tola carreira das súas miradas esnaquizábase estonces contra os muros inxentes, carón das mouras fachadas postreiras das casas vilegas, untadas co negro do chapapote, que arrodeaban a hortiña monacal.

E levantábase na súa alma unha xenreira xorda contra aqueles edificios poboados de felicidade e de cristaiñas risas de nenos, que eran unha afrenta, unha maldizoada inxuria ás lacras dos humildes, dos menesterosos.

Tivera desexado velas arder polos catro flancos e afundirse nun estrondo de traxedia aquelas ledicias tan ingratas á súa amergura.

Non atopaba acougo en ningures, na súa eisaltación, as paredes, os muros, semellaban estreitalo pouco a pouco. Xa tiña no peito mergullada a saudade da libertade e atopábase mal en tódolos sitios.

Só naquela fenestra que espallaba un anaco de terra labrega, pasaba as horas mortas, saloucando internamente a saudade do ceibe que enchíao de morriña acongoxante.

Na fría mañán de inverno, sentado preto do leito aínda quente, Pedro Lueiro ollaba coma decote, as cromáticas lonxanías, ubérrimas de variedade polos xogos das nubens, no ceo cinzento.

Voltóu a acordar en sí. i erguéuse limpando as bágoas fuxitivas co dorso da man encallecida.

—¡Ai Pedro! ¿Tí oies?

Acochado nas roupas do leito, chamábao un compañeiro. Tiña unha vos apagada e deble, os ollos afundidos nas concas e na súa faciana encrenque, desenábanse os ríxidos trazos da caliveira.

—¡Escoita! ¿Tí vés ou non vés?

—¡Vou home, vou!

O seu falar era rouco, polas bágoas mortas na gorxa.

Pedro Lueiro gostaba asemade do tempo pasado na compaña daquel vello doente, que fora na súa mocedade, patrón dun bergantín de Marín e percorrera moito mundo. Entretíñao coa súa conversa variada falando dos tempos en que cruzaba os mares, cheo de valentía, coas velas desplegadas. Un día nun porto, mañán noutro, xa esquencera moitos nomes; mais sabía unha chea de cousas de remotos pobos de negros e de chinos, e falaba con agarimo do seu barco, cal se fora un fillo seu.

II

Cando Roque do Estevo, o vello xeiteiro de Cidrás morréu deixando ó seu netiño no meirande desamparo, foi iste recollido polo Antón Cecebre, amo de moitos barcos de pesca e mercadería. Home de mala sona a quen todos conocían co alcume do "Ballenato".

Ó encarregarse da férula do neno, non fora por sentimento de caridade nin tan siquera, íl vía no rapaz un bon obreiro futuro, que traballaría de balde no medro dos seus intreses.

Dende aquela na vida do pequeno Cibrán do Estevo, comenzóu o lado triste da realidade. Traballaba arreo na limpeza das dornas, recibindo paus e labazadas por todo premio. De mañán cedo tíñase que erguer para correr á Dársena onde estaban fondeados os barcos do amo, i escomenzaba a faena. O achicar a iauga, tender ao sol os aparellos, fregar os bancos i as sentinas. Suando faguía apresuradamente as súas ocupacións, agardando arelante a hora do meiodía, en que mataba a fame cos restos da caldeirada dos mariñeiros. Algunha que outra vez iba á taberna en percura de viño pra os pescadores, e choutaba de ledicia ao recibir o pataco que decote lle daban.

Encol de tudo, un deles, que fora compañeiro do seu abó, agarimábao moito, e sempre lle dirixía unha fala de alento.

—¡Hai que traballar rapás! ¡Hai que facerse home! Cando sexas meirande, virás connosco ao mar...

Aquelas verbas quedaban marcadas no seu maxín, e de noite no leito de follato, rebulía esperto pensando no día feiticeiro en que traspasaría os hourizontes azuados.

Embuido no ensono, gardaba con inxénua cobiza os cartos que axuntaba, pra mercar un bon pucho de augas como os que tiñan aqueles mariñeiros tan envexados. E nas mañáns bonanceiras ficaba estáteco ollando as lanchas facerse ao mar. Seguíaas coa mirada saudosa de cousas remotas, hasta que desaparecían, cal folerpiñas pequerrechas, aló onde o ceo tocaba coas augas, nunha vaga liña de brétema.

E decote pola súa moura sorte topábase á carón do "Ballenato".

—¿Qué fas cacho de pantasma? ¡Vouche quentar as costelas! ¡Traballa folgazán!

Tremando baixo a ollada ameazadora que sempre viña en compaña de algún tirón de orellas, o Cibrán púñase ao seu, sin ousar responder.

Mais un día, o amo chegara acorado, berrando...

—¡Corre ben rapás! O Farruco o Xaleiro está doente, e tí irás hoxe á pesca no seu posto. ¡Bule axiña que estante agardando pra sair!

E de alí comenzóu a súa vida de home.

¡O pirmeiro día no mar! A súa lembranza perduraría nel toda a vida. Somellaba navegar polo ceo entre neboeiros azuados e verdes. As foulas levantaban a dorna en alto, voltando a deixala mainamente co mimo da nai que xoga co seu meniño. Sentíase agarimado polo mar, acariñado tenramente polos vaivéns dondos. Aquel día fora o mellor, o máis felis da súa vida.

Os mariñeiros, ollábano coma un compañeiro e máis á hora do xantar, díronlle un xaruto.

—¡Fuma rapás! Os probes fuman, porque eisí cómese menos ¿sabes?

Á volta de algúns anos, Cibrán do Estevo, era xa un mareante, feito e direito, xa campaba nas festas e tiña afeizón ás mozas.

Dispóis, piloto dun bergantín mercante, comenzóu a percorrer o mundo.

Visitóu remotos portos iñorados, que xamáis soñara, e que tiñan enrevesados nomes. Port Said, Gallípoli, Hong-Kong... Gardaba deles, un deslumbrante recordo de cores intensos e de língoas incompren-síbels.

Unha noite, ancrado en Tolón con un rebuldeiro grupo de paisanos pillóu a primeira borracheira dos centos delas que virían dimpóis.

E daquela comenzóu o vicio do alcol. Porto en que atracaba, xa era sabido: Entraba na pirmeira baiuca e pasaba o tempo valdeirando copas, e á noite voltaba aos tombos, a durmila no barco.

Mal viño tiña, cando atopábase peneco fungaba de todo, calquer cousa tomábaa a mal, e chegaba até a zorregarlle cun vergallo aos pequenos grumetes.

Cada ves iba máis abaixo na pendente do vicio, degradábase a súa alma i enfermaba o corpo.

Maltrataba á tripulazón e de varias veces chegaron aos ouvidos do amo queixas contra el.

Até que un día á volta dun longo viaxe, o "Ballenato" chimpóuno na rua.

Andivo moitos meses tirado coma un can, e cuase que vivindo da caridade; pero ao fin unha ves, por mór dunhas puñaladas, nunha disputa, botóulle a man a xusticia; e logo de complir na cadea foi dar ao asilo. Aínda alí tivera tamén xenreiras e rifóu con moitos. Todo o serán pasábao na galería, de un lado a outro recorréndoa a longas zancadas coa pipa valeira antre os dentes apodrecidos.

Mais nos seus instantes de quietude, saltábanlle as bágoas ao falar do seu buque.

—¡Figurarvos! —contaba no corro dos vellos—. Era un barco, grande, con moitas bandeiras e velas branquiñas coma a mesma escuma do mar. Eu alí no timón, mandando á xente ¡Orza! ¡Vira! Alí éravos coma un rei, este vello. ¡O meu bergantín! Non sei que daba porque o vírades un instante. ¡Quedaríades parviños!

E tamén na Casa da Caridade, aquil home tiña un aristocrático prestixio. ¡Fora Capitán de barco!

Ninguén podía dicir outro tanto, e todos pois sintíndose inferiores a aquel home que tanto mundo andivera, ollábanno coma un ser superior.

Cando caíra doente, todos iban á veira do seu leito escoitar as hestóreas. E decote denantes de se deitaren, chegaban onda el pra preguntarlle pola súa saúde.

Mais pouco a pouco ficóu soio, agás da compaña que lle facía algúns instantes o vello Lueiro.

Decote chamábao á súa veira pra botar un párrafo, que invariablemente escomenzaba polo eloxio do bergantín seu.

—¡Se viras o meu bergantín! ¡Quedábaste parviño! E o mesmo, acotío, arreo. Tiña arelas, de que o escoitaran e fixeran xestos de asombro. Entón ficaba satisfeito, e púñase a cantar coplas mariñeiras.

E tíñalle boa lei ao Pedro Lueiro, porque se asombraba de tudo o que lle contaba e sentíase ledo da súa inxenuidade.

III

Caladamente, có pensamento mergullado en intensas mágoas o labrego foise sentar á veira do doente.

—¿E logo que contas, hom?

—Xa ves, decote, loitando co mal, ¡triste vida a nosa meu vello! pasamos polo mundo, coma os paxaros de Deus, vivindo ao día sin

pensar no mañán, e súpetamente atopamos coa miseria moura que amergura os nosos derradeiros istantes.

—Mais tí non tes queixa Cidrán, tí percorríchelo mundo enteiro, viches moitas cousas, e gozaches algúns instantes da vida i eu non, compañeiriño, traballando arreo todo o día de Deus sen sair da miña aldeia, somentes algunha feira, ía cabo da cibdá e logo de faguer a venda, andábache aparvado polas ruas. ¡San Benitiño grorioso! ¡Tantas cousas hai na vila! Un mundo de xente ben vestida, casas moi altas, moitas eirexas grandes. Logo os cafés cheos de homes, todos xogan, ¡e veña seis doble! ¡e dalle có *pasabola!*, todos a latricar ao redor das mesas, falando unha chea de cousas raras. Eu coidaba que non había máis alá, até que fun ao servicio do rei e soupen que moi lonxe había guerra cós mouros rifeños... daquela era aínda un rapás e asombrábame de todo.

—Logo tí eras un iñorante.

—Érache, meu amigo, érache. ¡E asina pasáronme tantas cousas, escoita!: Eu traballaba na finca do señor Bernardo Canabal home de moito valimento na vila, ¡Qué casa farturenta aquela! Collía trinta pipas de viño e sete carros de patacas ao ano, e por riba aínda prestaba diñeiro a rédetos.

El tiña toda a confianza en mín —"¡Pedro hai que axustar sete xornaleiras!"— Bueno, si señor, —"¡Pedro hai que trasegar o viño!"— Está ben, sí señor. Eu corría con toda a adeministración da facenda, de ves en cando, falábame da política; —cando era así pensaba pra mín:— ¡Xa temos eleciós á porta! —"Porque Maura, porque o Canalexas, porque o outro, porque o de acolá. ¿Tí votarás ao noso?".—Votaréi, sí señor, o votar non costa traballo.

—¿E roubábache o voto?

—Non roubaba, non. ¡Pra min que máis tiña éste ou aquél! O señor era o meu amo e tiña que obedecere. ¡Alá que se mataran eles! Unha ves veu un home a padricar, que o voto era libre; o amo díxonos que viña a nos engaiolar con parvadas e que era un "republicano". Pois á noite, axuntámonos tódolos mozos do lugar. ¡E démoslle unha somanta...! que foi bó. ¡Levóu pra hoxe e pra mañán!

Unha voz deble que viña do leito fronteiro, interrumpíu a conversa, somellaba o salaio dunha ánema en pena —¡Salvaxes! ¡Fillos dunha raposa! ¡Así tratades ós apóstoles da causa da humanidade! ¡Os vosos ollos están cegos pra ver a lus da redenzón!

Era un vello da vila que levaba moitos meses encamado, e que asegún decían, escrebía nos xornaes; conocíanno na casa por "o poeta". Arreo andaba a queixarse e a cuspir sangue por tódolos currunchos.

Coidárase aquel falar, a vos dun profeta condanando a depravación da humanidade.

—¡Sociedade burguesa! ¡Xeneración de cóbregas pezoñentas! ¡Os teus días están contados! Ergueranse os humildes, os feridos polas vosas trallas, e coma lobos do monte cairán encol dos tiráns, e arderedes nun inferno en vida, pra sempre endexamáis, amén.

—¡Amén! Repetíu como apalambrado o mariñeiro.

—¡Amén! —dixo coa alma na verba santa o mergurado labrego.

Así os doídos da vida, as almas miserábels, invocaban á libertade que non ollarían, con todo o alento do seu esprito, con tódolos folgos dos seus corpos podres e desfeitos na bárbara traxedia diste val de bágoas.

Fora, rachando as nubens, asomouse a cálida faciana do sol.

Ao lonxe, na cidade, soaba un longo repinique de festas.

IV

No comedor era todo ledicia e algarabía.

Os asilados en dúas ringleiras, ao longo da mesa parolaban contentos.

Un cego chuscarrandeiro que fora probe das portas e sabía moitos ledos decires de malicia, contaba contos aldeáns cheos de sán erotismo e saturados de mística devoción primeva. Anacos de mouras traxedias de lobos e bruxería. A raíña encantada do monte Castrove que agarda ó galán que ha desfacer o seu feitizo, a lenda do San Ero de Armenteira, os prodixiosos milagres do Cristo de Xende e da Santa Comba.

O seu falar tiña un grave e armoñoso xeito de salmodia cal o acento doído con que pidichan un anaco de broa os probes e porfiados mendicantes da aldea.

Erguendo a testa, cun surriso desvergoñado nos beizos, o cego falaba agarimado e atento a tódalas voces que soaban no seu arredor.

—Unha ves era un Rei...

Tódolos seus relatos emprincipiaban o mesmo —"Unha ves era unha moza"... —"Unha ves era un lobo"..... E había no rutinario escomenzo un deixo de lenda recollida da boca do pobo, unha santidade de estilo como a dos vellos infolios das vidas de santos, que principian invocando a lus proteutora da Virxe María.

Todos estaban pendentes das súas verbas coa leda atención de nenos que soñan con reises e raíñas mouras, enfeitizadas por un fero xigante.

A hora do xantar era a hora das espansións. Contábanse moitas novas e algúns falaban embelesados da súa familia.

—Eu teño tres netiños pequerrechos —decía ún—. Quérenme moito e veñen moitas veces a visitarme. Eu aforro das esmolas que me manda a señora e mércolles lambonadas. ¡Son moi bonitiños os meus netos!... Xa verás... un día heichos insinar.

Xeneralmente o outro calaba cheo de envexa e mergura.

—Pois eu —falaba outro asilado— teño un fillo moi listo que está a estudar. ¿Sabes? ¡A estudar! —berraba para que todos ouvisen—. ¡Sí señor! págalle a carreira un señor marqués. ¿E logo? ¡Un señor marqués! —e inchaba os mofletes ao decir o títolo, como se fose aque-

lo un doble mérito—. ¡Un señor marqués! Non vos é un calquera... Anque ún é probe non está mal mirado. É verdá, sí señor...

E todos falaban das súas cousas sin ouvirse uns aos outros, pra asombrar aos compañeiros, e gostaban da envexa dos que non podían decir outro tanto.

Somente o Pedro Lueiro calaba..., calaba sintindo que as bágoas facíanlle un mortal ñudo na gorxa.

Polas abertas fenestras entraba o Sol en súpetas breixas de ouro.

V

Un silenzo denso pesaba nas almas.

Fora, escoitábase o escarabexar das galiñas e con deble tanguido a campaíña do Asilo doblaba a morto.

Sentadas en roldes, as vellas facían calceta. Un asilado cheo de baba fitaba o teito con fixeza persistente.

Un gato negro andaba a xogar cós novelos esparexidos polo chan.

Mainamente, na inconsciencia da labor manual, unha vella escomenzaba a cantar baixiño.

Miña nai como é tan probe...

A súa voz pasaba coma unha brisa remota que removía lembranzas dos tempos mellores nas almas murchas dos asilados. Tan deble, tan mainiño o alalá da Terra, falaba con acentos tenros ao corazón dos doídos. E unha voz, dúas..., vinte, xuntábanse á copra iniciada.

Miña nai como é tan probe
e non ten pan que me dar
éncheme a cara de bicos
e despóis, rompe a chorar.

O cantar enchía a estancia co alento saudoso dos campos familiares, dos broncos piñeirales asolagados baixo o Sol do vran. Era cal si unha voz ben amada espertara as lembranzas da mocedade arrumbadas nas almas polas dóres da vida tristeira.

E o Sol, o Sol, ledo e canso coma un ceguiño mendicante andaba ás apalpadelas polas paredes, buscando pousar seus bicos dourados encol das nevadas testas añorantes.

Unha irmán da caridade, levantouse nun curruncho pra interrumpir aos cantores.

—¡Chist! ¡Fagan o favor! Están durmindo... ¡Chist!

A copra morréu coma coutada por un machadazo brutal.

—¡Caláí, durmen os doentes!...

A voz da serva dos probes, finiña, serea, arrecendía como un encenso á devoción mística das igresas.

Un vello falóu:

—Ten razón a nosa branca pombiña. ¡Consolo dos probes!

O corro cantóu loubanzas de labrega cortesía.

—¡Volvoretiña santa! ¡Estreliña do Noso Señoriño!

Ela refusóu acorada.

—¡Por Deus, irmanciños! Calen. ¡Eu nada merezo! ¡Non digan cousas tales!...

O Parvo de Codeseda, escachándose nunha risa satiresa de besta encelada, tiña a vista cravada na branquiña faciana, nas saudosas violetas dos ollos monxiles, que xurdían no rostro abuado cal os lirios aterecidos e pensantes nun campo nevado polo inverno.

O Lueiro adormecía arrolado polo estatismo fraternal do serán tépedo. Aquel acougo silente fechaba as abertas feridas da alma e o corazón adormecía ao conxuro da copra labrega sentindo a penosa vacuidade das grandes emocións. Unha ardorosa bafarada aquencíalle as meixelas e as bágoas escachábanselle na gorxa.

Carón da fenestra unha cadeira vella e cuase que desfeita, lembraba ao aldeán os primeiros tempos do Asilo. Alí sentábase acotío un velliño tolleito, de longas barbas brancas como a lan dos años pascuales.

O velliño era garimoso e falangueiro con todos, o probe xa toleaba cos anos e voltábase neno, e decote andaba á percura de decir a todos cousas agradábels, perguntando con cortesía servil pola familia e animando aos compañeiros de sorte. Asemade el coidaba poñerse bó e sair algún día do Asilo. Na casa tíñanlle boa amistade todos, e chamábanlle "O Señor Agustín".

Lueiro lembrábase agora con máis forza, dun día en que desfeito de saudade e sin ganas de ter leria, berrara co vello. Daquela estaba triste e sin ánemos de falar, mais o señor Agustín que mesmo morría por latricar con alguén, dixéralle...

—¡Ai Pedro! Hoxe atópote mellor. ¡Moito mellor!

E como o outro non respondera, voltóu a falar.

—Dígoche que estás ben... ¡Así Deus me salve!...

—O que é desta —respondéu chantando as verbas o labrego— ¡Pode que nin Deus o salve!

Tiña naquel instante, unha fonda xenreira ao importuno. Houbera desexado botarlle as mans á gorxa i esgazalo en anacos.

—¡Vaia home! —O vello non calaba— Disimula... Ben sabes que non cho dixen por mal... ¡Si Deus quer, cando eu sane, heite convidar a unha boa empanada de sardiñas!

—Vosté ten gana de leria, i eu non teño ningunha. Meu vello, non se faga ilusións. Deiquí para a cova...

—¿Sabe meu santo? ¡Non ande a cavilar parvadas!...

O señor Agustín abrira moito os ollos espantado; mais non quixo aínda comprender. Facendo unha surrisa comentóu.

—Tí, decote tan churrusqueiro...

—¡Boh! Ben sabe que non ando de pava ¡Vosté ben sabe que non chegará ao inverno!

Calara o vello, tapando a faciana coas mans enrugadas. E houbo un longo silenzo.

Comenzóu a sentirse unha queixa mainiña, amergurante coma o pranto dun meniño.

O velliño choraba esconsolado, loitando por esconder as bágoas.

Lueiro sentíuse arrepentido da súa brusquedá.

—¡Señor Agustín! ¿Vosté chora?

O pranto, estalóu en fortes salaios.

—¡Asús! ¡Asús! ¡Vállame Deus!

Sin parar chorara todo o día... No amañecer seguinte, atopárono morto.

Emporiso o labrego ao lembrarse, sentía unha fonda compasión, arelas fementes de chorar e de pregar a Deus, pola ialma do velliño.

Fora, a tarde cal unha caracola mareira, chea de sonoridades lontanas, íase mollando mainamente nos saudosos cromatismos da posta do Sol.

Nun currúncho, as vellas asiladas, contaban enredadas hestóreas de familia.

E había un coro de sinxelas compasións a cada comento.

—¡Non somos nadia! ¡Non somos nadia!

VI

A vella máis vella do asilo narraba a súa vida á un grupo de catro mulleriñas labregas que a escoitaban con respetosa atención.

Aquel relato longo sembrado de bágoas e ledicias que resplandecían como xoias antigas tiña unha íntima emoción de dramatismo. ¡Do fondo dramatismo dos días valeiros de utilidade que pasan en penosa procesión de lembranzas prometedoras deixando un amargor nas almas e unha queixa, somente unha queixa, resiñada nos beizos!

As evocacións suscitadas removían o estanque do seu esprito coa brisa sutil e fría da tarde que morre, percorría as estancias esquencidas na intimidade do corazón cal un sopro invernal que non trai arrecendos nin ecos de vida e murcha as derradeiras frores do campo silenzoso.

Inda a fidalga señora surría ás lembranzas espertadas do eterno sono do esquecimento; mais a súa surrisa, era lonxana e doída, ficando no semblante enrugado, cal unha carantoña que preludia un saudoso chorar.

Falaba, queda, quediñamente, saboreando o celme pretérito das memorias que a engalanaban co rebrilar temeroso e embazado de diamantes vellos.

Era das mellores e máis nobres familias de Pontevedra a familia de Doña Malvina de Gondarel, nos seus antepasados contábanse reises e raíñas, condes e marqueses. Inda a casa dos seus abós, hoxe no poder dun usureiro, campeaban encol do marco da porta, os escudos dos Gagos, dos Mariños de Lobeira, dos Pazos de Probén e de outras máis familias de masisa e fidalga procedencia.

Foi no comenzo da súa adolescencia, inda a vila conservaba os seus muros como un cinturón aislador da plebeiez que moraba nos burgos apartados, cando conmovera a Galicia enteira a nova da san-

guiñenta carnicería de Carral, que epilogara tristeiramente o bravo alzamento de Solís e os seus compañeiros.

Malvina de Gondarel tivera de lamentar daquela a morte escura e sin groria do seu úneco irmán mozo, arriscado e valente, que empapara coa xenerosa ofrenda do seu sangue a santa terra dos nosos maiores.

Moito tempo a nai chorara aquel fillo sacrificado, e de noite nos longos corredores, voaban cal pombas feridas poñendo medo na alma de Malvina, os doridos sospiros da señora.

—¡Meu Antoniño! ¡Ai meu Antoniño!...

Por el choróu o resto da vida e aínda no seu leito de morte chamábao con lamentos que fendían o corazón.

Así cando a nai finara, atopárase Malvina dona e señora do seu, baixo a férula esplotadora dun consello de familia.

Afundida no silenzo engolado das salas, soia coa vella criada que vira nacer ou seu abó, vivira unha vida estéril, monótona e sombriza.

Encarrilada na ríxida crianza da nobreza daquel tempo, endexamáis saía da súa casa como non fose ás misas do domingo ou aos novenarios de cabo de ano que mandaba facer polo eterno descanso das almas da nai e do seu irmán.

A quinta feira recibía visitas de parentes e amigas, vellas relacións da casa que chegaban sospirando finxidamente e falaban sempre o mesmo.

—¡Qué tempo! ¡cómo chove! ¡Levamos unha semana pasada por auga!

Outras veces:

—¡Qué calor! ¡Non se pode vivir con esta fatiga!

Había donas ancianas que a súa única preocupación era a saúde, e pasaban horas enteiras contando tódolos detalles da súa doenza derradeira, e as visitas a un tempo facían mudos xestos de preocupación e de asentimento incondicional. Outras contaban chismes e enredos que as oentes, disimulaban comprender. "Porque o tío da sobriña da irmán da nai". "Porque o pai do xenro do neto"..., e tamén os xestos rutinarios de aprobación acompañaban estes relatos...

E así decote, até soar a hora da queda. Entón calaban bruscamente as conversas e unha dona, santiguándose, escomenzaba:

—O anxo do Señor anunciou a María e concebíu por obra do Esprito Santo... Ave María...

E o marmurio das pregarias, baixo o bronco son dos sinos parroquiaes, coidárase un rebaño de almas devotas encamiñadas ao ceo, por gordos abades que cantaban na groria da hora mística, relixiosos salmos monásticos.

Logo, as visitantes comenzaban a despedirse, e Malvina, acompañábaas solícita á porta.

—¡Teña coidado doña Concha, que a escaleira está moi escura! ¡Doña Rosenda, non se vaia cair que ahí falta un tramo!

E as voces xa no portal contestaban.

—¡Retírese! ¡Retírese que fai moito fríol ¡Até o prósimo día si Deus quer!

E Malvina outra vez soia voltaba á súa vida normal. Pasaba os días facendo media detrás da vidreira do longo balcón voado e contemprando con envexa resiñada os xogos dos nenos na vella praza da Ferrería.

E así sempre, sempre... Correran os anos. Pasara moitas veces o Corpus coas súas gaitas diante da súa porta sin que ela se decatara da inutilidade da súa eisistencia, alonxada do amor e das vanidades do mundo.

Cando quixo acordar xa era vella, e o golpe brusco da ruina conmovera tráxicamente a súa alma; mais ó cabo xa que entrara no Asilo a súa vida pacífica e mansa non se alterara nin un soio instante.

Unha ves tivera un soño revelador.

"Ela xa morta era chamada á presencia de Deus, e o bon Señor arrodeado de anxeliños rebuldeiros perguntaba:

—¿Qué fixeches no mundo?

—Nada, Señor —respondía ela tremando de medo.

—En troque pecaches moito.

Ela inclinara a testa convencida e desconsolada.

—É verdá si señor, pequéi moito...

O Deus vello fitaráa cheo de carraxe.

—Entón non entrarás no noso reino.

Mais ela lembrárase e tivera unha ideia salvadora.

—Eu Señor, traballéi tódolos días, fun de cote á misa e fixen moita calceta.

En esto chegara San Miguel coas súas pesas, e en un platiño fóranse acugulando tódolos pecados. Eran coma vermes pequeniños, leviáns pecados de marmuración ou de envexa.

E Malvina anguriada, vira incrinarse a pesa. A sentencia ía ser fatal.

Mais logo chegara San Roque, o seu santiño querido a quen lle rezaba tódalas noites, e traía unha chea de labores feitas por ela. Tantas e tantas eran que a mesma Malvina asombrárase do seu traballo.

Puxéronnas no outro pratiño, e a pesa dimpóis de breve vacilación incrinárase do outro lado.

E Dios noso señoriño, rírase moito e dixéralle con vos agarimosa:

Podes entrar Malvina no teu ceo.

E Malvina chegaba á groria acompañada de moitos anxeliños roibos".

E polo de agora, ela, resiñada coa vida sintindo no peito a mágoa fonda das evocacións que viña narrando, non desexaba nada, nin tiña espranza nas cousas desta vida. Somentes agardaba que a morte quixera levala a aquel ceo que lle fora prometido en soños.

No silenzo do serán quedaran titilando os ecos das súas verbas derradeiras.

—E cando a morte veña a carón de min, eu deixareime ir contenta, pois non teño nada que temer.

O vello Lueiro puxera a media voz un comentario cheo de xenreira.

—¡Este demo de vella está xa que tolea!...

VII

Aquel día festexábase no asilo a víspora de Nadal con un xantar extrordinario que pagaba aos probes un señor da vila.

Todos estaban cheos de ledicia, e había risadas das bocas sin dentes que soaban como risadas de nenos.

O capellán botara unha longa plática falando da caridade do señor Bernaldo a quen Deus na súa bondade sin fin debía gardar moitos anos.

—¡Vivan os velliños e velliñas todas —berrara ao final do discurso don Xesús. E o coro con toda a súa forza dixera:

—¡Vivaaan!...

—Viva o señor don Bernaldo.

—¡Vivaaa!

—¡Viva a Santísima Trinidade!

—¡Vivaaa!

E o poeta que aquel día quixera participar dos goces da mesa ergueuse a botar un brindis.

Esta merenda
Non sei por quen será
Mais si é por Don Bernaldo
Que teña moita felicidá

E o concurso arrebatado voltóu a oubear.

—¡Vivaaa!

E todos cheos de entusiasmo infantil marcharon á fonción da capela, cantando con ferriños e conchas.

Que viva, que viva
a Santa Relixión
que viva Don Xesús
que nos dá a educación

Lueiro, no medio dos compañeiros acompañaba a copra tocando o pandeiro. Aquela ves xa era outro home, esquecera as tristuras e consideraba somente o día, o gran día, en que todos debían estar contentos, pois iba nacer noso Señor Xesucristo. ¿Quén pensaba en dóres nin na morte? Aquel día era día de ledicia e non de se lembrar de cousas tristes.

Xa a grave vos do órgao, vos de armonías remotas do ceo, fixera calar aos cantores, elevando un himno místico que aló nas outuras da groria coreaban as voces cristaiñas dos anxos.

Os vellos axionllados nas gradas a carón do altar rezaban as súas mágoas, as súas tristuras. Rezaban polo de onte e polo de hoxe. Porque os seus pecados lles fosen perdoados. Polo eterno descanso das almas dos que foron.

Levián e tardo o seu rezo, rubía, rubía ás outuras do ceo, como un salmo de humildade.

Comenzaba o sermón. Como estremecimento que pon a brisa da tarde nas árbores do bosque corréu entre o grupo de vellas e vellos o movimento de santiguárense.

Don Xesús na penumbra do púlpito principióu a súa oración con voz lenta.

—E foi por este tempo que xa pasadas as corenta semanas que dixeran os profetas, tiña de vir das outuras do ceo o fillo do home...

Pedro Lueiro abríu moito os ollos sen comprender poñendo nun esforzo toda a súa atención.

Logo o sermón engadellábase, facíase confuso, loubando a groria do Deus dos exércitos arrodeado de santas e santos que mandaba sacrificar o seu fillo pola redenzón dos probes.

O aldeán seguía sin decatarse de nada, somente ouvía as verbas que non chegaban ao seu cerebro. As inflesións da voz conmovíanno, cal unha música desconecida. A actitude, o xesto do orador impresionábano moito máis.

Inconscentemente fixóu a vista no cura, seguindo con curiosidade os seus ademáns. Unha néboa densa comenzóu a cubrilo. Agora somente vía a súa testa calva axitándose dun lado a outro nun movimento pendular e monótono. De pronto a figura medraba, medraba, enchera toda a capela e tiña catro ollos, dúas narices, oito mans, as voces batíanlle nas orellas como berros dun monstruo. Non resistindo máis o Lueiro palpebrexóu, e a figura foi baixando de dimensións. Agora axitábase, debatíase con porfía tola até quedar metida outra volta no púlpito cal nunha pipa de viño; mais novamente comenzara a medrar. Somellaba que o tonel revertía negruras. Infrábase a sotana coma os grobos que se botan nas romerías...

E súpetamente calóu todo.

Lueiro tivo como un espertar e miróu ao redor pra decatarse do sitio en que estaba, ceibe da ousesión de anguria que o poseera momentos denantes.

Con un tremar de campaíñas doce e levián cal un escintileo de estrelas, rubía a hostia nas mans do crego oficiante, e un silenzo preñado de emocións, un solemne silenzo conventual, viña recollerse aos pes do Deus tembroroso e mudo de relixiosidade.

O órgao, xemía nunha nota que se perdía nos espazos abrindo crarores puros nas bóvedas de pedra onde asomaban as ridentes facianas dos santos do ceo.

Lueiro axionllado nas gradas, sentía que as bágoas lle bicaban as meixelas nunha caricia donda e saloucante. ¡A caricia bendita do ne-

niño Xesús, que viñera ao mundo a consolalos probes e darlles a súa vida enteira! E era en ofrenda a el que aquel altar brilaba na escuridade da capela cal unha porta da groria pendurada de bágoas do Sol.

E os beizos do aldeán reverteron unha pregaria.

—¡Axúdanos bon Señor! Sómolos probes teus, os probes por quen derramaches o teu sangue bendito. ¡As nosas mágoas non teñen fin neste mundo! De chorar están enxoitos os nosos ollos, pola vida pasamos cal Tí carregados coa cruz do noso sofrimento. ¡Válenos, Deus! E erguéuse transfigurado cal si o ceo acabase de ouvilo.

VIII

Na fría oscuridade, tronaba o silenzo cal o eco dunha fonda badalada de ferro, afinada no "fa" tónico, que din os vellos grimorios de maxia. Como un mar insondábel, afogaba os ruidos da noite.

Fora, as constelacións de infantil xeometría aluciaban cal as notas do pentágrama onde están escritas as máis subrimes polifonías da natureza.

Na sala rectangular dos dormitorios, tremaban queixas e sospiros. durmían os vellos no acougo silente das outas horas.

Pedro Lueiro sentíase inquedo, desvelado. Aquela noite era a Noite Boa, a noite de tódolos agarimos, a plácida noite familiar, e o seu pensamento debruzábase na lagóa das lembranzas dos tempos mozos.

Tal noite como aquela, xuntábase coa súa familia ao redor da lareira, onde o lume xurdía cal un sol doméstico aquecendo os corpos e pendurando nos corazóns resprandores de beatitude e felicidá.

Unha voz, que coidárase a voz murcha da superstición labrega, facía o comento da leda noite en que tódolos homes debían estar contentes pois o Verbo feito carne viría demorar entre eles pra consolar ós que sofren e curar tódolos males do esprito...

E asemade encol do lirismo remoto dunha noite de Nadal viña cinguida a hestórea breve do único amor do Lueiro que ben poido transformar o vieiro deserto da súa vida.

Era ela, unha rapaza da veciña parroquia de Santa Comba de Canaval, belida e xentil coma unha linda princesa. Tiña os cabelos roibos, de ese roibo malencólico que pon o Outono nos viñedos e os ollos azúes como o mar ós amañeceres. Lueiro chegara a querela máis que á súa vida, como el non pensara endexamáis que se poidera querer a ninguén. Aquel amor sería a súa salvación. E pensaba de traballar noite e día pra axuntar cartos, moitos cartos, e mercar terras e casas pra ela. Con este pensamento fixo, decote, el calara arreo sin confesarlle o seu sentimento.

E unha noite, unha branca noitiña de Nadal en que Lueiro facía ronda cos mozos, cantando as copras inxénuas que a musa popular derramóu nos beizos do pobo, os ledos aturuxos e as doces cantigas

foron chamar á porta dela cun bico de amor implorante e envolveito en calados romanticismos.

Oubeaban os cans ao luar que esbaraba encol das augas do río, e no ceo estreliñas toleironas andaban a fuxir e a se esconder.

Lueiro lembrábase cal si fora hoxe. Ela asomara á fenestra e dixéralle aquelas verbas que inda levaba cravadas na alma.

—Xa ves Pedro, os dous somos probes. ¡Non pode ser!

Lueiro calara, calara que xa tiña cartos aforrados pra escomenzar a vida. Que a pobreza con amor é dourada e lumiosa. Que a felicidade voa máis outo que o materialismo do diñeiro. Nada de esto que pensaba, dixera. Pola contra rendírase con bágoas nos ollos sintindo no corazón o golpe tráxico das ilusións que se veñen abaixo.

—¡Eu Pedro, queróchе ben! Mais tí ben o sabes. ¡Non pode ser!

Agora removendo as lembranzas pensaba cómo aquelas verbas enloitaran decote a súa vida. ¡Era verdade! ¡Gran verdade! Nada xa pra el podía ser. Ben falara a rapaza. ¡Non pode ser! Por sabido que non. Nin a ledicia nin a felicidade, nin tan siquera un acougo ditoso nos derradeiros anos da súa vida.

—¡Non!... ¡Non!... —dixera sempre unha vos nos seus ouvidos—. ¡Non pode ser!... ¡Non pode ser!...

A noite pechábase nunha espiral de medos, cal o diafragma dun ollo somnolento.

De repente un lamento acorado soóu ao lado do leito de Lueiro.

¡Ai!... ¡Ai!... ¡Deus me ampare!...

O labrego adiviñóu na escuridade ao vello mariñeiro Cibrán do Estevo, sentado na cama.

—¡Ei, Cibrán! ¿Tí qué tes? —perguntóu a tentas.

—¡Ai! ¡Ai! ¡Eu morro! ¡Eu morro!

Soóu un golpe do corpo sobre os muelles do colchón.

—¡Ai tí! ¿Queres que chame?

Respondéulle un gurgullo afogado que foi baixando até calar de todo.

Lueiro asustado agachóu a cara baixo as roupas; e somentes sentía a carreira rápida do seu corazón.

Daquela, furando o silenzo, esbarando mainamente encol das tebras molladas de lúa, soaba lonxana a risa branca da gaita tecendo xoias irreaes de sonoridades garimosas... As súas pingas de esmeralda caían na alma do labrego como amargas escumas do mar.

A gaitiña leda das alboradas ía chamar ás portas do Asilo como un eco da vida pasada...

¿Mais, tí, gaita da terra nosa, heraldo das belas festas e ruadas da mocedá, por qué ves turbar a pas tristeira da casa da Caridade, soando cal voz profana que fala das cousas que non voltarán?

Mais, non, tí cantas na noite leda do Nadal por que sabes que hai ouvidos que recollen atentos a túa canción de saudade. Que os ollos caducos a través das bágoas da lembranza, ollan decontado as douradas praias que bate o mar. As prolíficas leiras verdecentes hú-

midas polo orballo dos amañeceres. As lexións bruantes dos piñeiraes, nas que canta o Nordeste os salmos barudos e rexos da patria do futuro.

¡Soa meiga gaitiña da Terra! ¡Soa! Que ves bicar os corazóns feridos da vida e pousar nas almas dos que esperan morrer, valeiros de ilusións, unha despedida amercendante e tenra da *Terra-Nai.*

E Lueiro, aniquilado de emoción, sin forzas pra erguerse mordía o embozo silenciando os saloucos, e as súas bágoas, salobres e tépedas mollaron longo tempo as sabáns do leito.

IX

Moitos días levaba Pedro Lueiro postrado no leito. Unha estrana doenza ia minando por instantes a súa vida. O corazón choutáballe arbitrariamente sin a lenta isocronía da normalidade con xordos gurgullos cal unha vexiga chea de auga.

Dormía pouco, as longas noites de inverno desprumaban aos seus ollos nun vagar lento de minuto por minuto; mais cando ó cabo conquería o somo, ás poucas horas espertaba acorado, cheo de sobresalto e sintíndose afogar entanto o corazón galgaba desaforado nunha tola carreira.

E apertando coa man o costado esquerdo, Lueiro sentíase presa dun medo infantil á morte, que viña chegando por momentos, con un andar perguizoso e canso cheo de mouras torturas crueles.

E de novo a vida, a súa probe vida valeira, pasaba nun cortexo de pesares pola imaxinación. Os tempos de rapás cando el andaba aos niños no monte de Garramal, os instantes alborales da súa adolescenza. Os días de desgracia e dór dos derradeiros anos... Corrían nun vertixinoso desfile de coadros animados, cheos de vida e de releve antre os desgarramentos capciosos das trebas.

O labrego esaminábaos atentamente. Non había en todos eles nin a menor sombra de vicio ou de pecado. A súa vida discurrira escondida, esbarando por un rego inalterábel sin torcer nin desviare o seu rumbo decote fixo e igoal camiño da morte que parecía agardalo sin presas.

Ningún remordimento podía pois enturbiar os poucos días que lle quedaban no mundo. Lueiro traballara sempre e fora bó con todos, non recibindo en troques senón desprezos e malas aucións, abandono dos amigos e indifrenza dos parentes que non lle tenderan unha man caridosa, na súa desgracia.

Se verdadeiramente había unha vida máis alá, onde se premia aos bós e castigase aos malos, o vello nada tiña que recear; mais se nona houbera, dabondo compensado quedaba de non voltar a sofrir outro tanto.

Así o Lueiro pensaba para se consolar; mais no fondo, un medo ao desconocido conmovíao até as bágoas. Contemplábase xa inerte, pechado nunha estreita caixa de piñeiro, a lombos de catro asilados, camiño do camposanto da cibdade. ¡Nin tan siquera o consolo lle quedaba de ser enterrado no adro da eirexa da súa aldea!

Alí, soio, esquencido de todos ficaría na noite eterna que acolle ás almas no outro mundo. Nin un ser querido que chorara por el, nin rapaciños enloitados que viñesen a pór frores na terra do seu sepulcro.

Nunca tan fondo nin mergurador, fora nel o seu sentimento dooroso da soedade e do desamparo.

No máis íntimo da alma algo rebelábase á idea da morte. Era cal si a tranquilidade dos ríos que se van ao mar sin medo nin ledicia do piélago iñoto vivira no seu esprito erguéndoo nun sentimento de inmortalidade.

O Lueiro finóu por se non entender. Dun lado o esprito con esta interrogación incontestábel —"¿Para qué o vivir?". Do outro o corpo resistíndose —"¿Pra qué o morrer? En realidade, ¿el era posíbel morrer?". ¿Sería posíbel o desaparecer ese sentimento de vida que era a alma mesma? ¿Entón sería verdade que había un outro mundo e que a morte era somente unha insiñificante variación? ¿Algo atopóu que afirmara a derradeira conxetura. Era el mesmo, era o seu esprito querendo persistir, o seu corpo que se derramaría en vermes con un canto prolífico de vida. ¡De vida sempre eterna!

No fondo da sala, tremaba aos pes dun Cristo a lus dunha lampariña con intermitencias agónicas como unha estrela presa que quixera fuxir ao ceo e desprenderse con fortes aleteos.

Lonxe ouvíase o berrar do Parvo de Codeseda presa dun ataque de ramo cativo.

O Lueiro ficara dormido respirando congoxadamente e na súa faciana comenzaba a marcarse a risada macabra e lúgubre da caliveira.

Súpetamente sintira un forte dór no peito cal si unha pedra gravitara encol.. A testa fíxoselle pesada e chea de ruidos, como borracho comenzóu a falar cousas sin senso... As mans foron crispándose nun xesto de agarrar.

...Logo, un salaio, un salaio forte, intenso, de felicidade, de benestar pretórico...

Como saído do fondo dun pozo, Lueiro morréu ao respirar en libertade...

No dormitorio silenzo, un silenzo denso e mouro que era a mesma paz do Asilo, onde a morte é un hóspede familiar, que se senta agardando, axexante á veira dos leitos dos durmentes.

Fora, no outo do ceo, a Lúa acochábase antre as nubens negras, tembrorosa de frío.

...Unha estreliña corréu fuxitiva até se apagar...

...Xa o mestre Prisciliano, vello astrólogo das terras de Tyde, dixera outrora, que as ánimas dos mortaes, purifícanse na Lúa, dos seus pecados e que as estrelas son símbolos das nosas vidas...

L. AMADO CARBALLO
Pontevedra

O SONO DA RAZÓN

Na Idade Meia o cristianismo era o consenso, o indisputado, aceutado pola mor parte sen custión. Era aceutación non razoada da doutriña ensinada pola eirexa, que satisfacía as arelas nun nivel afeitivo sen chincar as do racioal. Logo, atraverso do árabe, viñeron as traducións do grego e o descobrimento en Italia dos valores da cultura clásica: isto era novo prá mentalidade europeia meioeval; e non somente era novo, e por tanto cunha potencialidade de atracción como toda novedá, senón que era racioal. Eis a dicotomía: relixión non razoada contra clasicismo razoado; dicotomía que temos herdado do renacimento e que chega hoxe ó cumio da controversia, ate o punto que ou se pertence ón bando ou ó outro e no meio hai un deserto inhabitábel.

Ora, a relixión era forte i estaba ben entroncada, e coma todo "establishment" era difícil de desbancar: os que o tencioaban eran os herois, os revolucionarios, os salvadores, namentras que os pontífices, os inquisidores, eran os reacionarios, os vellos, os "malos".

Pero a razón é un instrumento (unha chave inglesa, poderíamos decir) que se pode usar pra ben ou pra mal, e todos temos un pouco dela: tamén os coengos meioevás tiñan, e comenzaron a sentir o esgarabello da moda de "xustificar" a fe pola razón, de vestila de demostracións (sendo así que a fe é convición) pra lle facer frente á mareia que xa se ollaba no horizonte. E así Santo Tomás de Aquino escribíu a Summa Theológica, que é un xigantesco atento de compaxinar unha cousa coa outra: a fe coa razón, tratando de espricar os dogmas en termos inteleitivos e creando unha filosofía de parafernalia: a escolástica, a concesión á razón. Pro o interesante é que con isto abríu de maneira oficial, e dándolle recoñecemento, as portas do razoamento, i esas portas xa non se volveron pechar, senón que aínda se abriron máis ate que a mareia invadiuno todo.

O esquema de Santo Tomás era Natura-Gracia en armonía e reciprodade: a natura no piso dabaixo, co home caído, que é redimido pola gracia, de orixe diviña e trascendente: o trascendente e o intrascendente (case poderíamos decir), o eterno i o perecedeiro.

De todo isto a xentiña non sabía ren. Pero os que tiñan o ollo aberto sabían. E así os artistas empezaron a roer no conceuto do diviño e a rebaixalo un pouco (pra facelo "intelexíbele", compresíbele, acadadeiro), namentras que ían erguendo o material. Cimabue e Giotto empezan por representar o diviño no lenzo (denantes o diviño tiña sido un símbolo apenas

esquematizado, como tamén no islamismo), librando a pintura oucidental do esquematismo bizantiño. E logo xente coma Dante, Petrarca e Bocaccio, que abren os ollos e miran cousas (non a "creación", que se refire ó creador), "como son", a "natura", e toman deleite nisto: eis a "realidade" a rubir ate compararse coa diviñidade. Van Eyck bebeu o renacimento en Italia e, chegado ó seu norde, púxose a pintar paisaxes (¡denantes a paisaxe ou era iñorada por completo ou era esquematizada pra que o santo poidera pór o pé nalgo!). E xa non se voltóu atrás: Masaccio, Fra Filippo Lippi (que pintóu a súa querida de Madonna; ¡somellante irreverencia era inconcebíbel denantes!), e os tres grandes Da Vinci, Rafael e Miguel Anxo, que xa empezaban a dubidar, pero que percisaban da unidade pra vivir, e loitaban polos universás no plano da gracia, contra os particulares no da natura. Da Vinci chegóu moi lonxe na cencia, pero sempre se esforzóu por manter a unidade en armonía: Deus enriba i o home embaixo.

Namentras isto pasaba en Italia, a xente do norde xa estaba a protestar: Calvino e Lutero rubiron ó home máis un chisco, e por ende baixaron a Deus outro migallo: o home podía salvarse polos seus meios, sen percisar da gracia; e claro, isto levóu de sutaque ó determinismo da predestiñación, como despóis ó da razón: os filósofos puxeron todo en custión e atoparon o determinismo aquí abaixo, postulando a liberdade alá arriba (Bacón, Rousseau, Kant), e xa empezamos a recoñecer as caraiterísticas do mundo moderno: embaixo (no piso dembaixo) está a razón que insina que todo é determiñado: uniformidade das causas naturás nun sistema pechado; enriba (no piso denriba) a liberdade, que ven de rexeitala razón e "choutar" no van escuro da espranza e da fe.

O próisimo paso xa se sabe: non hai Deus—desconsolo— consolo no material, no escitamento que dan a cenestesia e a sinestesia: o marqués de Sade: o que é, é, bó: a dór da bagaxa masoquista polo latigazo do sádico é unha confirmación dunha vontade esterna que chega ó seu mundo pechado e determinista; non habendo Deus quer ser posuída por "alguén", e a proba da eisistencia é a dór. Sade é o maestro de pornografía moderna (a verdadeira filosofía, que xa non se escrebe, senón que se sinte).

O derradeiro celebro coadrado que non se desesperóu foi o Hegel, que desleixóu somellantes mamotretos como a epistemoloxía e a metodoloxía e quedóu tan pancho. Co seu idealismo dialéutico e o encadeamento de tese-antítese-síntese, costruíu un xeitoso sistema de reló e non deixóu burato por onde se poidera escapar o indeterminismo do esprito: tododiós fechado e a amolarse. Isto non lle gostóu a ninguén e todos empezaron a se laiaren da filosofía e a dubidar do poder da razón; ou sexa, a volvérense tolos. Velahí tendes o grande anguriado de Kierkegaard, o discípulo aventaxado de Hegel, que non acougóu coa cárrega da razón e choutóu no valeiro pró piso darriba, o da fe irracioal, o da espranza apesares de todo: e no chouto, a anguria. Eis prantexado o novo sistema; abaixo o racionalismo prodús pesimismo; arriba o outimismo ten que ser irracioal; e non hai maneira de probar nada de abaixo arriba nin de arriba abaixo; e no meio un valado da China de cemento armado con alambrada de outa tensión; a única maneira de salvalo van é choutar no escuro con tódalas forzas e agardar que na outra banda haxa "algo". O conceuto de chouto (castelán salto, francés saut, inglés leap, xermán Sprung) é da maior importancia neste intre porque está na raís da nosa cultura contemporán e todos sufrimos del nunha ou noutra forma. O chouto é do racionalismo á fé. Sartre é o máis importante herdeiro de Kierkegaard. ¿E qué topóu? O universo é ausurdo;

por tanto hai que se "autentificar", por meio dun auto da vontade, que pode ser en calisquer direución, como o protón que estoupa contra outro e rebota en calisquer direución (ben entendido, determiñada); o importante é a liberación de enerxía vital, proba de que eu esisto; eu esmendréllome contra un valado, logo esisto: eu mato a fulano, logo eu esisto. ¡Velahí!

Jaspers, sendo psicólogo, loita por una "esperencia fina" que dá a certeza da esistencia e a espranza de siñificado (e, por outra banda, a razón nega). Esta esperencia non é comunicábele a outros nin a ún mesmo, porque está separada do racioal; é unha esperencia do piso darriba, que ven de bóbilis bóbilis e non hai xeito de se porparar pra ela, nen xiquer polo suicidio.

Heidegger nen xiquer atopa nada; é a indetermiñación de que poida haber algo, que pode ser bó ou malo, coma se foras ón castelo arruñado e non souperas se ías atopar un monstruo ou unha fada; isto é a Angst, ou sexa, a saudade.

Todo isto é horríbel de pensar, pero aínda os hai máis noxentos (vid. o noxo, de Sartre). En resume: o esistencialismo supón un piso dabaixo (horríbel, gobernado pola razón) e un piso darriba (escape, espranza), e non importa o que se pon no piso darriba, o caso é que se postula; e aínda os hai (vid. Camús: O mito de Sísifo) que din que ahí está o millor: que ún non está nin arriba nin abaixo, senón nas escaleiras, a sofrer esnafrado no deserto (¿non será isto o resultado da súa esperencia alxerián?) e a comprobar eisí que esiste.

Non importa o darriba, o caso é que faga vibrar; Heidegger pon no piso darriba a poesía; "escoitade ó poeta", di, "se un home pode facer vibrar outro, ten que haber algo": a soidade é trasmisíbele. Veleiquí as raíces do "happening" anglosaxón. O happening (suceso) é calquera cousa que "probe" a esistencia dún. Lin recentemente na Revista "Time" que xa se comercializóu o happening nos USA (¿cómo podían perder somellante oportunidá de facer cartos?); págase unha cantidade e vaise ón local onde de cando en ves hai "happenings"; pode ser que un globo se inche e flote no ar e todos chincan nel, ou que un tipo se bota en paracaídas do curuto e todos ollan pra il; a atención centralízase así artificialmente, o celebro lávase e os individuos teñen una "esperencia" que lles enche as vidas e lles demostra a súa esistencia. Na mesma liña, pero máis tradicionás, son o sexo e a violencia da cultura de masas pouco requintada, e máis aínda: as drogas.

As drogas. Nelas percura Aldous Huxley unha "esperencia do primeiro orde"; e mirade hoxe o LSD e os "hippies". E o seu irmán Julián Huxley propón un humanismo evolucionista outimista: Deus non esiste, pero val a pena crer nel pra vivir en pas.

A arte moderna trata de crear os seus propios universás. Picasso: a realidade é o que "crea" no lenzo: un home-unha cadeira-un universal; logo eu esisto. As categorías esváense en fume; o crime non esiste porque as definicións morás non esisten con independenza. O teatro do ausurdo (Ionesco, Beckett, etc.) percura espertar ó burgués do seu sono pra decirlle que todo é ausurdo e botárense os dous a chorar. Os Beatles e compañía inauguran unha nova era: a da fartura dos sensos ate o acabamento: e aquí o americán McLuhan mira o futuro: a edade dos sensos, sobre todo da vista pasiva; os rapaciños póñense a ollar a televisión sentados: o movimento, a violencia, o "happening", están alí na pantalliña, e chegan a eles

por medio dos sensos: o celebro comproba a realidade, pero os músculos non aitúan. Truman Capote (In cold blood): un asesinato considerado por un computador; non hai xuicio moral; o que é, é bó. Bergman (O silenzo); o home está morto; sempre esteve morto, pero agora sábeo. Resnais (O ano derradeiro en Marienbal); qué é o home despóis do chouto: o sono, a indiferencia do colchón de fume, non hai relación nin pasado nin presente, e menos futuro, non hai categorías, non hai ben nin mal. A razón ficóu embaixo coas categorías; enriba hai andaimes sen fin (que me fan lembrar aqueles pasaxes elásticos na Eurídice de Cocteau) que dan sensación de sono: o sono da razón. Antonioni (O eclipse, A noite, pero sobre todo Blow-up): non hai categorías nin xuicios morás; a realidade analizada pola razón (posta en categorías) non ten senso: unha partida de tenis sen pelota: a xente xoga o xogo pero non sabe por qué; e o espeitador, que sabe que é un xogo, tamén xoga, e "pasa a bola" que non esiste. Pero en Blow-up chégase a máis, ó meu ver: a "realidade" cambea según os niveis en que se olle (-clasifique, categorice). Na foto, que ó principio é "inocente", logo, ó revelala e ampliala, aparés un morto; pero si se sigue ampliando aparecen uns cagallonciños de tinta que non queren decir ren; e se seguimos ampliando chegamos ós átomos, que non son materia, senón enerxía bulideira; e volvendo a serie do rivés podemos perguntar ónde hai que parar pra atopala realidade, porque seguindo prarriba atopamos as estrelas e os universos, e ¿qué é o ser? O filme ven decir que é necesaria a razón pra ordear os manchóns de tinta e darlles siñificado; ou sexa, o home dalle siñificado, aceuta a "realidade" como "arbitrariedade"; realidade-con senso. O que é, é o que a maioría di que é, e seguimos sen base firme.

E xa houbo quen identificóu a liberdade (no piso darriba) coa tolemia (vid. Michel Foucault) e disto xa falara Erasmo de Rotterdam. E mailas andrómenas da teoloxía "do Deus morto", que usa verbas de connotación apoiadas na cultura xeral e non consenso, pra non ter que razoalas (e así a filosofía deriva en estudo da semántica nos países anglosaxóns). E o consenso tamén creia as castes, talmente coma as da India: o "establishment" académico e científico nos países capitalistas é o "establishment" (que se mirou nidiamente en Checoeslovaquia) comunista, herdeiros autonomeados de Deus. Pero xa miramos que estes "establishments" teñen filosofías de computador: o que é, é bó; vivir é ollar o que amosa a máquina. E as dúas crianzas dos inteleituaes os USA e a URSS, compórtanse coma dous monstros de Frankenstein, razón falta de sentidiño, desmandados no seu orgullo de máquina.

Claro, hai que sair deste ensarillamento se non queremos botarnos á rúa a apilidar todos xuntos. Ortega y Gasset esprimentóu coa "razón vital", que é coma eses alicates de eleutricista, forrados de goma pra que non pase a corrente. ¡Pra que non pase a corrente! Eis o sino de hoxe: non queremos que nos pase a corrente e así a realidade con que atopamos é realidade de segunda man, ou sexa, non é realidade. Máis acertado andivo o Unamuno, que entendéu o xeito español de ser: as motivacións pra obrar non veñen das demostracións, senón das convicións, e as convicións son irracionaes, ou non racionaes, fora da razón.

E o derradeiro dos grandes compaxinadores, dos que tratan de casar o racional co irracional, o esprito coa materia, foi o Teilhard de Chardin, que propón ¡o polvo! (octopus) que empeza en alfa e finda en omega. E o que non queira vivir no polvo que se pendure e así quite estorbos pró desenrolo do mesmo polvo.

Hoxe, o consenso é a cencia, que adequiríu o caraiter respetábel de institución, de "establishment" enquistado que xa dá sinos do seu monolitismo. Herdóu a infabilidade e a sacralidade da relixión meioeval; veleiquí estamos na segunda Idade Meia e ninguén se decata. Vai haber que facer outro renacimento pra nos librarmos destas cadeas. Cambeáronse as tornas: os revolucionarios, os herois, os salvadores, son os que teñen fe; e os pontífices, os reaicionarios, os vellos, son os que teñen razón, razón como guía.

O sono da razón prodús mostros. Xa o sabemos, pero a falta de nada, millór son mostros, e a falta de cómicos muíños que roen parvoamente a semente dos homes, é mellor desaforados e descomunás xigantes cos que en singular combate findemos descalabrados e moídos (eis os muíños que retrucan). Os muíños son as máquinas desta civilización que sen Deus, onde solos os engranaxes felices e os demáis que se amolen. Pois non. ¡Non e non! Prós que pensan coma os computadores a vida é unha comedia, pero prós que sentimos aquí dentro os rabuñazos do esprito, a vida é unha traxedia. Escolla cada ún a morte que lle conveña: ou morrer cómicamente ou morrer tráxicamente. Eu xa escollín.

CARLOS DURÁN
Londres

FONOLOGÍA GALLEGA
FONEMÁTICA: EL SISTEMA CONSONÁNTICO, II
OPOSICIONES ENTRE CONSONANTES

Hemos visto en nuestro trabajo anterior cómo las semivocales [i̯] y [u̯], y las semiconsonantes [j] y [w] son respectivamente realizaciones postnucleares y prenucleares de los archifonemas vocálicos /I/ y /U/, y cómo estos archifonemas, así realizados, son lo que da unidad al sistema fonético del gallego, pues se oponen en el margen silábico a todos los fonemas asilábicos. Fue la palabra "pau" lo que nos sirvió entonces para establecer esta oposición vocal/consonante, que ya hemos estudiado, y esta misma palabra nos va a permitir ahora establecer algunas oposiciones entre consonantes.

En efecto, el archifonema /U/ de "pau" puede ser conmutado, además de con el archifonema /I/, /paI/, con los sonidos [r], [θ], [s] o [ś], [ŋ] y [l], como hemos tenido ocasión de ver. El paso inmediato es, pues, tratar de ver en qué relación fonológica se encuentran entre sí estos sonidos consonánticos.

Las "líquidas"

Los sonidos [r] de "par" y [l] del hipotético "pal" poseen la particularidad de ser a la vez vocales y consonantes frente a [θ], [ŋ] y [s] o [ś] que son sólo consonánticos. Y esta particularidad nos coloca de nuevo frente a la oposición vocal/consonante, que, como hemos visto, es la primera de la lengua. Los sonidos [r] y [l] son consonantes, porque en su articulación hay un obstáculo, y son vocales, porque este obstáculo no impide la salida del aire, de modo continuo en el caso de [l] e intermitente en el caso de [r]. Estos sonidos, juntamente con [ḷ] y [r̄], en la ortografía "ll" y "rr", reciben tradicionalmente el nombre de "líquidas", nombre que nosotros, por comodidad, conservaremos en nuestro estudio, a pesar de que no alude para nada a su contenido fonológico.

Pues bien, en cuanto consonantes, las líquidas están respecto a los siete fonemas vocálicos en oposición consonante/vocal; es decir, el archifonema de las líquidas se opone como consonante al archifonema de las vocales como vocal. La oposición es, por tanto, la misma que ya hemos estudiado. Y en cuanto vocales, están respecto a [ŋ], [θ] etc., en oposición vocal/consonante. Como se ve, se trata de una misma oposición, pero en un caso el archifonema líquido es el

término consonántico y en el otro el término vocálico de la oposición. Tal vez estaría más exactamente enunciada la oposición diciendo que las líquidas respecto a las vocales están en oposición consonante/no consonante, y respecto a las consonantes en oposición vocal/no vocal, como quiere Jakobson.

Ahora bien, las líquidas aparecen sólo en el margen silábico, y por ello las consideraremos siempre incluídas entre las consonantes; y en lo sucesivo formularemos la oposición vocal/no vocal, en la que el archifonema líquido es el término vocálico, como líquida/no líquida.

La oposicion vibrante/lateral

El sonido [r] de [par] y el sonido [l] de [pal], inexistente, pero posible, puesto que tienen valor distintivo el uno frente al otro, también están en oposición: el primero es vibrante y el segundo lateral. En el caso de [r] la salida del aire es cortada y abierta por la punta de la lengua: de ahí el nombre de vibrante; en el caso de [l] el aire sale libremente por ambos lados de la lengua o por uno sólo de ahí el nombre de lateral.

Los fonemas laterales

Ahora bien, ¿son [r] y [l] los únicos sonidos líquidos en que se realiza la oposición vibrante/lateral? Desde luego, en final de palabra, sí, como nos demuestran las conmutaciones que hemos realizado con la palabra "pau", que son todas las posibles en posición final. Pero en posición intervocálica no sucede lo mismo: /pala/ se distingue de /paʎa/ ("palla") en que los dos fonemas intervocálicos, siendo líquidos y laterales, tienen distinta localización: uno de ellos /ʎ/ es palatal, y el otro /l/ alveolar. En posición intervocálica, por tanto, aparecen dos fonemas líquidos laterales; y si en posición final sólo aparece uno, ello significa que en esta posición hay una neutralización de los dos fonemas líquidos laterales. Esta misma neutralización tiene lugar en posición inicial, donde no aparece nunca el fonema /ʎ/. Podría aducirse contra esta neutralización la forma "lle" del pronombre, donde aparece el fonema /ʎ/; pero la forma pronominal "lle" es enclítica y, en consecuencia, va formando cuerpo con la palabra precedente, con lo cual el fonema /ʎ/, que de él forma parte, queda en posición medial y no inicial.

La neutralización de la oposición /l/ - /ʎ/ en posición final es un hecho común al gallego y castellano que no conoce, por ejemplo, el catalán; en cambio, la misma neutralización en posición inicial es ajena al castellano, que distingue entre /lana/ y /ʎana/ ("llana").

La neutralización en ambas posiciones se realiza de la misma manera: [l] es el sonido que realiza el archifonema /L/. Y esta neutralización y la realización del archifonema nos permite interpretar

la oposición /ḷ/, /l/ como bilateral privativa (palatal-no palatal), con /ḷ/ como término marcado, por ser el que no aparece en la posición de neutralización.

De acuerdo con lo que acabamos de decir, el fonema /l/, que se realiza normalmente como alveolar, podría ser realizado velar, como sucede en catalán, sin que por ello se modificara su contenido fonológico.

Palatal/no palatal o dorsal/no dorsal

Debemos hacer notar aquí que, si hablamos de oposición palatal/no palatal, es por usar los términos más familiares de la fonética, pues no es "el punto de articulación" determinado en el órgano pasivo lo que opone /l/ a /ḷ/, sino la parte de la lengua, órgano activo, que interviene en la articulación; así, mientras el fonema /l/ es apical, por ser la punta de la lengua lo que actúa contra los alvéolos, /ḷ/ es un fonema dorsal, pues, como dice Navarro Tomás (Pronunciación, 123) "la ḷ requiere, como circunstancia esencial de su articulación, un contacto entre el dorso de la lengua y el paladar", y añade: "Además el elemento apical de la l no sólo es innecesario, sino inconveniente para pronunciar con propiedad la ḷ normal española", todo lo cual es aplicable también a /ḷ/ gallego. En consecuencia la oposición /ḷ/, /l/ estaría enunciada con más propiedad como dorsal/no dorsal, en vez de palatal/no palatal, como nosotros hemos hecho para aprovechar al máximo la terminología fonética.

Una neutralizacion condicionada

Una tercera neutralización podemos señalar para la oposición /l/, /l/; pero en tanto las dos anteriores son de tipo "centrífugo", según la clasificación de Trubetzkoy, por tener lugar en posición final e inicial, y "condicionadas por la estructura", por producirse en lugares fijos independientemente de la naturaleza de los sonidos vecinos, esta tercera neutralización está "condicionada por el contexto" y tiene lugar en la distensión silábica, esto es, en posición implosiva. En este caso, el archifonema no está realizado siempre de la misma manera: es la consonante siguiente lo que determina la localización de la lateral precedente, que puede ser bilabial, labiodental, dental, palatal o velar, como se ve en las palabras siguientes: "Donalbai", "Alfoz", "calzar", "caldo", "coloha", "algo". Esta tercera neutralización se da igualmente en castellano con las mismas soluciones que en gallego.

De lo que acabamos de ver se hace patente que la oposición /ḷ/, /l/ (palatal/no palatal), es sólo pertinente en posición medial explosiva precedida de frontera silábica.

Como es sabido, el yeísmo, que consiste en extender la semiconsonante [j] a los dominios del fonema /ʎ/ siempre medial explosivo, como acabamos de ver, es un fenómeno muy extendido en las hablas hispánicas; Navarro Tomás lo excluye de Galicia, exclusión con la que no está de acuerdo Carballo Calero, que afirma que son muy pocos los gallegos que hablan haciendo la distinción entre ambos sonidos. Pero no es nuestro propósito fijar aquí los límites del yeísmo en Galicia, ni siquiera discutir su existencia: es su interpretación fonológica lo que ahora nos interesa.

En el yeísmo la realización del fonema /ʎ/ pasa a identificarse con la realización intervocálica del archifonema vocálico /I/ en gallego, y del fonema /y/ en castellano, para los que admitan la existencia de tal fonema. En este aspecto su estudio corresponde a la fonología diacrónica o histórica. Pero su presencia en castellano y gallego, por no haberse generalizado el paso de [ʎ] a [j], supone la existencia en el sistema fonemático de dos laterales /ʎ/ y /l/ para los no yeístas, y uno sólo /l/ para los yeístas; y esto pertenece al campo de la fonología sincrónica.

Para los yeístas gallegos y castellanos la oposición /ʎ/-/l/ no tiene existencia real, y, por tanto, tampoco las neutralizaciones de que hemos hablado.

El yeísmo supone, pues, la desfonologización de la oposición palatal/no palatal de las laterales, pero no de la oposición vocal/consonante, o, más exactamente consonante/no consonante, realizada por /I/, /ʎ/, que sigue siendo realizada por las demás líquidas. El yeísmo pone también una disminución en el rendimiento de las oposiciones consonante/no consonante, líquida/no líquida y vibrante/lateral por haber un fonema menos en que se realicen; y un aumento en la frecuencia del archifonema /I/, por sumar a su propia frecuencia la correspondiente al fonema /ʎ/.

Los fonemas vibrantes

La oposición vibrante/lateral enfrenta por una parte el archifonema lateral /L/, y por la otra, si hay más de un fonema vibrante, el archifonema vibrante /R/, o simplemente el fonema vibrante /r/, caso de que haya un sólo fonema vibrante. Estudiar, pues, el término vibrante de la oposición es la tarea inmediata.

En posición final ya hemos visto que hay un sólo sonido vibrante [r], pero en cambio en posición intervocálica son dos los que se encuentran: [paṛa] ("parra") se distingue de [para] en que los dos sonidos intervocálicos, siendo vibrantes, el primero tiene vibraciones múltiples, en tanto que en el segundo "la lengua ejecuta un sólo movimiento sobre los alvéolos". Se trata, pues, de una oposición múltiple/simple, o tenso/flojo, si preferimos la terminología de Jakobson.

Sucede así que, lo mismo que en el caso de los fonemas laterales, las vibrantes están representadas por dos fonemas /r/ y /r̄/ en el sistema fonemático gallego.

Neutralizaciones de la oposicion multiple/simple

Ahora bien, si en posición final sólo aparece un sonido líquido vibrante, habiendo dos fonemas, este hecho sólo puede interpretarse como una neutralización de la oposición simple/múltiple, neutralización que se da igualmente en posición inicial: [r̄o̞za] ("roza"). Pero se da el caso de que la realización del archifonema es distinta en cada una de las dos posiciones: en posición final es el sonido [r] el que realiza el archifonema /R/, pero es [r̄] el sonido que lo realiza en posición inicial. Que es [r] y no [r̄] lo que se pronuncia en posición final se ve claramente convirtiendo en intervocálica una "r" final: "comer allos" se pronuncia [ko̞mérá̞lo̞s].

Como el archifonema vibrante tiene una realización distinta en cada una de las dos posiciones, ¿cuál es el término marcado? Parece lógico pensar que, ya que [r̄] aparece en posición inicial, donde hay más distinciones, y, por tanto, más marcas, que en posición final, sea /r̄/ el término marcado. Debemos advertir, sin embargo, que para Trubetzkoy, el término no marcado es el que aparece en la posición de diferenciación máxima, [r̄] en este caso, interpretación que resulta sumamente sorprendente y paradójica.

Pero no son éstas las únicas neutralizaciones de la oposición simple/múltiple de las vibrantes: en realidad sólo en posición intervocálica tiene pertinencia; en todas las demás posiciones se neutraliza, con [r] como realización del archifonema /R/ en posición implosiva, y [r̄] en posición explosiva inicial y mediál precedida de consonante heterosilábica: "xenro".

Las neutralizaciones de la oposición simple/múltiple se dan en gallego en las mismas condiciones que en castellano, tanto por lo que se refiere a las posiciones de neutralización, como a la realización del archifonema, como puede verse en la Fonología Española de Alarcos Llorach.

La localizacion de los fonemas vibrantes no es pertinente

Los fonemas vibrantes se realizan, lo mismo en gallego que en castellano, con la punta o ápice de la lengua, pero en otras lenguas, como el portugués lisboeta o el francés, es la úvula lo que produce las vibraciones. La localización de los fonemas vibrantes en estas lenguas carece de pertinencia y no engendra oposición, si bien contribuye a caracterizarlos, por lo que debe figurar en una descripción fonológica.

La oposicion vibrante/lateral es neutralizable

La oposición vibrante/lateral, o interrupta/continua, en terminología de Jakobson, enfrenta el archifonema /R/ con el archifonema /L/. Y esta oposición, ¿es siempre pertinente o es neutralizable en alguna posición? No hay duda de que es neutralizable, si hemos de creer a Carballo Calero, quien en su Gramática dice: "Grupo de dos consonantes que inicien palabra (o sílaba interior) son en gallego no contaminado menos numerosos que en castellano, pues en el segundo puesto de la combinación sólo aparece r, con la que ha confluído l, que en castellano se mantiene distinta, de manera que en esta posición sólo hay en gallego puro una líquida disponible". Lo que en realidad ha hecho Carballo Calero es enunciar la neutralización de la oposición lateral/vibrante, delimitar la posición en que se produce y señalar el archifonema /R/. De este modo la oposición vibrante/lateral aparece funcionando como bilateral privativa, con la lateral como término marcado, por ser la vibrante la que aparece en la posición de neutralización: "prata", "cravo", "groria". Naturalmente, la neutralización de la oposición vibrante-lateral /R/, /L/ supone necesariamente la neutralización previa de las oposiciones simple-múltiple /r/, /r̄/ y palatal-no palatal /ḷ/, /l/, ya que ninguna de ellas puede conservar pertinencia en la posición de neutralización.

La sonoridad de las liquidas

Los cuatro fonemas líquidos y sus archifonemas son sonoros; en ellos la sonoridad es un rasgo redundante, que no engendra oposición, pero que no es superfluo, ya que, como señala Jakobson, los rasgos redundantes ayudan a la identificación de los otros rasgos. En efecto, estos fonemas, privados de sonoridad, resultan apenas perceptibles; sin embargo, la oposición sonora/sorda entre vibrantes y laterales no es desconocida en algunas lenguas, pero la falta de sonoridad va acompañada, por ejemplo, en el caso de las laterales, de unilateralidad y prácticamente fricación.

Contenido fonologico de las liquidas

A la vista de todo lo precedente podemos fijar el contenido fonológico de las líquidas en los siguientes términos:

/l/: fonema consonante, líquido, lateral, no palatal (o no dorsal).
/ḷ/: fonema consonante, líquido, lateral, palatal (o dorsal).
/r/: fonema consonante, líquido, vibrante, simple.
/r̄/: fonema consonante, líquido, vibrante, múltiple.

Y los archifonemas:

/L/: archifonema consonante, líquido, lateral.
/R/: archifonema consonante, líquido, vibrante.

Y cuando /R/ es el archifonema de la neutralización de la oposición lateral/vibrante, su contenido es solamente: archifonema consonante. líquido.

AMABLE VEIGA.
Lugo

ROSALÍA, PERSOAXE TRÁXICO

Esiste un mundo que está por riba diste: é o mundo da concencia tráxica. Os homes que viven nel, en certa maneira, son seres superiores ao resto dos mortás.

Pra entrar niste mundo, é preciso ter unha sensibilidade superior á normal, un poder de captación da realidade máis desenrolada que na maoría das xentes, e tamén as circunstancias da vida do persoaxe tráxico teñen de sere especiales.

Somentes cando estas condiciós se reúnen, pódese dar o paso do mundo vulgar no que vivimos ben e mal, ao mundo tráxico e sublime no que os homes deixan de seren homes para se convertir en héroes [1].

Ao contacto co universo tráxico témonos que poñer de pe, en sinal de respeto, coma diante de un superior ou de unha obra ou persoa merecedora da nosa consideración [2].

Non sólo con unhas circunstancias especiales na súa vida un home pode "devenir" tráxico. É necesaria unha personalidade sicolóxica particular. Por exempro, si Rosalía de Castro non tivera unha disposición sentimental superior á dos demáis homes que a rodeaban, non houbera escrito os seus poemas tráxicos nin houbera sentido os sentimentos tráxicos que sintéu, aínda que as circunstancias da súa vida houberan sido as mismas.

Cando o home quere falar cos demáis homes e comprende que a comunicación non é posíbel porque non falan a misma lingua (aínda que perteñecen a unha misma comunidade lingüística), cando o home dirixe os seus ollos e as súas verbas ao que hai por riba dos homes, que é o único que o pode comprender, e cando o home se dá conta de que Deus non lle responde e que o seu diálogo con Él é un "diálogo solitario" [3] do que non pode sacar tranquilidade pra o seu espíritu ferido e atormentado, entonces o home, que é sustancialmente o mismo desde a máis remota antiguedade, reaiciona da misma maneira ante a súa impotente pequenez, e o home-escritor deixa os seus pensamentos plasmados casi nas mismas verbas.

Faremos a continuación un recorrido a través de algús testos literarios do país veciño (debido ao meu traballo, é o que teño máis a mau):

---

[1] É certo que todo home pode ser héroe tráxico. Calquera pode ser o escollido, aínda que todos non o son. Supoño que éste é o senso que lle quere dar CELESTINO FERNÁNDEZ DE LA VEGA (*O Segredo do Humor*. Galaxia, páx. 72), cando dice que a única condición necesaria pra ser víctima de unha traxedia consiste en ser home: "... iste debe a súa condición de héroe mesmamente a ise caráiter representativo do home en xeral..."

[2] GOLDMANN, Lucien: *El hombre y lo absoluto*, ed. Península, páx. 506. (Refírese aquí Goldmann á entrada de Oenone, a nodriza da Phèdre de Racine, no universo tráxico da súa ama).

[3] LUKÁCS, Giorgi (citado por GOLDMANN, op. cit. páx. 87, etc.).

Xa PASCAL no "Mystère de Jésus", fai de Xesucristo un persoaxe tráxico na súa soledade moral: "... Jésus cherche quelque consolation au moins dans ses trois plus chers amis et ils dorment; il les prie de soutenir un peu avec lui, et ils le laissent avec une négligence entière, ayant si peu de compasion qu'elle ne pouvoit seulement les empêcher de dormir un moment. Et ainsi Jésus étoit delaissé seul à la colère de Dieu...". Pascal non nos fala eiquí do diálogo antre Xesús e Deus. Somentes aparecen os homes, físicamente xunto a Xesús, máis na realidade moi lonxe del, aínda que se chamaban amigos seus.

Alfred de VIGNY vai un pouso máis lonxe ao tratar o mesmo tema [4]. No seu poema, Xesús intenta primeiro falar con homes, e ao ver que non pode conseguilo, dirixe a súa voz a Deus que non responde á súa chamada:

"Alors, il était nuit, et Jésus marchait seul
.....
Les Disciples dormaient au pied de la colline.
.....
Puis regarde le Ciel en appelant: Mon Père!"
Mais le Ciel reste noir et Dieu ne répond pas.
.....
Il recule, il descend, il crie avec effroi:
"Ne pouviez-vous prier et veiller avec moi?"
Mais un sommeil de mort accable les apôtres.
Pierre à la voix du maître est sourd comme les autres.
.....
Il eut froid. Vainement il appela trois fois:
"Mon Père!" Le vent seul répondit à sa voix..."

Ante a impasibilidade divina, a reaicion de Vigny é de revolta, aínda que non de caráiter violento:

"Le juste opposera le dédain à l'absence
Et ne repondra plus que par un froid silence
Au silence éternel de la Divinité" [5].

O camiño do persoaxe consciente da súa incapacidade tráxica de diálogo, desemboca na certeza da ausencia absoluta de interlocutor, e como consecuencia na soledade radical do home.

Non discutiremos agora a lexitimidade ou falsedade dos razonamentos de SARTRE e de outros que chegan ás reflesiós a que el chegóu, e limitarémonos a citar unhas liñas dunha peza sartriana:

"Le ciel ignore jusqu'à mon nom. Je me demandais à chaque minute ce que je pouvais ÊTRE aux yeux de Dieu. Á présent je connais la réponse: rien. Dieu ne me voit pas, Dieu ne m'entend pas, Dieu ne me connaît pas. Tu vois ce vide au-dessus de nos têtes? C'est Dieu. Tu vois ce trou dans la terre? C'est Dieu encore. Le silence, c'est Dieu. L'absence, c'est Dieu. Dieu, c'est la solitude des hommes..." [6].

---

[4] VIGNY: "Le Mont des Oliviers".

[5] VIGNY: op. cit.

[6] SARTRE, J. P.: *Le Diable et le Bon Dieu*. Acto II, cadro décimo, escea 4.ª.

Na nosa literatura galega, Rosalía de Castro é un claro exempro do que vimos chamando "persoaxe tráxico".

A súa obra é o refrexo máis elocuente do que foi a súa vida, portadora da cruz de ferro dos escollidos.

I é en *Follas Novas* onde atopamos os solemnes e desgarradores temás que máis arriba indicamos ao falar de algús escritores franceses de diferentes épocas.

Rosalía non é feliz. Na súa alma ten un "cravo cravado" que a fire de día e de noite. Neste seu desacougo, que ninguén comprende, ela quere fuxir lonxe, fuxir dela mesma, sen saber a dónde, por ver se atopa o consolo prás súas mágoas, o curandeiro que lle devolva a saúde do espíritu:

"Quérome ir, quérome ire!
Para dónde, non o sei."

Primeiro, vai polos camiños amostrando a súa dor, buscando a solidaridade dos homes:

"y a xente que topaba
ollándome a mantenta
D'o meu dór sin igual y a miña afrenta
Traidora se mofaba...".

Diante desta indiferencia mundana, abandonada polos seus semellantes, eleva os ollos ao infinito:

"Que cando o mundo nos deixa, é soyo
cando buscamos con ansia o ceo..."

Do fondo do seu corazón xurde a súplica:

"Bon Dios, axúdame, berrei, berrei inda..."

Mais somentes o silencio lle responde.

Totalmente desamparada, e sabedora da traxedia da súa perpetua soledade, sin resposta posible, Rosalía non acusa, senón que xustifica:

"Tan alto qu'estaba, bon Dios non m'oira..."

E acepta a súa situación sen un reproche, chea da grandeza dunha perfecta heroína, enfrentándose aos longos e tristeiros días da vida cangada do sentimento da Resinación, tan conocido polos galegos.

M.ª TERESA OTERO SANDE
Santiago

EL PRIMER LIBRO EN LENGUA VASCA Y LA BIBLIOGRAFÍA DE CELA Y CUNQUEIRO

Mi demorada aparición en esta revista, por la que siento a la vez admiración y entusiasmo, quisiera alcanzase su alto nivel cultural; al menos lo intento en el tema, que abarca la reciente reedición del primer libro impreso en lengua vasca y algunos aspectos de la bibliografía de dos grandes escritores gallegos, como son Camilo José Cela y Álvaro Cunqueiro. Dos escritores de pura raza, si el vocablo se depura de su torpe sentido. Me temo que no alcanzará parecido nivel mi modesto comentario, que, aunque pertenece al pequeño mundo de la bibliografía tendrá su pizca de apasionamiento por referirse a libros por mi muy queridos y admirados. Suele aludirse un tanto despectivamente a nuestra humilde condición de ordenadores del detalle material sobre libros de pura creación y de rango muy elevado, y entonces me viene al recuerdo la frase más entrañable y cordial que sobre nosotros se ha dicho y es la de Gregorio Marañón cuando al referirse a determinados cambios que había introducido en la nueva edición de uno de sus libros [1], apuntaba:

> "Son trasiegos sin importancia; pero los autores, eufóricamente, creen que cuanto se refiere a sus libros debe ser explicado; y, además, están, o suponemos que están, vigilando los bibliófilos, que de estas cosas leves se ocupan; y no hay por qué llevarles la contraria."

Si para un aspirante a concurso de Televisión Española, intentásemos precisar cuáles fueron los primeros libros que se imprimieron en cada una de las lenguas vulgares empleadas en tierras hispanas, la decisión fluctuaría para el castellano entre libros digamos "utilitarios", auxiliares de la vida religiosa, como las *Constituciones Sinodales de Segovia* (Segovia, 1472?) o el *Sacramental* de Sánchez de Vercial (Sevilla, entre 1470 y 1475) [2] mientras para catalán y vasco no tendríamos dificultad en señalar dos libros, no ya "literarios", sino incluso poéticos: *Les obres o trobes davall scrites les quals tracten de lahors de la sacratissima Verge Maria* (Valencia, 1474) y *Linguae Vasconum Primitiae* de Echapare (Burdeos, 1545). No parece haber quedado huella impresa en esta época de la espléndida literatura medieval galaico-portuguesa y si para el portugués podría apuntarse la traducción de la *Vita Christi* del Cartujano (Lisboa, 1495), para

---

[1] En la 4.ª edición de *Tiempo viejo y tiempo nuevo* (Madrid 1947), con relación a las anteriores.

[2] El Sínodo se celebró en Aguilafuente (a 36 Kms. al norte de Segovia) el 1 de Junio de 1472 y el libro es probable se imprimiese en Segovia poco después. Del *Sacramental*, existe una primitiva edición, sin lugar ni fecha, que Francisco Vindel atribuyó a Sevilla, unas veces hacia 1470 y otras entre 1472 y 1475. El primer texto literario en castellano quizá sea el *Flos Sanctorum* (traducción libre de Vorágine), también sin lugar ni año, pero impreso hacia 1475, que Haebler suponía (sin pizca de fundamento) que estaba impreso en Santiago de Compostela; el único ejemplar conocido está hoy en Washington (Library of Congress). Después vendrán las coplas de *Vita Christi* de Fray Iñigo de Mendoza.

encontrar algún libro enteramente en gallego, hay que esperar hasta el siglo pasado, aunque existen folletos desde fines del XVIII y comienzos del XIX como los de Freire Castrillón, si es que su "jerga" puede calificarse de gallego.

¿Por qué razón unas poesías en euskara van a salir por vez primera bajo ese rótulo latino? No olvidemos que su autor, Bernard d'Echepare (o d'Echapare), fue un hombre culto y renacentista, Rector de la Iglesia de Saint Michel-le-Vieux, en tierras de Cice, en la Baja Navarra (francesa), en el que se trasluce tanto su gusto humanista como su condición sacerdotal, asentados sobre un hombre que sin duda ha sentido las emociones que describe; varios comentaristas han señalado las coincidencias personales y de temática de su obra, con el Arcipreste de Hita.

El librito (tiene 28 hojas que harían 56 páginas) es ciertamente excepcional. Está escrito en el euskara propio de la Baja Navarra y su temática puede dividirse netamente en dos partes, una de 5 poemas iniciales de carácter religioso y a continuación otra de 11 poemas de carácter profano. Esta segunda parte, excepto el último poema (que es una exposición y lamentación del autor, estando en prisión), se ocupa de diversos estados amorosos, descritos en ocasiones con carnal realismo. Se cierra la obra con 2 canciones, un *Contrapás* y un *Saltarel* (recordemos la estrecha relación, en la época, entre texto y música) en que exalta a la lengua vasca animándola a salir al mundo, a entrar en la danza y competir con las demás, a salir al baile, mediante la invención de la imprenta. Esta doble y apasionada admiración por su lengua y por la imprenta como medio de difundirla, es quizá el rasgo más entrañable que nos acerca hoy a la persona y obra de Bernard d'Echepare.

Veamos el *Contrapás* en versión castellana:

¡EUSKARA, SAL FUERA!

El país de Garazi
bendito sea;
él ha dado al euskara
el rango que debe tener.

¡Euskara
sal a la calle!

Los otros pueblos creían
que no podía escribirse.
Ahora la experiencia ha probado
que estaban engañados.

¡Euskara
sal al mundo!

Entre las lenguas eras tenida
en poca estima;
Ahora vas a tener, en cambio
honor entre todas.

¡Euskara
marcha por el mundo entero!

Todas las demás han llegado
al grado más alto.
Ahora ella subirá
por encima de todas.

¡Euskara!

Todos apreciaban a los vascos
aun desconociendo su lengua.
Todos van a saber ahora
lo que es el euskara

¡Euskara!

Si hasta ahora ha permanecido
sin ser impresa,
desde hoy va a recorrer
todo el mundo.

¡Euskara!

Ninguna lengua
ni francesa ni otras
se encuentra ahora
comparable a la euskara.

¡Euskara
sal al baile!

Si singular es la obra, no lo es menos la edición de 1545, que parece haber desaparecido casi totalmente. José María Huarte suponía que habían existido ediciones anteriores, pero no presentó datos que apoyasen su pretensión. El único ejemplar conocido se conserva en París [3] procedente de la Biblioteca del Príncipe de Condé y fue reproducido en facsímil por D. Julio de Urquijo [4] con una valiosa introducción. Existió otra edición posterior, de Rouen, por Adrián Morront, que cita Oihenart en carta de 1665 y de la que no se conoce ejemplar. En el pasado siglo se reimprimió tres veces en Burdeos y Bayona (1847, 1874, 1893) en ediciones cortas que sólo alcanzaron el ambiente erudito. Ahora, la obra de Echepare acaba de ser rescatada de los círculos doctos, por una editorial de San Sebastián [5] para lanzarla de nuevo al mundo vivo de las letras con una breve, pero sensacional Introducción, que no es posible leer sin honda emoción; su autor es Luis Michelena, probablemente el lingüista vasco más sagaz de la hora actual, y cada una de sus líneas despierta en mi la más viva adhesión.

Muy acertada idea la de reeditar con ortografía moderna el texto original de las poesías de Echepare y mayor acierto acompañarlo de las traducciones al castellano y francés que van a permitirle alcanzar una difusión de que carecía. Ahora seremos muchos quienes podamos calibrar el curioso texto hasta ahora confinado en el ámbito de la erudición vascófila y del que sólo se discutía su arcaico lenguaje o su métrica, soslayando su valor poético, quizá "no de poesía pura, que pretenda ser reflejo de la

---

[3] Biblioteca Nacional, Res Y-6194.

[4] En la *Revista Internacional de los Estudios Vascos*, Oct-Dic. 1933. Se hizo una tirada aparte en Tolosa, por López Mendizábal, así como de la Introducción de D. Julio de Urquijo.

[5] Bernat Dechepare. *Olerkiak*. 1545. San Sebastián, Editorial Txertoa y Ediciones Edili, 1968. Contiene el texto vasco, traducción castellana por el P. Lino de Aquesolo y traducción francesa por René Lafón.

belleza desnuda, sino turbia y manchada, un torrente que arrastra turbulentas las heces del cuerpo y espíritu humanos, junto con hebras de oro", en frase de Michelena.

Es fácil que para muchos, la mayor sorpresa resida en la Introducción de Michelena, que revela una firme decisión de esquivar los engañosos deseos de un vasquismo narcisista e instalarse en la pura realidad. Quizá esta actitud tenga aplicación también en otras partes y por ello transcribo tres párrafos significativos:

> "Los escritores vascos, los que hubieran debido ser el espejo terso y lúcido de nuestra cultura, nos parecían de un nivel inferior al que esperábamos. Nos parecían vulgares, mediocres y hasta algo fastidiosos, impropios para realzar y propagar nuestro buen nombre, ese buen nombre que nos es tan entrañable. Y los dejamos de lado demasiado a menudo, para en adelante vivir en una tranquila paz, sumidos en una fértil tierra de ficción, y no en este País Vasco, cualquiera que sea, auténtico y real, en el que nos ha tocado vivir."
>
> "No debiéramos relegar al olvido que los vascos con frecuencia no hemos procedido en tiempos pasados como fuera justo, particularmente en las tareas culturales y de modo especial en lo que a nuestra lengua se refiere. En lugar de olvidarlo, deberíamos por el contrario, meditar día y noche sobre ello, hasta persuadirnos íntimamente de nuestros yerros pasados y recientes; de ese modo además percibiríamos seguramente con mayor claridad los aspectos negativos de la ruta que hoy llevamos... a fin de que no tropecemos nosotros mismos, una y otra vez, en las mismas piedras de antaño."
>
> "Aunque parezca lo contrario, hoy más que nunca deberíamos tener nuestra mirada vuelta hacia el pasado, sin olvidar el futuro, claro está, y precisamente porque vivimos alerta cara al futuro. Pese a todo, lo que antes se hizo está hecho, aunque nos parezca mal hecho; lo que antes se dijo está dicho, aunque nos parezca mal dicho. Repetiré de nuevo, como un molesto predicador: no partamos siempre de cero, como hemos partido tantas veces; en una tierra roturada, aun mediana y deficientemente roturada, nos será siempre más fácil sembrar la nueva semilla que debemos sembrar."

Este lenguaje suena nuevo en mis oídos y seguramente en los de muchos y me parece preferible al de la beata admiración por las esencias vascas y canto del "Boga, boga".

También me parece acertado su diagnóstico (y consiguiente pena) de que el provecho inmediato, la prosperidad material del país vasco, ha acarreado un cierto abandono de la parte del espíritu. ¿Diagnóstico pesimista? Pensemos, con Michelena, no sobre su pesimismo u optimismo, sino sobre su inexactitud o exactitud, para, si es este el caso, disponerse a corregirlo.

Para terminar, dos leves reparos a la edición: no veo razón para que las versiones castellana y francesa de la Introducción de Michelena figuren en folletito aparte en lugar de incorporarse al libro (como el texto vasco de la Introducción) y me parece lamentable el emporcamiento de la noble portada tipográfica, con dos sobreimpresiones, una de sello de caucho y otra la adherida pequeña etiqueta (en feo y pretencioso papel dorado) con el rótulo EDILI.

Un curioso libro ha llegado recientemente a mis manos[6]. No conozco al autor, pero se ve que es un experto bibliógrafo, yo diría que doblado de amoroso bibliófilo y las discrepancias sobre los límites de su campo de trabajo en nada empañan la estupenda labor realizada. La primera reacción es de asombro, enseguida de encantamiento; el autor advierte que ha seguido el método "a veces abrumadoramente exigente" de F. Bowers en sus *Principles of Bibliographical Description* (Princeton, 1949) con el resultado de que las minuciosas descripciones, nada tienen que envidiar a las del más inaccesible incunable. Por ejemplo, la de una de las más corrientes ediciones de "Ediciones Destino" (Barcelona, 1951, N.º 16 de la Bibliografía) ocupa tres páginas. Veamos un trozo:

> "Líneas de folio centradas: "8 (etc.) CAMILO JOSE CELA / LA FAMILIA DE PASCUAL DUARTE 9 (etc.)" (Salvo en la plana citada, en este preámbulo los folios impares rezan "PASCUAL DUARTE Y SU FAMILIA" y en el prólogo de G. Marañón, en pares e impares "PROLOGO". Texto: 30 líneas+cabecera 136 (143) × 82 mm. Letra de 10 puntos fundida a 12; (cursiva en el Prólogo, dedicatoria y notas preliminar y final del texto); folios 8 puntos. Iniciales de dos líneas. No llevan título ni numeración los capítulos, comienzan plana sin línea de folio, con siete líneas de cortesía; en página impar (blancas por eso las p. 134, 148, 162, 186 de fin de capítulo). Papel (cortado) 183×115 mm. Grueso de las hojas 15 mm."

¿Excesiva la descripción? Quizá, pero a nadie le chocaría tratándose de un incunable y en alguna ocasión he atacado su mítico prestigio[7] sólo mantenido en ocasiones por su pretendida escasez. Hay libros de nuestro siglo que tienen bibliográficamente (y ya no digamos de contenido) mayor interés que la mayor parte de los libros de la última década del XV. Y, sin embargo, casi todo el mundo siente un supersticioso respeto ante la sacra palabra: "¡es un incunable!".

El Sr. Huarte prepara desde hace años una completa bibliografía de Camilo José Cela, pero sólo nos ha dado en esta ocasión una parte concreta, las apariciones de la más famosa de sus novelas. Y digo apariciones, porque de los 57 números que abarca la Bibliografía, 14 no tienen, a mi modesto entender, la categoría de ediciones (Núms. 1, 7, 10, 19, 23, 24, 29, 35, 36, 37, 41, 44, 46 y 54), ya que corresponden a fragmentos de la novela aparecidos en publicaciones periódicas o antologías. De los 43 números restantes, la mitad aproximadamente (20 números) comprende diversas ediciones del texto castellano, desde la 1.ª en Burgos, 1942, por la "Ed. Aldecoa" a la última de Barcelona, 1968, por "Eds. Alfaguara"; en medio, las 8 ediciones de "Ed. Destino", 2 de EMECE, otras 2 de New York ("Appleton Century-Crofts" y "Las Américas Publishing Co."), una muy rara en España; que fue el núm. 1.252 de la "Colección Austral" de "Espasa Calpe", y otras varias.

El número de traducciones de la novela es verdaderamente asombroso y supera al de ediciones en castellano, ya que alcanza a 23. Las otras len-

---

[6] Fernando Huarte Morton. *Ensayo de una bibliografía de "La familia de Pascual Duarte"*. Madrid-Palma de Mallorca, 1968. Separata de *Papeles de Son Armadáns*, N.º 142 (Enero 1968), págs. 61-165 y 25 hojas en papel couché reproduciendo portadas, páginas, etc., de casi todas las 57 ediciones reseñadas (concretamente de 61).

[7] Antonio Odriozola. *Un incunable más y un incunable menos*. Mainz, 1960. Separata de *Gutenbery Jahrbuch*, 1960. Págs. 156-164.

poemas do SI e NON
MAREA
ALVARO CUNQUEIRO
MERLIN E FAMILIA
AS CRONICAS DE SOCHANTRE
SI SINBAD
DON HAMLET
ESCOLA DE MENDIGOS

ELEGIAS Y CANCIONES
SAN GONZALO
MERLIN Y FAMILIA
LAS CRONICAS DEL SOCHANTRE
LAS MOCEDADES DE BERGA
RUTAS DE ESPAÑA
RUTAS DE ESPAÑA
el camino de santiago
LUCO
FLORES DEL AÑO MIL Y PICO DE AVE

guas hispánicas están representadas por traducciones al portugués (Lisboa, 1952), al catalán (Palma de Mallorca, 1962), al gallego —nada menos que por D. Vicente Risco— (Vigo, 1962) y al vasco (Zarauz, 1967). Las traducciones a otros idiomas europeos suman 19 ediciones que corresponden a 12 versiones distintas, al italiano, inglés (2 traducciones), sueco, francés, alemán, danés, holandés, esloveno, checo, polaco y griego. No habrá quien dude de la universalidad y difusión del gran novelista gallego.

No la bibliografía, sino la actualidad me empuja hacia uno de los más puros valores de la Galicia literaria, que acaba de conquistar en Barcelona, con pleno merecimiento, el preciado "Premio Nadal". Álvaro Cunqueiro y Mora-Montenegro, escritor mindoniense que atesora ese magnífico don de la imaginación y fabulación literaria, tiene ya, no diré a su espalda, sino a su costado, más de treinta libros con varias ediciones. Peligrosa empresa se me antoja tratar de poner orden y datos concretos en ese admirable y divertido mundo poético de Cunqueiro, pero me parece inexcusable por lo que diré enseguida. Con frecuencia me han preguntado ¿por qué haces discografías o bibliografías de Prokofiev, de Strawinsky, de Valle-Inclán, de Miguel Hernández? Y la lógica respuesta es que me parece la única manera que presumo a mi alcance de rendir un pequeño tributo de admiración a esas grandes figuras.

Recuerdo la presentación de Cunqueiro por Mourlane Michelena, en la calle de Larra, enfrente del diario *Arriba,* hace ¡ay! bastantes años; recuerdo aquella deliciosa mañana de Mondoñedo, leyendo Álvaro públicamente trozos de sus *Tesouros* y a Francisco del Riego trazando su semblanza; recuerdo mis numerosas pero breves visitas posteriores a la redacción del periódico; no es gran cosa, pero poco hace falta para aprender a estimar entrañablemente a persona que prodiga como pocos el don de su amistad. Era inevitable que se me ocurriese reparar el tacaño comportamiento que hasta ahora ha tenido con el gran literato gallego esa técnica auxiliar que es la bibliografía. Ni un solo libro de Cunqueiro cita Campos en la parte bibliográfica de la *Historia de la Literatura Española Contemporánea* de Torrente Ballester, y lo mismo ocurre en el *Manual del Librero* (2.ª edición) de Palau y en el *Manual de bibliografía de la Literatura Española* de Simón Díaz y en su *Suplemento.* Sólo 10 obras cita Couceiro Freijomil y en la *Bibliografía General Española e Hispanoamericana* nada más los núms. 1, 14, 15, 17 y 42 de la lista que viene a continuación. Excepción señalada es el Catálogo *Cen Anos de Literatura Galega* (Lugo, 1964) donde Jesús Alonso Montero ha mencionado cuidadosamente los libros en gallego. Y, claro está, que los trabajos aparecidos estos días, algunos de gran calidad como los de María Dolores Serrano y Pedro Rodríguez [8], no tenían porque meterse en detalles bibliográficos.

Con el tiempo, aspiro a trazar una bibliografía detallada de Cunqueiro (aunque no tanto como la de Huarte para Cela), pero, de momento, me limitaré a la sumaria lista que sigue, y que comprende de una parte las obras independientes que normalmente suelen incluirse en una bibliografía (con dos secciones, A) y B) para gallego y castellano) y otra parte rotulada C) que recoge algunas de las publicaciones menudas, ediciones privadas, hojas sueltas, separatas, etc. Esta parte será, naturalmente, incompleta, mientras los apartados anteriores pretenden ser tan completos como alcanza mi conocimiento.

---

[8] Respectivamente en *Gaceta Ilustrada,* 12 de enero y *Arriba,* 22 de enero de 1969.

Con su habitual benevolencia, el autor me aseguró que la lista estaba bien y no me atreví a insistir en mi petición de datos, pues me pareció asomaba a su rostro un compungido gesto de hombre indefenso ante burócrata de ventanilla. ¡Y eso no! Prefiero se deteriore mi posible prestigio bibliográfico, que perder la preciada amistad de Álvaro.

A) Libros en gallego

1 — *Mar ao Norde*. Santiago, Ed. Nós, 1932.
2 — *Poemas do sí e non*. Lugo, Ediciós Un, 1933.
3 — *Cantiga nova que se chama riveira*. Santiago, Ediciós Resol, 1933.
4 — *Id.* 2.ª edición. Vigo, Ediciones Monterrey, 1957.
5 — *Dona do corpo delgado*. Pontevedra, Colección Benito Soto, 1950.
6 — (En colaboración con R. García Suárez).—*Maside*. Vigo, Ed. Galaxia, 1954.
7 — *Merlín e familia e outras historias*. Vigo, Ed. Galaxia, 1955.
8 — *Id.* 2.ª edición. Vigo, Ed. Galaxia, 1968.
9 — *As crónicas do sochantre*. Vigo, Ed. Galaxia, 1956.
10 — *O incerto señor chamado Don Hamlet*. Vigo, Ed. Galaxia, 1958.
11 — *Escola de menciñeiros*. Vigo, Ed. Galaxia, 1960.
12 — *Si o vello Simbad volvese ás illas*... Vigo, Ed. Galaxia, 1961.
13 — *Tesouros novos e vellos*. Vigo, Ed. Galaxia, 1964.

B) Libros en castellano

14 — *Elegías y Canciones*. Barcelona, Ed. Apolo, 1940.
15 — (En colaboración con Antonio de Obregón). — *Laureados*. 18 *Julio* 1936. San Sebastián, 1940. 2 tomos.
16 — (Con el seudónimo de Alvaro Labrada).—*San Gonzalo*. Madrid, Editora Nacional, 1945.
17 — *Balada de las damas del tiempo pasado*. Madrid, Ed. Alhambra, 1945.
18 — *El caballero, la muerte y el diablo y otras dos o tres historias*. Madrid. Eds. El Grifón, 1956 (Col. literaria El Grifón, N.º 31).
19 — *Merlín y familia*. Barcelona, Ed. A. H. R., 1957.
20 — (En colaboración con José M.ª Castroviejo).—*Teatro venatorio y coquinario gallego*. Vigo, Ediciones Monterrey, 1958.
21 — Id.—*Viaje por los montes y chimeneas de Galicia. Caza y cocina gallegas*. Madrid. Espasa Calpe, 1962. Col. Austral N.º 1.318).
22 — *Las crónicas del sochantre. Barcelona*, Ed. A. H. R., 1959.
23 — *Las mocedades de Ulises*. Barcelona, Ed. Argos, 1960.
24 — *Cuando el viejo Simbad vuelva a las islas*. Barcelona, Ed. Argos, 1962.
25 — *Rutas de España. Ruta N.º* 12. (La Coruña, Lugo, Orense, Pontevedra, Santiago). Madrid, Publicaciones españolas, 1962.
26 — *Id.* 2.ª edición. Madrid, Publicaciones Españolas, 1967.
27 — *Itinerarios turístico-gastronómicos de la provincia de Pontevedra*. (En el mismo folleto, Gaspar Massó.—*Pesca y conservas*). Vigo, Faro de Vigo, 1964.
28 — *El camino de Santiago*. Con fotografías en color de Francisco Javier Vázquez. Vigo, Faro de Vigo, 1965.
29 — *Lugo. Guía Turística*. León, Ed. Everest, 1968.
30 — *Flores del año mil y pico de ave*. Barcelona, Ed. Taber, 1968.
31 — *Un hombre que se parecía a Orestes*. Barcelona, Eds. Destino, 1969.

(De próxima publicación)

32 — *La cocina cristiana occidental*. Barcelona, Ed. Taber.

33 — *Diccionario de Ángeles.* Barcelona, Eds. Destino.
34 — *Rías Bajas de Galicia. Guía Turística.* León, Ed. Everest.

C) HOJAS, SEPARATAS, EDICIONES NO VENALES, ETC.

35 — *Paisaxes e retratos.* Santiago, 1933.
36 — *Hölderlin* (traduzón e notas). Santiago, Eds. Un, 1934.
37 — *Poemas. Antología de inéditos.* Lisboa, Rev. Descobrimento, 1934.
38 — *Tres versiones tristes.* (R. de Castro, Antonio Nobre, Heine). Villagarcía, Edición Nenia, 1936.
39 — *Papel de color.* Mondoñedo, 1936.
40 — *El mundo y otras vísperas. Paisajes y retratos.* Lugo, Eds. Un, 1936.
41 — *La historia del caballero Rafael.* Madrid, Rev. Vértice.
42 — *Alemania y el camino de Santiago.* Sep. de Misión. Madrid, 1943.
43 — *Gerard Manley Hopkins.* Sep. de Misión. Madrid, 1943.
44 — *Rondeau en loor de un botánico del siglo XVIII que regresa de Cipango y Catay y todas las Indias.* Luarca, José Ramón, 1951.
45 — *Crónica de la derrota de las Naciones* (Fragmentos). Coruña. Lit. e Imp. Roel (s. a.).
46 — *A noite vai coma un río.* Vigo, 1965. Sep. de Grial.

Como dato significativo, diré que actualmente sólo pueden conseguirse los números 4, 8, 13 y 20 en adelante; los restantes están completamente agotados.

ANTONIO ODRIOZOLA
Pontevedra

Este trabajo no pudo publicarse en el número anterior. La demora, sirve para señalar algunas muestras del cordial eco suscitado por la última novela de Cunqueiro y por el autor.

1 P. M. — Cunqueiro, fabuloso y fabulador. *Tele-expres* 9 Enero.
2 Néstor Luján. — Álvaro Cunqueiro. *Destino* 11 Enero.
3 R. Vázquez Zamora. — "Un hombre...", novela de A. C. *Destino* 11 Enero.
4 Dámaso Santos. — Cunqueiro con el viento a favor. *Arriba* 12 Enero.
5 y 6 Véase la nota (7).
7 Francisco Umbral. — Todo Álvaro Cunqueiro. *La Estafeta Literaria* 1 Febrero
8 Alberto Míguez. — C. y Sueiro. *Chan* 22 Febrero.
9 L. S. V. — Dos escritores gastrónomos. *Mesa y vinos de España.* Febrero.
10 M. González Garcés. — Orestes y los mitos griegos. *La Voz de Galicia* 2 Marzo.
11 Rafael Conte. — Haz y envés de A. C. *Informaciones* 13 Marzo.
12 G. Díaz Plaja. — "Un hombre...". Mirador de *ABC* 13 Marzo.
13 Antonio Valencia. — C y su mundo. *Arriba* 16 Marzo.
14 Joaquín Marco. — Las fabulaciones de AC. *Destino* 22 Marzo.
15 Baltasar Porcel.—C. Moix y sus literaturas. *ABC* 27 Marzo.
16 Manuel Cerezales. — Fantasía bien planteada en la realidad. *Chan* 7 Abril.
17 Antonio R. de las Heras. — Escritores al habla, AC. Mirador de *ABC* 17 Abril.
18 Tico Medina.—Con AC en su rincón. *Informaciones* 18 Abril.
19 José Domingo. — Actualidad de AC. *Insula,* Abril.

GRABADOS DE ORTIZ

O artista defínese sempre de dous modos: pola obra, e polo senso da obra. No caso concreto da pintura, e máis no grabado, a obra é diante de todo, cousa de saber técnico, de oficio. Jean Cassou laiábase da falla de oficio en moitos pintores contemporáneos, polo demáis notables. Pero unha segunda dimensión, que complementa ó oficio, é o "trascender" propio da obra pra o púbrico, prá historia, pra o arte mesmo. Hoxe, estamos a discutir día tras día xustamente o compromiso do artista. Pra algúns, o compromiso debe reducírese somentes ao quefacer literario —como por exemplo Sartre, que concede bastante autonomía ás artes plásticas. Pra outros, máis ríxidos aínda, non esiste outro arte que aquil que ten en conta a realidade.

Xa comentéi nistas mesmas páxinas dabondo o desfase de ambas posturas. O problema ten outras raíces, e se non pode limitar a unha custión sociolóxica, certamente raquítica pra o nivel verdadeiro do problema, que nin siquera os comprometidos sospeitan.

No oficio, o artista está na obriga de aportar técnicamente soluciós, si pretende ocupar algún lugar notorio na evolución do arte. En canto ó "senso" da obra de arte, pode ter cantas facetas humás seña, si elas trascenden o inauténtico hastra o nivel da autenticidade. Así, si un artista atópase aliñado nunha determinada ideoloxía, é natural que a forma de trascender o cotián, o superfluo, veña matizada por ista ideoloxía; pero si a súa ideoloxía é outra, pois tamén deberá de refreixala no seu traballo. De tal xeito que, por tanto, o artista se non pode diferenciar somentes polo matiz ideolóxico, sinón polo conxunto do seu quefacer.

Tornando á esposición de Ortiz, quixera repetir aquí unha frase moi famosa de Ravel, cando lle perguntaron pola súa opinión respeito da "Consagración da Primavera", de Stravinski. Ravel contestóu que o importante non era nin a súa orquestación, nin a liña melódica, sinón "a entidade musical mesma". Ista impresión fíxome á primeira ollada a mostra de Ortiz no Hostal dos "Reyes Católicos". Algo trascendía do arte no primeiro impacto. Unha máis conscente consideración amostrábanos a un home que conoce o oficio. Xa o feito de que se preocupe máis da "calidade", da materia, do sustrato da obra, que do seu formalismo esterior sitúao nunha liña de avangarda. Pero máis alá das posiciós estilísticas, sempre relativas , está o seu xeito personal, a súa capacidade de resolución dos problemas que entrana o grabado. Ortiz é un verdadeiro maestro do grabado. A súa téinica disfroita de virtuosismo e de certo "deixar esbozada" unha intención, que despoixas aclara cos títulos, que en principio nada teñen que ver coa xénesis do cadro. No pano, hai unha esperencia íntima. Pero como o artista vive no mundo real, isa esperencia íntima coincide coa realidade. Non é buscada deliberadamente. Soio que o artista atopa que no fondo o seu pulo espresivo, e a súa concepción, ou millor diría eu, a súa sensibilidade vital, coinciden, e por tanto titula os

grabados con frases alusivas moitas vegadas a custiós de aitualidade, por exemplo, a guerra do Viet-Nam, etc...

Pero o máis importante, ó meu ver, é a "entidade artística" da súa mostra. Hai pezas dunha perfeición téinica asombrosa. Témonos que aproisimar ós grabados pra disfroitar aínda da pureza de elaboración, dentro, polo demáis, dun estilo vibrante, vivaz, que desborda toda contención, e semella saír do cadro baixo isas labaradas de color, ou de tachas que o autor deixa, pon alí, se non sabe si deliberadamente, ou por que sí. Algúns grabados inclúen hábiles incrustaciós de recortes periodísticos, seguindo aquí un costume que no grabado adequire certo intrés polo que supón de conocemento do oficio, e porque ás veces, anecdóticamente, préstalle certa ironía, certa gracia ó elemento creador propio.

Ortiz vai polo único vieiro do artista: loitar por nos mostrárenos capacidade e sentido no seu arte. A Exposición dos seus grabados foi un acontecemento cultural en Santiago, e o artista recibíu a satisfaición de ter chegado moi fondo na sempre valiosa sensibilidade do público culto compostelán e galego que ademiróu a súa importante contribución artística.

X. M. L. N.
Santiago

VALLE-INCLÁN, INXERIDO NUN ESTUDO SOBRE FILOSOFÍA ESPAÑOLA

Baixo os auspicios das Prensas Universitarias de Francia (P.U.F.), tense editado por Edouard Privat (Toulouse, 1968), o 23º volume da coleición "Nouvelle Recherche" [1].

Trátase dunha escolma de traballos escritos por diversos filósofos españoles, e inxire unha serie de poemas de varios poetas mexicanos e un estudo e tradución de Ramón del Valle-Inclán. A direición da publicación corre a cárrego de Georges Hahn.

Un Prefacio, de Georges Bastide (Doutor en Letras, membro do Instituto, Profesor de Filosofía Moral na Facultade de Letras, da que é Decano Honorario) presenta esta Antoloxía. Convida ó leitor francés a: "Seguir, nas súas matinaciós sobre dun tema do que Pascal tería dito que é pecado non pensar", a todos estes escritores tan diferentes en temperamentos i estilos, que poseen nembargante en común unha aguzada preocupación polos problemas do Tempo e da Morte. Considera que "na coiuntura aitual dun mundo en percura de humanismo", "sería lamentábel deixar fuxir esta aportación do insustituíbel esprito hispánico".

Bastide preséntanos en breves liñas os ensaios que compoñen o volume. Estes traballos son os seguintes:

1. — "La spiritualité du peuple espagnol", de Pedro Laín Entralgo.
2. — "Notre attitude à l'égard du passé", de Xavier Zubiri.
3. — "La théorie analytique des générations", de Julián Marías .
4. — "La temporalité et l'inconscient", de Luis Martín Santos.
5. — "Poétique et métaphysique du Temps chez Antonio Machado", de Pablo A. de Cobos.
6. — "Le temps, dimensio essentielle de l'homme", de José Gaos.
7. — "L'expérience de la mort d'autrui; possibilités d'inférences viventielles", de José Ferrater Mora.
8. — "Une esthétique du temps et de la mort: Pablo Serrano, sculpteur de l'absence", de José Luis Fernández de Castillejo.
9. — "*L'amour createur et le temps*", *de Ramón del Valle-Inclán.*
10. — "Le thème de la mort chez les poètes mexicains d'aujourd'hui".
11. — "La Mort", de José Luis Aranguren.

A presentación, tradución e notas de cada artículo, foron feitas, respeitivamente, por: 1.—Juan Cobos; 2.—Alain Guy e André Serres; 3.—Marc Vitse; 5.—Marie Leffranque; 6.—Alain Guy; 7.—André Gallego e Zdenek Kourim; 8.—Marie Leffranque; 9.—*Dominique Quentin-Mauroy;* 10.—Albert Fenet-Garde e Monique Fenet-Garde; 11.—André Serres.

---

[1] *Le Temps et la Mort dans la Philosophie Espagnole Contemporaine* (236 páxinas; custe, 21,35 francos).

O ensaio adicado a Valle-Inclán ocupa 16 páxinas (163 á 179). Trátase dunha tradución do capítulo "Exégesis trina" de *La lámpara maravillosa* (feita do orixinal publicado na Coleición Austral, Buenos Aires).

A presentación soio ocupa catro páxinas (163 a 166). O seu autor, Dominique Quentin-Mauroy, é "agrégé" da Universidade e Profesor-Asistente de língua española na Facultade de Letras de Toulouse.

Danos pra emprincipiar a data (errónea) do 1869 como a do nacemento de D. Ramón. Decontado fai constar que *La lámpara maravillosa* é un texto sensíbelmente anterior ós outros ensaios cuias traduciós compoñen este volume, e que o nome de Valle-Inclán pertenece realmente á Literatura e non á Filosofía española. Pero considera que estas páxinas dos "Ejercicios espirituales" de D. Ramón atopan un lugar axeitado nesta Escolma, debido a que Valle é "indiscutíbelmente" o primeiro escritor español contemporáneo que ten percibido que, pró home, "ser" é "ser-no-tempo", e que este Tempo é o noso meirande enemigo.

Dominique Quentin esprícanos cómo dita percepción foi efeituada por Valle serodia e progresivamente, e cómo se corresponde a unha crise inteleitual i espritual, da que resulta unha fonda modificación da súa visión das cousas e unha nova orentación do seu pensamento e da súa sensibilidade literaria. (Non nos dí nembargante cómo esta trasformación e a elaboración deste libro tiveron lugar durante a súa estada na Terra Matricial).

A autora fálanos da importancia deste texto, que ten sido tan descoidado pola crítica literaria, e afirma que esta neglixencia da crítica é motivo dos contrasentidos na interpretación da súa obra posterior a 1916. (Mme. Quentin menciónanos en especial *Divinas palabras;* coido deber facer constar que esta obra é, con moito, a creación de Valle máis conocida polos franceses. Soio esisten catro volumes de obras traducidas, en Gallimard N. R. F.). Sinálanos que o libro que por vez primeira concedéu a merecida atención á *La lámpara maravillosa* foi o estudo de Guillermo Díaz Plaja: *Las estéticas de Valle-Inclán.* Fai asimesmo ouservar cómo Valle sinalóu a esta obra o n.º 1 da súa "Ópera Omnia": "dándoo así como clave do seu pensamento e do seu arte".

Dominique Quentin verifica algunhas relaciós antre D. Ramón e a "Generación del 98" pra situar a obra no seu contexto histórico. E nota cómo, en contra dos outros membros da dita xeneración, que: "se nacionalizaron casteláns" tras de vir da periferia Ibérica, e que fundaron a súa reflesión nun "análise espectral de Castela e dos seus valores culturás", "Valle-Inclán atense esencialmente á espresión da súa Provincia excéntrica: Galicia, esa Bretaña española, e prácese en reencontrar nela tras das aportaciós da súa cultura, a rudeza *Panique* do fondo céltigo". (Desconozo si ó escribir o adxetivo que suliño, o autor terá feito unha asociación conscente co movemento "Pánico" dirixido por Arrabal, moi conocido en Francia. De todos xeitos, coido que sería interesante estudar o posíbel infruxo dos "Esperpentos" en certas obras de Arrabal; citemos como exemplo o seu *Cimetière de Veitures* recentemente estrenada en París).

Dominique Quentin engade que Valle: "cun refinamento que ás veces frisa no decadentismo" califícase a sí mesmo de esteta, contra da téinica da Xeneración do 98. (En toda esta presentación, non se menciona en ausoluto o "Modernismo", a súa esistencia parella ó 98 nin os seus infruxos nesta postura esteticista de D. Ramón).

Fálanos da época das "Sonatas" e, como bó francés, relaciona a postura de Bradomín, antre outros, cos autores franceses: Barbey d'Aurevilly, Gustave Moreau, e, sobre todo, "O divino" Marqués galo de Sade, invocado repetidas veces polo propio Marqués galego de Bradomín: "Sade aparece en Valle-Inclán como un Mestre de sensibilidade, ou máis esaitamente como un Mestre do sentimento, que se convertirá nun mestre do pensamento. O Satanismo que amostra Bradomín, si ben leva aínda o selo esterno do Século XIX, desemboca con toda evidencia na negación sadista".

Mme. Quentin asocia o Valle das Sonatas co análise literario aitual que pescuda "A Literatura e o Mal". O doble polo do pensamento de Bradomín sería:

"Negación e Transgresión". Don Ramón tería previsto que este camiño conduciríao: "á negación pura, que en suma era o contrario á libertade total que el tencionaba atopar".

De eiquí deriva pra Dominique Quentin a trasformación espritual de Valle. A "Posesión Suprema" que D. Ramón percura non pode ser atopada nin por meio do odio nin por meio da negación; soio o amor será capaz de nos conducir a ela. I este viraxe plásmase na Lámpara Maravillosa: confesión velada, detestación do pasado, elaboración dun método místico pra chegar ó Punto Supremo (que representa a Posesión Total) por meio da moral e da estética confundidas.

Este punto Supremo atinguido pola Bondade e o Amor adorados conxuntamente —prosigue o autor— son o ouxetivo esencial do Surrealismo tal e como se nos presenta no seu segundo manifesto (1930). "Todo nos conduce a creer que esiste un certo punto do esprito dende o cal a vida e a morte, o real e o imaxinario, o pasado e o futuro, o comunicábel e o incomunicábel, xa non son percibidos contraditoriamente. É inútei que se percure á aitividade surrealista outro móvil que a espranza de determinar este punto", escribe Breton no manifesto e ano citados.

Pola súa parte, é pra Valle idéntico o ouxetivo en *La lámpara maravillosa*: vencer, dende este mundo real no que estamos mergullados, as antinomias do Tempo pra aceder á posesión chea do Todo, no cal atopamos o éxtase. O autor danos como data inicial do manuscrito o ano 1913, e sinala así que Valle adiantóuse en *case* 20 anos a André Breton. (Nembargante, xa con anterioridade tiña dado Valle a conocer en público algunhas destas ideas: durante a conferencia "Les Excitantes" pronunciada en Buenos Aires o 28 de Xunio do 1910: esto arredondea os vinte anos de adianto).

O vocabulario de Valle e o de Breton son idénticos: Éxtase, conocemento estático, iluminación; ambos e dous fan referencia á gnosis, ó hermetismo, ó esoterismo e á tradición orféica e cabalística; pra ambos, o único meio de chegar ó Punto Supremo é o Amor. Pero ambos difiren enormemente no tocante á natureza deste amor: "O único amor que esiste é o Amor carnal" (Breton: *Amour fou*). Valle en troques distingue amor e desexo, e fai do amor unha condición que introduz ó éxtase, a unha eternidade conquistada ouxetivamente; Valle é dualista, cré na Caída, na ialma prisioneira, na responsabilidade individual de cada conciencia e no valor eternizante do Ben; cré en Satán, e na lexitimidade do erotismo como axente trasmisor de vida.

Si ámbolos dous apuntan á "recuperación dos poderes perdidos", á vitoria sobre o Tempo, etc., Valle sigue a súa pescuda polo vieiro do éxtase, dunha chamada á trascendencia do Divino; Breton é, en cambio, ateo, sigue o camiño da esproración dun subreal inmanente ó Mundo, baséase nunha nova definición do esprito deducida das ideas Freudianas... e fracasóu no seu intento de facer unha síntese entre unha nova ciencia e o saber antigo representado polo hermetismo esotérico. (É estrano que o autor non faga pé nas posibles motivaciós desta diverxencia, Valle cara o Misticismo, Breton cara o Materialismo. Pra min un dos orixes pode radicar en que a Literatura española do Século de Ouro ten adicado á Mística unha grande importancia, mentres que o Século de Ouro francés anúncianos a Era da Razón e cae en todos os defeitos do Racionalismo. Francia é un país eminentemente antirromántico; Valle, como bó celta, gostóu desta corrente que opón o sentimento á Razón, lembremos que el nos confesa repetidas veces a súa ademiración por Zorrilla. Os franceses teñen descoberto a Santa Teresa de Jesús e a San Juan de la Cruz recentemente, e aínda hoxe o vulgo, e moitos que non pertenecen ó vulgo, confunden os termos "ascética" e "mística", que calquer escolar español que teña estudado a Literatura castelá sabe diferenciar perfeitamente. Mme. Quentin dubida do cristianismo de D. Ramón; eu creo, pola contra, que Valle posee un fondo embebido de Catolicismo, sobre todo literario).

Remata Dominique Quentin Mauroy que as liñas traducidas a seguido, do texto da Lámpara Maravillosa: "marcan", ó seu xeito, un momento do pensa-

mento español, e a súa vontade de restituir á Literatura, a traveso dun conceito místico do arte, a súa máis alta visión, que é sempre unha misión de *reconocemento*, naturalmente, perigosa".

Creo que este ensaio, a pesares das cousas que o autor ten deixado no tinteiro, pode considerárese en varios puntos interesante prá literatura valleinclanesca.

Así, por exemplo, é notábel o feito de comprender a D. Ramón, non xa nun tratado de Literatura, sinón nunha escolma de traballos dos meirandes filósofos españoles contemporáneos. E, sobre todo, a comparación de Valle-Inclán con André Breton e a constancia de anticipación en catro lustros da teoría cosmogónica do escritor arousán ó manifesto surrealista do escritor francés, o que nos deixa un novo camiño aberto pra os eruditos que poideran sentírense atraguidos pola comenencia de afondar neste tema.

ANTONIO E. MALLO

UN HOMBRE QUE SE PARECIA A ORESTES, por Álvaro Cunqueiro [1]

Neste libro de Cunqueiro hai unha novela e moitas cousas máis. A novela refírenos o fracaso da venganza de Orestes. É, pois, unha refacción do vello mito, como no caso de Merlín, Sinbad, Ulises ou Hamlet. Como tantos outros autores modernos que se encaran con semellantes fábulas, Cunqueiro convirte en comedia a traxedia. É decir, trata en estilo cotidián o que dantes foi tratado en estilo heroico. Realmente, o procedimento ten precedentes ben antigos. Del nutríase a comedia media ática. Xa o *Pluto* de Aristófanes cai dentro desta técnica; e o *Anfitrión* de Plauto, adaptación dun orixinal grego, revela o mesmo espírito que o de Giraudoux, determinado cada autor, naturalmente, na profanación do que orixinariamente era sagro, polo complexo de ideas e sentimentos vixentes nas circunstancias históricas en que a parodia se producía. Porque se trata de parodia, no sentido primitivo do termo. Perdido o respeito relixioso aos que foron símbolos do destino do home concebido como forza suxeita ás presións do trascendente o racionalismo socrático ou voltairiano desacraliza o universo, e reinterpreta a saga heroica con criterio humán, demasiado humán. É unha literatura leiga, marxinal á literatura sagra. A epopeia transfórmase en opereta bufa. A *Ilíada* devén *La belle Héléne;* o *Xénese, La corte de Faraón.*

Craro que hai moitos banzos na esqueira por onde os deuses baixan á terra, moitos degraos polos que se degradan as hieráticas figuras heroicas. A comicificación do heroico, a conversión da epopeia en novela, pode, resignada á inevitabre humanización, contemplar endebén con agarimosa benevolencia, e aínda con efusiva saudade, ó mundo que transforma. Pero pode tamén sentir rotos os vencellos co prestixioso pasado, que, afincado en ideas cuia validez caducóu ou esmorecéu, se presenta como espantallo antigo, como casca valeira, como antroido ridículo que provoca a sátira e a burla. Na novela cunqueirana de Orestes hai de todo esto: fremosas esceas de grande delicadeza poética, nas que apenas unha leve e afectuosa ironía vela a veneración polo feitizo da vella lenda; pero tamén momentos de cruel caricatura nos que se borra todo rasto de respeito aos persoaxes da saga heroica, i en que unha vea esperpéntica flúe con quevedesca liberdade e valleinclanesco desenfreo. A posición sentimental do narrador perante as súas criaturas aparez así abruptamente contradictoria: ora gózase con apacibre humor na gracia enfeitada dos actores, ora con rudos tiróns acentúa os grotescos acenos, negándolles toda paternal compaixón e suliñando o seu carácter de burlescos monifates.

[1] Premio Eugenio Nadal 1968. Ediciones Destino. Barcelona, 1969.

Para seguir a novela de Orestes hai que podala das innumerabres escrecencias que por todas partes a envolven, ás veces en forma de escursos da acción principal, que chegan a poñela en trance de asfisia, pero que están orgánicamente, xiquera lasamente, vencellados a ela; outras veces como elementos estraños, aderidos só mineralmente, e que somente se esprican, como os do *Quijote,* ou polo desexo de volume ou polo aprecio que o autor profesa a eses engadidos, que non se resigna a non incluir. Desta derradeira espricación temos de botar man no caso da *contaminatio* de *A noite vai como un río,* comedia fremosísima, pero que nen atribuida a Filón o Mozo encaixa a xeito na historia de Orestes, como non encaixa o mundo dos Atridas co de Dona Inés, a frenética tola de amor. Así se prolonga o libro, pero non a novela, que, curiosamente, remata no catálogo de persoaxes, pois é alí *sub voce "Orestes"*, onde temos o desenlace, e non na ollada que Eumón Tracio deita sobre a Torre do Vado de Valverde ao emprender o regreso ao seu país, á fin da carta e derradeira parte, que non é o final da historia de Orestes, senón a versión castelá da mencioada obra galega.

Se nos preguntamos qué sentido ten a novela de Orestes, podemos creer que, como di a lapela do libro que di o autor, se trata de mostrar a inutilidade da venganza. O autor dío no "Índice onomástico", *sub voce "Piloto, El"*. Non sabemos se o ten dito ou escrito noutra ocasión. No "Onomástico", o que se di, propriamente, é que o Piloto dou consellos ao príncipe sobre a inutilidade da venganza. Así foi, aínda que non semella que con fundamento ético moi elevado. De todos xeitos, se a novela amosa algo, amosa, máis ben que ser inútil a venganza, ser imposibre. Cando Orestes por fin chega a Micenas, conta, coido, sesenta e pico anos de edade. É moi tarde para se vengar, tanto máis que a parella real, se vive, debe andar perto dos noventa. Nesas condición non lle queda outro recurso que se ir como veu, contentándose con ver a venganza na bola de neve que lle amosa o cereiro Aquilino. Este Orestes non é o de Sartre, que asume o seu destino heroico. É un herói frustrado, un herói que fai mutis ou chega tarde á escea da catástrofe. A novela, pois, é o malencónico destino dos Atridas, todos vivindo para interpretar a *Orestíada,* e a vida, solermiña, renarte, raposeira, enguedellando, estalicando, compricando, simplificando as cousas para que non a interpreten. Esquilo propón e o tempo dispón.

Se xebramos, logo, a novela de Orestes das historias alleas que a distenden, polo menos da historia da condesa inflamada, ficaría un relato escrito con mestría, aínda que con notabre volubilidade na perspeitiva con que o autor enxerga a súa materia. Pero é indubidabre que aquél non arrequentóu a historia principal coas historias xustapostas, coordinadas e subordinadas, porque o mito de Orestes nas súas mans non dera máis de sí. A imaxinación de Cunqueiro é inesgotabre, e todo o mundo o sabe capaz de escribir capítulos sobre Orestes, Existo, Clitemnestra, Ifixenia, Electra e demáis familia ate onde se desexe. Se preferíu engadir a historia da Condesa e moitas outras historias curiosas, pero alleas ao asunto principal, é porque, anque foi capaz de concebir a historia de Orestes, non a estimaba suficientemente interesante —non lle interesaba suficientemente— para limitarse a nola contar. O relevo que damos a esa historia orixínase no feito de que, como a obra gañóu un premio de novela, queremos ver nela unha novela, queremos ver unha novela na historia de Orestes. Pero para Cunqueiro non era, ao parecer, senón o tronco dunha frondosa arbre de innumerabres ponlas. Así, abandónaa, sen disculparse case, cantas veces lle praz, para deixar ceibe a súa fantasía e contar, contar, contar todo o que se lle ocurre, como grande contista que é. Como a súa Clitemnestra, ao autor sanlle ponlas en cada párrafo, e por elas vaise en rechouchíos, volubre no falar. Pero as semellanzas antre pai e filla rematan aí, pois Cunqueiro non é confuso no razoar, e sabe sempre coroar unha historia, e mesmo se distingue nesta tarefa. De todos xeitos, fica craro que o fin da súa obra non era propriamente facer unha novela da *Orestíada,* senón tomar a historia de Orestes como bastidor para poñerse a bordar toda clase de motivos sorprendentes, sacripantes ou patéticos. Aquel que ame a novela xeométrica, trazada con regua e cartabón, pode, endebén, arrincar do libro as páxinas 165 a 244, agás as 222 (só as sete derradeiras liñas) a 227, que pegará á 164. Aínda que, así, semella-

ráille, con todo, que fican escursos que o seu matemático gosto rexeita, o sacrificio da "Inesíada" —que pode encadernar aparte, despóis de espurgada á súa vez de elementos orestianos, e leer como peza independente— apracará a súa cólera de puritano do estructuralismo, e terá moito que gozar, moito que pensar, moito que decir da podada e agora máis vizosa e alíxera, máis espilida e fluida historia de Orestes e familia. Pero o gosto de Cunqueiro non é o deste hipotético leitor. O gosto de Cunqueiro, novelista bizantino, mergúllase no mar de historias. A paixón de contar está nel porriba de todo, de contar os mil xiros do vo da volvoreta, as mil e unha noites da vida e do ensoño, os mil e dous camiños do mundo, os mil e tres actos da comedia humana. Hai mil xeitos de escribir. Cunqueiro ten o seu. Nunca escribirá a historia de Fortunata e Jacinta. Se cadra, a de Teágenes e Cariclea. Aínda que non é asisado aventurar profecías, pois Cunqueiro, sorprendente autor, pode nos sorprender coas máis improbabres metamorfoses.

C. C.

REALISMO Y CONCIENCIA CRÍTICA EN LA LITERATURA GALLEGA, por Jesús Alonso Montero [1]

Recóllense niste libro varios traballos publicados anteriormente xunto con algún inédito. Refírense todos á literatura galega, ora traten dos escritores, ora da língoa, ou, si se quer, cáseque todos á literatura e algún á língoa especialmente. Ademáis desta unidade do contido ten tamén a do enfoque interpretativo, que se propón, máis que estudar a fondo a nosa realidade literaria na súa complexidade diversa, ofrecernos unha imaxe ideolóxica da mesma.

Apresurémonos a sinalar a esplícita sinceridade do autor, que proclama continuamente o carácter ideolóxico estricto dos seus puntos de vista en col da literatura. Ningún lle poderá negar a súa asoballante sinceridade ideolóxica, si ben, como sempre ocurre con iste tipo de crítica, non pode evitar a caída no foxo sofístico que consiste en reducir a realidade a ideoloxía i en identificar a verdade con unha ideoloxía determinada. Non cabe, por certo, unha actitude menos realista. De ahí que esgrimir iste idealismo ideolóxico en nome do *realismo* resulte de seu paradóxico dabondo pra deixar ó descoberto a súa base sofística.

Naturalmente, as trapelas sofísticas —que tantas veces engaiolan ou afuscan a nosa mente—, poden estar moralmente compensadas pola nosa sinceridade, circunstancia que as vira estranamente ambiguas, equívocas, porque se pode ocultar o contido sofístico facendo prevalecer a consideración da sinceridade ou, pola contra, pódese ocultar o contido moral da sinceridade facendo prevalecer a consideración do sofisma intelectual. Tal ambigüedade préstase, dende logo, a tódolos xogos persuasivos dunha utilización calculada. Non é iste, estamos certos, o caso do Xesús Alonso, pois lonxe de manipular esa ambigüedade pra influir no lector compre reconocer que a protagoniza il mesmo como víctima intelectual da súa sinceridade moral.

A literatura galega, como tódalas demáis, é unha realidade complexa, diversa e contradictoria como a vida mesma, individual ou colectiva. Dentro desa realidade, como dentro da mesma vida humá, danse tamén as ideoloxías. Non *unha* senon *múltiples* ideoloxías. Pro a vida humá, i a literatura que dela nace e que a refreixa, son realidades moito máis fondas e máis ricas que esas ideoloxías. Pódese estudar, craro que sí, o contido ideolóxico das literaturas, estudo que nos dará a conocer esa faceta parcial da creación literaria, ou ben, marxinalmente á literatura, a evolución das ideoloxías mesmas. O que non se pode facer —non se pode facer sin incurrir en aberración, queremos decir—, é xuzgar os valores literarios co criterio imposto polas categorías ideolóxicas.

[1] Editorial Ciencia Nueva. Barcelona, 1968.

Como queira que o propósito do libro do Alonso é darns unha visión ideolóxica da literatura galega, necesariamente temos que nos referir a esa perspectiva da obra, que por outra banda atingue á validez i á utilidade do seu esforzo crítico. De paso evítase a sorpresa, que nalgús casos podería ser despistante, dise ton seguro e rotundo que campea polas súas páxinas e que os lectores adoitados a valorar a literatura con preocupación de veracidade poderían tomar por petulante inmaturidade do autor. E non se trata deso, senón de que esa seguranza é fundamentalmente ideolóxica e secundariamente cultural-literaria.

Con independencia dos fallos propios do punto de vista crítico, que por outra banda o autor seguramente asume con gusto, a publicación diste libro é un feito positivo. Lanzado por unha editorial non galega, prestixiada nun amplio sector de lectores hispanos pola publicación de obras interesantes e pouco conocidas entre nós, iste libro do Alonso contribuirá eficazmente a difundir fora de Galicia un certo conocemento da literatura galega. Mesmo ise ideoloxismo conceitual que sinalamos anteriormente, por ser moi adoitado nise importante sector de lectores, máis ben favorece que dificulta a función difusora do libro. Non deixa de ser interesante que unha pluma galega faga presente a literatura galega en calisquer campo de ideas.

No tocante ó lado informativo da obra, son inevitables algúns reparos. Non é cousa de os enumerar. Só por vía de exemplo queremos sinalar algún. Tomemos unha das figuras máis caras ó autor: Curros Enríquez.

Falando da presencia de Curros en Galicia dende o ano 30, preséntanos un balance tan cativeiro que mesmo dá a impresión de séremos todos culpables de esquecemento hastra que, arredor do ano 66, o autor e uns cantos amigos comenzaron a redimirnos desa culpa. Pro os feitos, por fortuna, non son tan facareños. Polos anos 30 ó prestixio de Curros en Galicia era tan firme como patente, como se comprobóu con motivo do monumento que lle ergueron na Cruña, inaugurado o ano 34. Despóis da guerra civil, o interés galego por Curros manifestóuse decontado e de maneira ben responsable, pois polos anos 40 un doutorando galego preparaba en New York, baixo a direición de Federico de Onís, unha tese sobre o noso gran poeta. No 45 e nas páxinas da "Revista Hispánica Moderna" (vol. XI), aparecéu un orixinal e interesante traballo de E. González López sobre "Valle-Inclán y Currros Enríquez", co que se enceta unha descoberta crítica sobre a influencia dos escritores galegos no autor das "Sonatas" que, máis tarde e na mesma revista (vol. XXI), o prof. Rubia Barcia desenrolóu sistemáticamente nun traballo imprescindible. Que con motivo do centenario se escribisen, e ulteriormente se publicasen, nada menos que catro biografías de Curros non semella, nin moito menos, unha feble mostra de interés polo noso poeta. E polos mesmos anos o Gamallo Fierros preparaba un monumental traballo sobre a vida i a obra de Curros que foi premiado na Habana. En Buenos Aires convocáronse varios premios, un dos cales, sobre "A poesía de Curros", foille adxudicado a un frade galego de Oseira. No 54 aparecéu en París unha espléndida antoloxía de "Rosalía-Pondal-Curros" na que Ramón Cabanillas foi o encarregado de escoller e prologar os poemas do autor de "A Virxe do Cristal". No 55 apareceron dous libros de Carballo Calero, "Sete Poetas Galegos" e máis "Aportaciones a la Literatura Gallega Contemporánea", o primeiro en galego i en Galaxia i o segundo na Biblioteca Románica Hispánica i en castelán, ambos con un escelente capítulo sobre Curros. Un ano antes, no 54, aparecéu en Buenos Aires o libro de E. González López "Galicia, su alma y su cultura", no que asimesmo figura un capítulo adicado a Curros. No 57 e tamén na Biblioteca Románica Hispánica aparecéu o libro de José Luis Varela "Poesía y Restauración Cultural de Galicia en el Siglo XIX", igualmente con un capítulo sobre Curros. A comenzos do 63 aparecéu a "Historia da Literatura Galega" de Carballo Calero, na que a figura i a obra de Curros se estudan coa atención, a amplitude i o rigor maxistral que Curros merece e Carballo adoita. No 65 aparecéu en New York o segundo tomo —serán tres— da "Historia de la Literatura Española" de E. González López, no que figura un capítulo sobre Curros Enríquez. A obra poética de Curros nunca deixóu de interesar. Ademáis das antoloxías i escolmas da poesía galega que difunden parcialmente esta obra, a Librería Hernando de

Madrid foi vendendo polos anos 40 e 50 unha edición de "Aires da miña terra", e polo 55 ou 56 Aguilar lanzóu a súa edición da "Obra Escogida" de Curros. O interés polo noso poeta é permanente na concencia galega, o mesmo nos anos 30 que nos 40, nos 50, nos 60. Non "renace" arredor do ano 66 cos artigos do Alonso, do Soto, do Núñez e doutros. Simplementes continúa. Aducir a actitude da Universidade e do Instituto P. Sarmiento pra facer o balance do interés por Curros na Galicia do 51 semella pouco asisado por demasiado confuso, xa que non representaban outra cousa que o punto de vista do Sr. Ibáñez Martín, mentres que o interés galego manifestábase nos traballos do Vilanova, do Carré, de González Besada e Melendo Abad, do Gamallo Fierros, do Celso Emilio Ferreiro, nas revistas "Grial" e "Posío", na emisión galega da B. B. C. que conmemoróu o centenario de Curros con un traballo escrito por Cuevillas, etc. Pra valoráremos ben o centenario de Curros dende a perspectiva do 69 —que é a nosa— non podemos deixar de nos situar na realidade do 51. Si o facemos así comprenderemos mellor as cousas.

Reparos semellantes habería que llos facer a cada capítulo. Non nos propoñemos tal cousa. Escollemos iste mesmamente por ser o Xesús Alonso autor de unha tese doutoral sobre Curros Enríquez e cadraren así o entusiasmo e máis a competencia especializada no tema.

Con todo, non deixaremos de insistir en que o libro será útil pra dar a conocer a literatura galega en amplios círculos de lectores hispanos.

R. PIÑEIRO

LA REALIDAD ESPERPÉNTICA (Aproximación a "Luces de Bohemia"), por Alonso Zamora Vicente [1]

Veleiquí un libro lucidío, crarexador da literatura esperpéntica valleinclanesca. Zamora Vicente, o seu autor, é un estudoso, aguzado e intelixente, da obra do escritor de Vilanova de Arousa. O ensaio que ten feito encol das *Sonatas* é sin dúbida, a interpretación máis sagaz que se realizóu sobre da prosa modernista de D. Ramón.

Agora, o propio ensaísta afonda no acento máis caraiterizador da creación de Valle-Inclán: O esperpento. Pra Zamora Vicente, o esperpento é unha palabra tirada dunha zona da fala cotiá que, de súpeto, pasa a desiñar unha actitú artística. Neste senso, *Luces de Bohemia* é a primeira producción chamada de atal xeito. Trátase, como é sabido, dun libro que aparecéu no ano 1926. A súa publicación supoñía un nidio afondamento nalgús rasgos esaxerados e, a primeira vista, caricaturescos, que xa se tiñan feito presentes nalgunhas obras anteriores do autor das *Comedias Bárbaras*.

Zamora Vicente vai deseñando no seu estudo, con atinado enfoque, o proceso da creación esperpéntica. Pra el, a espricadeira que D. Ramón fai dos espellos do Calexón do Gato, non é outra cousa máis que unha das súas copiosas invenciós. Danos nela unha súpeta lus sobre da deformación grotesca,; pero esta lus deformadora que o escritor ofrece, non pode proieitárese sobre da deformación mesma.

Hai un feito revelador que o autor deste libro destaca. I é que na leitura de *Luces de Bohemia* abrolla un impreciso regusto de sainete, de zarzuela con toniño de plebe madrileña e aceno rachado. Pra el, na manifestación paródica da literatura —variante do "género chico"—, hai un craro antecedente do esperpento.

Veleiquí por qué, coma os espellos da calle do Gato, estaba tan a man a atmósfera teatral na que Valle andaba de cote metido, ben como aitor xa como

[1] Biblioteca Románica Hispánica. Editorial Gredos, S. A. Madrid, 1969.

autor. Unha das espresiós máis representativas e atinadas do sistema esperpéntico ven ser a da comparanza dos persoaxes, nos intres decisivos, cun pelele. Neste senso, Zamora Vicente fai ver cómo o alento máis fondo e dotado de Valle-Inclán ergue as criaturas grotescas a unha altura imprevisíbel dentro do tono menor das comedias e máis das parodias.

Houbo escritores que, como González López e Celestino F. de la Vega, por exemplo, andiveron a percurar as raizames do esperpento en precedentes galegos. Mais Zamora Vicente disinte sin o manifestar, deste punto de vista, ó vencellalo cun ambente teatral madrileño que Valle vivíu e mesmo protagonizóu. Si hai un rasgo vivo no arte de D. Ramón —rasgo que o pode definir súpeta e axeitadamente— é o culto á literatización. Trátase dun feito de craro aboengo modernista, espresado de mil xeitos. Pois ben, pra o autor do libro que reseñamos, a literatización —elemental e chocarreiramente considerada— era tamén recurso do "género chico". O procedemento caricaturesco e xesticulante das parodias, axuntado á literatización, xa verdadeiramente delirantes, esprica dous dos esperpentos restantes de D. Ramón: *Los cuernos de Don Friolera* e *Las galas del difunto.* Como en tantas ocasiós do esperpento inicial, a realidá viva ven a nos arrodear, coma o millor armónico, a esta vida literatizada dos anos que encetan o século.

Non hai dúbida de que a argumentación de Zamora Vicente —pesie ás chatas que se lle poidan poñer— afonda nun bó conocemento do tema que estuda. Así, vai deseñando outros rasgos caraiterizadores da literatura esperpéntica: direitas alusiós a sucedos, a prohomes, etc. E, sobre todo, ó fondo humán que sirve pra dexergar o que *Luces de Bohemia* encerra de protesta, de berro alporizado contra algo, de evidente chamada á honestidá.

A realidá española do seu tempo lle non sirve a Valle —como denantes— dende un punto de vista estritamente idiomático; lle non servía a fala tradicional. Don Ramón somete a unha revisión total a paisaxe toda da vida española. E velahí onde está a diferencia, a grave e fundamental diferencia coas críticas que se desenvolvían tras da gargallada dos sainetes e máis das parodias do "género chico". Todo queda depurado, afiado, vestido súpetamente dunha desencantada tristura. Queda todo trascendido.

Hai un feito singular que Zamora Vicente suliña: a fala. A deformación idiomática é o grande brillo, o prodixio permanente do esperpento. Os persoaxes falan dende ángulos que non son os acostumados na língoa pulcra de todo o arte modernista. A língoa de Valle é unha língoa moza. Agora, os hérois *falan* sinxelamente.

Dentro da aparición nova da língoa, rachada e antiacadémica, é onde hai que percurar o máis representativo e o máis valioso do esperpento. Todas as palabras e os xiros que xurden nos sainetes e poesías popularistas —moitas veces arrodeados de vulgarismos fonéticos— crécese en Valle-Inclán cara un coloquio de universal proíeición artística.

En *Luces de Bohemia,* os persoaxes falan asonadamente, todos a un tempo, ás veces berrando, acenando. En certo xeito, o libro está traspasado de cine. Pero está ollado, esternamente, como unha obra teatral. Está ancorado nunha tradición...

Zamora Vicente, despóis de afondar nestas perspeitivas que, na súa interpretación, singularizan o primeiro esperpento valleinclanesco, ocúpase demoradamente das variantes e de outras adiciós. O libro resulta, así, unha aportación fundamental ó entendemento cabal dun xénero que D. Ramón creóu con acento de seu.

De calquer xeito, non hai dúbida de que con *Luces de Bohemia* Valle ensanchóu a paisaxe da produción literaria, e deulle un contido novo á palabra *esperpento;* un contido que a alonxa dun cercado nivel coloquial pra soerguela a climas de sotil e arriscada aventura. Fíxoo, xa que logo, con ésito. E así ollamos agora no esperpento primeirizo, o alarido dunha libertá recén conquistada.

Este achego de Zamora Vicente á obra esperpéntica de Valle-Inclán, enceta-da con *Luces de Bohemia*, é, de certo, unha contribución crarexadora, feita con tino e axeitado estilo espositivo, que —seña cal seña o punto de vista do leitor— engaiola pola súa sistemática afondadora.

SALVADOR LORENZANA

CINCOENTA HOMES POR DEZ REÁS, de Castelao [1]

Paseniñamente vanse reeditando os testos de Castelao —os literarios, e poida que axiña tamén os dibuxos. O infruxo hase deixar sentir decontado. Polo pronto, non é difícil seguir o calco do seu maxisterio na corrente novelística máis nova, que anda a se encetar tras das esperencias da Nova Narrativa. Polo que aos dibuxos se refire, lévanse recollidos xa algúns dos pubricados nos xornaes, salvándose deste xeito unha obra que estaba a pique de se perder pra sempre, e que polo mesmo feito de terse realizado día a día, seguindo a inspiración do momento e obedecendo a circunstancias moi concretas da vida do seu intre, cobran un valor e unha relevancia especial que muitas veces non ten a obra feita máis demoradamente, no estudo e con vocación de perennidade.

Cincoenta homes por dez reás aparecéu en primeira edición no 1931, editado por "Nós". Reeditáronse os dibuxos en Buenos Aires, no 1940, cas lendas en castelán e baixo o título de *Cincuenta hombres por dos pesos*. Esta edición que agora aparece é pois a terceira. O libro tíñase convertido nunha rareza bibliográfica e a reedición non pode ser máis oportuna. Dende o 1931 pasaron muitos anos e o libro non perdéu nada da súa ferinte agudeza. Os figurós e as víctimas do libro siguen esistindo. Si Castelao vivira agora podería facer outro libro semellante, ou o mesmo libro, sen máis cambio que engadirlle algunhas víctimas máis e novos figurós. Dí Castelao no "Aviso" da edición: "Cincoenta homes por dez reás. E qué homes!... Persoaxes de novela todos eles". Persoaxes ca súa novela —a súa vida— ás costas, que Castelao deixa sintetizada nunha frase e na liña sinxela e segura do seu dibuxo. "O home que escribe a máquina as cartas de amor", "O home a quen se lle perdoa todo porque ten doce fillos", "O home que parece Don Quixote e presta diñeiro ó doce por cento", cincoenta homes, cincoenta comedias ou cincoenta dramas, que eso ás veces sólo da perspectiva depende, unha mínima Comedia Humana, sin grandilocuencia e sin teatralidade. "Dirixíase ós homes porque tiña un mensaxe humán que transmitir e empregóu pra iso a liña e a verba, que nos seus diseños forman unha totalidade, unha fusión inseparábel, unha unidade. Mostra así a ruindade dos feitos, non polo gosto de que se vexa, non por ela en sí, senón pra denunciala, pra que se avergoñen os culpables e pra que faga alporizar ós que a padescen. Por eso as figuras falan ou berran nos pes", dixo Núñez Búa. E cada ún destes pes ten a forza ferinte dun epigrama carregado de humanidades —non simple exercicio técnico— que retrata ún por ún a cincoenta homes vistos como "abreviaturas, estractos, esencias, resumes", homes que esisten xunto a nós, e ás veces en nós mesmos.

Tense dito que o arte de Castelao evoluciona dende o dibuxo desprovisto de complemento literario hastra á literatura sen dibuxo, nun crecente que revela a dominante preocupación ideolóxica do autor nos seus derradeiros anos. O equilibrio entre as dúas etapas serían os libros de *Cousas*. Nestes "Homes", como en "Cousas", o dibuxo e máis a narración, a esplicación, compleméntanse con axeitada naturalidade. E cada unha destas esplicaciós literarias é unha obra espléndida de concisión, de aproveitamento dos recursos do lingoaxe cara unha intensidade espresiva que nin o dibuxo nin a leenda por sí

[1] Editorial Galaxia. Vigo, 1969.

solos terían. Tras da *Escolma posible* veñen as reediciós, tamén posibles, das obras de Castelao. Esperamos que a non moito tardar teñamos o corpus completo da súa creación, plástico - literaria, un dos cumios da creación cultural galega contemporánea.

B. LOSADA

A PROPÓSITO DE UM CENTENARIO: O "ONOMÁSTICO" DE FR. MARTÍN SARMIENTO (1768), por Joseph M. Piel *

Para outer o beneplácito dos filólogos modernos, o P. Sarmiento non necesitóu máis que ser coñecido deles. Conforme foron divulgados os traballos do monxe, creóuse un ambente de alta estimación verbo da súa obra como estudioso do fenómeno lingüístico. Certamente, as dificultades de acceso a tales traballos, por moitos iñorados, determinan que, secomasí, a groria do bieito non resprandeza hoxe con toda a intensidade que compre. Réndelle enteira xusticia o profesor Piel nas páxinas que ao *Onomástico* adica na *Revista portuguesa de filología* con motivo do centenario da redacción daquel notabilísimo ensaio.

Sarmiento profesa unha doutrina en materia de investigación etimolóxica que concorda no fundamental coa hoxe vixente. E ao apricar esta doutrina, chega por vía de regra a conclusións esatas; en ocasións, máis sagaces que as outidas por ilustres romanistas contemporáneos.

Del foi a idea orixinal dun dicionario etimolóxico comparativo románico, no que debaixo dos étimos latinos se colocasen os seus derivados nos distintos dialetos, como habían facer Diez e Meyer-Lübke, iñorantes da esistencia do seu precursor.

Do mesmo xeito concibíu o proxeito dun dicionario ideolóxico, no que as voces se agrupasen por campos semánticos, en troques do orde mecánico do alfabeto.

O seu método de traballo lesicográfico, no que se combina o estudo das voces co dos ouxetos que designan, fano semellar un seguidor da moderna escola de "Wörter und Sachen".

Piel manifesta que onde máis brilla a orixinalidade do P. Sarmiento é na súa conceición do traballo etimolóxico relativo a nomes proprios, antropónimos e topónimos, cuio estudo asocia sensatamente co do lésico común. Lembra Piel cómo Sarmiento, sen dispor dos medios de investigación que benefician os modernos filólogos, resolvera xa, con solucións idénticas ás do proprio autor do artigo que reseñamos, problemas tratados por éste no seu traballo sobre os nomes de posesores latino-cristiáns do noroeste da Península.

Salienta Piel a preocupación constante de Sarmiento por Galicia e a súa mocedade. Consideraba absurdo o noso erudito monxe que ésta estudara o latín ao traveso do castelán. O veículo do insino tería de ser o galego, que os nenos deberían poseer con estensión e propriedade. En cada cidade ou vila de Galicia tería de haber profesores que se adicasen a insinar aos nenos a língua galega.

Éstas, antre outras, son as principás notas da persoalidade do P. Sarmiento, como se revelan no seu *Onomástico etimológico de la lengua gallega,* que suliña o profesor Piel nun traballo pubricado agora, pero escrito anos hai pra servir de prólogo a unha nova edición daquela obra. Tal edición, que tiña de ser unha edición crítica, non chegóu, desgraciadamente, a realizarse. Temos de nos contentar aínda coa deficiente impresión de Tui, i ésta mesma é rarísima peza bibliográfica.

C. C.

* Separata da *Revista portuguesa de filologia,* vol. XV, tomos I e II, Coimbra, 1969.

SANTA MARTA DE MOREIRAS, por Xosé Ramón e Fernández-Oxea [1]

Alá polos anos vinte e deica a guerra civil acincóu o saudoso Seminario de Estudos Galegos unhas xeiras por diversas terras de Galiza pra faguer estudos monográficos das bisbarras da rexión. Lémbrome das nosas angueiras por chairas e outeiros, gándaras e bocarribeiras, bouzas e lameiros de Deza e Fisterra, espreitando os latexos primixenios e fondos da Terra-Nai. Formaba eu nas hostes de Cuevillas, xeneroso en amistade e ciencia arqueolóxica.

Recollido material dabondo, somente víu o lume, fora de pubricaciós parciás, a *Terra de Melide,* xebre volume que constitúe un fito senlleiro de taes labouras.

Mais por entón e denantes, esgrevios investigadores galegos aproveitaban as súas estadías en calisquer comarca ou arredores pra esculcar coa mesma inquedanza e deteemento un mundo campesiño a morrer por mor do gregarismo estragante dos tempos novos. Así xurdíu *Terra de Velle,* de Cuevillas, Lorenzo i Hermida, así xermolóu ista obra de Benchosey.

Dende 1925 a 1935 o autor recadóu con agarimo e sabencia na parroquia ourensá de Santa Marta de Moreiras canto nela podía escudrumar unha degorada pescuda. O material agardóu longo tempo a poder ser editado. A cotío pérdense ricaces colleitas por falla de meios pra levalas ó prelo. A monografía de Fernández-Oxea atopóu un grupo de bariles galegos, residentes na República Arxentina que a costearon baixo o patrocinio da Editorial "As Burgas". A cooperación da meritoria Edicións Castrelos de Vigo completóu o liberal mester.

Principia o libro cun prólogo do meu inesquencible mestre Florentino López Cuevillas, fermoso e melancónico, chorando un acaescer que se nos vai, e colaboraron tamén con deseños os grandes investigadores Vicente Risco e Xaquín Lorenzo. A portada e contraportada é un belido dibuxo de Ventura Cores.

O libro estuda detidamente a terra, a historia, o habitat, a vida social, a infancia e o folklore.

Benchosey, un dos bós investigadores galegos, coñecido nos meios internacionás e asistente asíduo a Congresos españoes i estranxeiros, esculcóu có meirande amor e sabedoría o vivir dista aldea ourensá. E non soio no aspeito en que sobrancea a súa persoalidá, como é na arqueoloxía relixiosa e no folklore, senón en canto eiquí se descrebe trátao coa máis esquimada téinica: A xeografía, pobos, xente e documentación histórica; as eirexas, edificaciós, moblaxe, vestido e mantenza; o traballo da terra, oficios, costumes e festas; a vida dos nenos e os seus xogos, e pra findar unha recolleita moi comprida de contos, refrás, adiviñas, romances e canciós, con aportamento de semellanzas con outros ámetos do Noroeste.

Mención aparte merez o capítulo adicado ós oficios ambulantes, e diles "os máis conecidos entre a groriosa orde caneante da parafusa": afiadores e paragüeiros.

Iles son testemonio de antergas organizaciós gremiás, decorrer, cecáis, postremeiro dun río de lonxanas fontes. O autor achega eiquí abastado material pró estudo duns oficios de edoso aboengo que atesouran xergas esotéricas, lingoaxes de xermanía con vella raigame.

Acompaña un *Vocabulario do barallete* co autor acadóu en demorados interrogatorios e, tamén, unha escolma poética de esgrevios escritores galegos que cantaron o afoutado pelerinaxe distes artesanos por tódolos vieiros do mundo.

Un libro, en resumo, de senlleira avaliación que avencéllase ás estimadas monografías de bisbarras galegas que fai anos pubricáranse.

XESÚS TABOADA CHIVITE

[1] Edicións Castrelos. Vigo, 1968.

OS SONOS NA GAIOLA (Versos de nenos)
por Manuel María [1]

A empresa industrial luguesa "Cartonaxes ANMI" vense distinguindo pola súa atención á cultura galega, nunhas ocasiós patrocinando premios literarios e noutras editando interesantes textos galegos, orixinás ou traducidos, pra distribuir entre os seus clientes e amigos con ocasión do Nadal. Así, hai un par de anos editóu, en forma de almanaque, o "Platero e máis eu" de Juan Ramón Jiménez en versión galega de varios escritores —cada un seu capítulo— baixo a direición do Xesús Alonso Montero.

Niste Nadal, seguindo un costume que xa se vai facendo tradición na empresa luguesa, felicitóunos con un novo texto galego, nesta ocasión con un texto orixinal e non traducido, pois trátase de un libro de poesía infantil, ou mellor de versos pra nenos, do poeta Manuel María.

Co tíduo de "Os sonos na gaiola", o poeta chairego —nado na chaira de Outeiro de Rei e afincado na chaira de Lemos— reúne medio centenar de poemas sinxelos que escribíu pensando nos nenos e, de paso, revivindo a súa propia infancia, na que botóu de menos versos semellantes a istes que agora il lles ofrece ós nenos galegos.

Ten razón o poeta ó decir que os nenos galegos non tiñan versos pra ler. Tampouco tiñan contos, inda que os contos, si nonos podían ler por non estaren impresos, podían polo menos escoitalos de labios da súa nai ou dos seus abós, por contáremos con unha ricaz tradición oral de contos e fábulas que, xeración tras xeración, viñeron servindo de mantenza imaxinativa ós nenos da nosa terra. Non tiñan literatura escrita os nosos nenos, i a literatura oral era sobre todo narrativa.

Afortunadamente, nesto como noutras cousas a nosa tradición vai deixando de ser estática e vaise anovando con pulo crecente. Xa empezamos a ter literatura escrita pra os nenos, en parte procedente da propia tradición oral —"Contos populares da provincia de Lugo", "O lobo e o raposo", "Contos pra nenos"—, en parte procedente de traduciós —"O abeto valente", "O globo de papel", "Unha nova terra", "Todos os nenos do mundo seremos amigos"—, i en parte, i esto é o máis espranzador, procedente da creación orixinal dos escritores galegos, porque Filgueira Valverde, Xohana Torres e Carlos Casares xa iniciaron brillantemente ise camiño e sábese que o poeta Novoneira tamén está a escribir, aló entre os tesos cumes do Caurel, contos pra os nenos galegos. Niste orde de cousas, a iniciativa da sociedade cultural coruñesa "O Facho", xa imitada por outras, de convocar concursos de contos infantís pode ser moi importante.

Nos poetas galegos non están ausentes os nenos, poisque contamos con fermosos poemas por iles inspirados ou a iles adicados. Con todo, libros enteiros de poemas pra nenos non lembramos máis que un de Emilio Pita e, agora, iste de Manuel María, no que lle vai ofrecendo ó neno leitor unha impresión poética sinxela dos temas propios do seu mundo infantil: o sol, a lúa, o arco da vella, o vento, o mar, o chifre, o foguete, o bolo, a boneca, o año, a vaca, o lobo, o grilo, o merlo, etc.

Manuel María utiliza un galego vivo, popular, e inda que ás veces abusa da pura e simple axilidade verbal —que, de seu, sin o soplo sotil da gracia non acada valor poético—, o certo é que no libro atópanse poemas logrados, poemas nos que alenta unha vivencia emotiva e sinxela das cousas, como os tiduados "A boneca", "O lobo", "A vaca". Hai algún que semella menos infantil, pro o libro en conxunto ten o ton lixeiro, levián, que lle compre a un libro destinado ós nenos.

R. P.

---

[1] Cartonaxes ANMI. Lugo, 1968.

UNHA ARQUITECTURA REXIONAL

Miguel Fisac, un dos arquiteitos españóis máis importantes e inquedos do derradeiro carto de século, foi interviuvado no semanario "Destino" por Baltasar Porcel, con motivo da aparición do seu libro *La molécula urbana*. De antre as manifestaciós espostas, reproducimos as seguintes que estimamos de interés:

"¿A arquiteitura española? Esto é un camelo, esto non esiste. ¿Qué ten que ver a arquiteitura que se pode facer en Andalucía coa de Galicia ou Cataluña? Estas rexiós teñen unha diferenciación de idiosincrasia e de condiciós tan forte como a bretona en Francia ou calisquera outra en Alemaña, Suiza ou onde seña.

Eu non creio máis que nas rexiós, son as únicas entidás étnicas capaces de producir un impaito na arquiteitura e máis no urbanismo. Teño un cariño estraordinario por estas rexiós que nun intre dado da Historia foron asociadas conxuntamente, e que no porvir seguirán deste xeito ou de outro, pero que en todo caso hanse integrar en entidás supranacionáis a partir da súa caraiterística rexional propia.

O "tamaño" nacional é un tamaño a desaparecer. A xeografía física, humá, económica, dase a escada rexional. Craro: a pescuda científica, a téinica, o turismo, as comunicaciós, requiren un tamaño internacional. Dacordo. Pero a arquiteitura é o producto dun grupo humán, dun clima, dunha xeografía, i ésto é rexional. Non concibo cómo non hai aínda un idioma internacional, pra entendérmonos todos. O que non privaría de ter logo cada ún o seu propio idioma rexional: é unha necesidá da ialma. E digollo eu, manchego, dunha rexión que era práticamente un deserto cando as outras rexiós de España xa estaban formadas. Pero é que eu sin a Mancha non podería vivir; é o meu punto de referencia íntimo...".

MENÉNDEZ PIDAL E A CULTURA ESPAÑOLA

O Instituto "José Cornide" ven levando a cabo un labor tan activo como interesante. As súas publicacións, que nos van chegando con meritoria frecuencia, son escelente testemuño de tal actividade.

Con motivo da morte de D. Ramón Menéndez Pidal, o Instituto Cornide quíxolle rendir homenaxe á memoria desta groriosa figura das letras hispánicas, que, como se sabe, nacéu na Cruña. Con moi bó acerto, pra lle dar a debida altura a iste homenaxe o Instituto percurou a voz de un dos máximos discípulos de D. Ramón. Así, o día 9 de decembro de 1968 a palabra clara e cálida de Dámaso Alonso —palabra matizada pola luz interior da sabiduría e máis pola finura apreciativa da sensibilidade—, trazóu na Cruña unha semblanza maxistral de D. Ramón Menéndez Pidal, semblanza vitalmente entrelazada coa realidade da cultura española do noso tempo, da que D. Ramón era símbolo exemplar. Esta pulcra edición do texto da conferencia ven a perpetuar o homenaxe tan sinxelo como nobre que A Cruña rendíu a un dos seus fillos máis ilustres.

G.

MENÉNDEZ PIDAL Y LA CULTURA ESPAÑOLA, conferencia pronunciada por don Dámaso Alonso, Instituto "José Cornide" de Estudios Coruñeses. La Coruña, 1969.

HOMENAXE A AMOR RUIBAL

Con ocasión do centenario de don Anxel Amor Ruibal, vaise celebrar en Compostela nos días 24 ó 30 de setembro, unha Semana-Homenaxe a esta grande figura galega. Os aitos fundamentáis estarán constituídos por ponencias coas súas respeitivas comunicaciós, conferencias, esposición bibliográfica referente ó autor de *Problemas fundamentales de la Filosofía y el Dogma*, etc.

As ponencias que serán presentadas durante a semá conmemorativa, son sete, a cargo de outros tantos especialistas: *Los problemas bibliográficos de Amor Ruibal*, por Saturnino Casas Blanco; *El correlacionismo dentro del pensamiento contemporáneo*, por Carlos A. Baliñas Fernández; *Noción e idea en Amor Ruibal*, por Manuel Ferro Couselo; *Amor Ruibal y los sistemas escolásticos*, por Vicente Muñoz Delgado; *La antropología de Amor Ruibal*, por Carlos París Amador; *La gnoseología de Amor Ruibal*, por Sergio Rábade Romeo; e *La teología de Amor Ruibal*, por J. M. Delgado Varela.

Están previstas as seguintes conferencias: De Santiago Montero Díaz, sobre *Amor Ruibal en la cultura española de su tiempo;* de Paulino Pedret Casado, sobre *Amor Ruibal en el Santiago de su tiempo;* e de Luis Legaz Lacambra sobre *Amor Ruibal y el iusnaturalismo.*

O nome e a obra do gran filósofo galego van ter, pois, na propia cidade onde exerceu o seu maxisterio, o eco hodierno de que son merecentes. Porque, como sostén o prestixioso ruibalista Prof. Baliñas Fernández, "téndose decatado precozmente do que eisixían as correspondentes teorías científicas que nos primeiros decenios do século estaban a se esbozar, Amor Ruibal deixóu aberto un tema de discusión da meirande aitualidá".

UN ESTUDO SOBRE A ESTACIÓN PALEOLÍTICA DE BUDIÑO

Co tíduo de *Xeomorfoloxía e estratigrafía da estación paleolítica de Budiño*, o profesor Karl W. Butzer pubrica na revista alemá "Eiszaitalter und Gegenwart", un traballo con trece ilustraciós, no que resume unha campaña de traballo en Budiño, no val do Louro, onde xa tiña investigado o profesor Emiliano de Aguirre, en 1963. O estudo do profesor Butzer é mui interesante. Ademáis de Budiño, refírese ás terrazas aluviás do val do Baixo Miño, á estratigrafía da costa dende a desembocadura do Miño á Ría de Vigo, etc., e dá unha interpretación paleoclimática dos lugares estudados.

Ó mesmo tempo, na revista americán "Science", o propio profesor Butzer i o P. Emiliano de Aguirre, pubrican unha nota co tíduo de *Un problemático conxunto de utillaxe no N. O. de España.* Refírese a nota a útis de diversos tipos atopados en depósitos coluviaes do Medio Würm, de cuarzo e cuarcita.

Tanto Butzer coma o P. de Aguirre, citan ós investigadores galegos Bouza-Brey, Xosé María Alvarez Blázquez, Enrique Massó, xa polos seus traballos, xa por télos acompañado nas súas campañas.

GALICIA ANTE O SEGUNDO PLAN DE DESENROLO

Compre reconocer que o Instituto "José Cornide" de Estudios Coruñeses, presta atención ós problemas da nosa realidade concreta actual. Nos meses de maio e xuño pasados o Instituto orgaizóu un cielo de conferencias baixo o enunciado xenérico de "Perspectivas de Galicia ante el Segundo Plan de Desarrollo". A oportunidade do tema xeral do ciclo viña dada pola inminencia da posta en marcha do Segundo Plan de Desenrolo. A súa importanza, pola necesidade conmunmente sentida de elevar o nivel de vida do noso pobo.

Niste tomo inclúense as seis conferencias pronunciadas no ciclo, nas que se abranguen temas fundamentás da nosa vida económica, como se bota de ver coa simple enunciación do temario: Antonio López Prado, "La estructura económica de Galicia"; Carlos Otero Díaz, "La agricultura gallega ante el desarrollo"; Valentín Paz Andrade, "Evolución del sector pesquero de Galicia"; Luciano Yordi de Carricarte, "Posibilidades energéticas de Galicia y sus efectos multiplicadores"; Rafael Sande González, "Financiación del desarrollo"; Ramón Tamames, "Significado y trascendencia de la región en la política económica".

PERSPECTIVAS DE GALICIA ANTE EL SEGUNDO PLAN DE DESARROLLO, ciclo de conferencias organizado por el Instituto "José Cornide" de Estudios Coruñeses. La Coruña, 1968.

AITUALIDADE DE CONSTANTIN BRUNNER

Recentemente, e por primeira vez, foi traducido ó francés un libro de Constantin Brunner. É decir, foi posto nunha fiestra. Brunner, iñorado, e cando vivo (1862-1937) perseguido polo nazismo, foi descoberto ó mesmo tempo na súa Alemaña natal, en Holanda e máis na Inglaterra. "Cahiers du Sud", de París, tíñalle adicado no 1964 un número especial, onde se inxeriron anacos dunha obra infindamente variegada, que vai dende a demostración abstraita do filósofo ó panfleto ó Swift.

O libro que fai pouco se ten pubricado en Francia é *Amor,* primeira parte de *Amor, casamento, home e muller.*

Nun estudo encol do "surrealismo e a pintura", André Breton escribíu sobre Brunner o que sigue:

—"Brunner ilumina o que, no home, espresa inmutábeles estruituras, leis intemporás. Sinala os defeitos e máis os lindeiros da espricación histórica, e mantén a carón da historia outro tipo de espricación e de reflesiós, e rende a filosofía ó seu destino verdadeiro...

Con Constantin Brunner, a desmitificación, da que tanto se nos anda a falar, semella trocar de senso e coller un camiño non acostumado...; unha outra vía que xa Spinoza sabía que era tan difícil como tan pouco percorrida, e que por ser eternalmente proposta ós homes, non pode parecer a cada quen de nós, máis que presente e nova.

Unha vela é posta sobre do celemín. Vaise falar moito de Brunner, que pode resultar que seña moito máis que unha moda que ven de París. — SS.

POETAS IRLANDESES DE HOXE

"En Irlanda é case unha calamidá pra un home o vérese catalogado coma poeta, pois a sociedá, cando lle otorga ese tíduo, péchao en estreitos lindeiros", decía Patrick Kavanagh, un dos grandes poetas irlandeses da nosa época, desparecido a fíns do 1967, ós setenta e dous anos de edá.

Do poeta, nefeito, a sociedá irlandesa sempre agardóu que "il irlandice", herdo dunha historia na que a tradición nacional é, sobre todo, feita de resistencia ó infruxo inglés, e na que a palabra ten a cotío, e non sin eficacia —lembrémonos de Swift—, o lugar da aición.

A fins do derradeiro século e comezos do noso, o movemento que se chama a "Renacencia literaria irlandesa", foi, no eido poético, aseñorado pola grande figura de Yeats... O seu *Solpór céltico,* do 1893 —conxunto de léndas recollidas dos peisanos de Galway—, ía contribuír a impoñer na poesía irlandesa o tema das fadas, das brétemas, dos outeiros natíos, sobrevivencias da tradición céltica da illa dos Santos.

Os sucesores de Yeats difícilmente fuxiron da fascinación dese universo romántico, que un Padraic Colum perpetúa deica os nosos días. Austin Clarke, decano hoxe dos poetas da Irlanda, foi o primeiro en se arredar desa liña, non cedendo á tentación do patriotismo doado, e opoñéndose á influencia da Eirexa católica, na que olla unha fonte de recuada e de escurantismo... Ó seu carón, un Patrick Kavanagh, fillo de labregos, home que exercéu tódolos oficios, soupo cantar a terra, a vida cotián, con palabra e humor.

Os nomes de arestora son John Montagne, Thomas Kinsella, Egan O'Rahilly, Seamus Heaney, Brendan Kennelly. Estes derradeiros ispíranse na vida rural e na historia do país. Fálase así, e quizaves con razón, dunha nova Renacencia.

NOTAS

FINOUSE en Caracas, ós oitenta e catro anos de edá, o sonado escritor venezolano Rómulo Gallegos. No 1921 publicóu a súa primeira novela, *Reinaldo Solar,* narración homildosa apegada á terra orixinaria, pero que o consagra como escritor. No 1926 aparez *La trepadora,* e catro anos dispóis irrumpe nas letras de fala hispánica coa súa gran novela *Doña Bárbara,* canto épico á paisaxe e ó "home-macho" da selva aborixen. Esta obra guinda ó escritor fora das fronteiras patrias e conságrao como autor universal, traducíbel e traducido. Outras novelas de Rómulo Gallego afíncano como escritor de merecida sona: *Pobre negro, Canaima, La brizna de hierba en el viento, La brasa en el pico del cuervo.*

EN data aínda recente celebróuse na galería Alexandre Iulas, de París, unha esposición de obras do gran pintor xermano-suizo Paul Klee. Estivo integrada por cadros pertenecentes a unha coleición privada, a maoría dos cales amostrábanse por primeira vez en Francia. O poeta Louis Aragon —quen vai pra corenta e tres anos saúdara con entusasmo a pintura de Klee—, escribíu, co gallo da indicada esposición, cinco poemas sobre outros tantos cadros do xenial artista.

ESTÁ a se estrenar en Estocolmo ou Berlín, a derradeira obra de Peter Weis, cuio tíduo é máis ou menos algo así: *Tratado sobre da prehistoria e desenrolo da prolongada Guerra de Liberación no Viet-Nam, como exemplo ilustrativo da necesidá da loita armada dos asoballados contra dos asoballadores, e tamén sobre dos esforzos dos Estados Unidos de América pra destruir as bases da revolución.* Utilizará quince aitores con coros e música incidental. Weis ten manifestado que o estilo da súa obra está perto de *A pescuda,* pero non é unha obra estética coma ésta: tampouco é un cabaret político ó xeito do seu *O canto do coco de Lusitania.*

IGNAZIO Silone ven de publicar *L'avventure di un povero cirstiano.* Esta obra do sonado escritor italián verifica, en certo xeito, as seguintes palabras súas: "As realidás do presente teñen raíces lonxanas". E recúa deica o século trece "situando o pasado —din os editores— nunha perspeitiva nova, achegada e comprensíbel nos seus motivos de estraordinaria aitualidá". Xurde na novela a figura dun abrucés célebre, Pietro Celestino di Morrone, despóis Celestino V, de humilde orixe, que concebíu unha grande ilusión: a de axuntar os dous vieiros do cristianismo, o de San Francisco e o da Eirexa constituída, xerárquica.

CASE cen anos despóis de que pecharan definitivamente as fábricas galegas de *Sargadelos,* voltan a rexurdir agora co siño do noso tempo. Baixo a direición de "Cerámicas do Castro" e do "Laboratorio de formas de Galicia" vaise poñer en marcha a quinta etapa dos sonados obradores do noso arte popular, con raizames do seu pasado pero con ideas dos días de arestora. A planta piloto de "Sargadelos" e o Laboratorio no que se andan a analizar e formar as ideas embrionarias, publicaron un coidado folleto cunha espresiva mostra do que se está a facer nos eidos desta nova cerámica: pezas con motivos de San Andrés de Teixido, xarras con retratos imaxinarios de persoaxes galegos medievás, e outras pezas útiles nas que se xoga coas creaciós do arte ancestral dos alfareiros de Buño.

HAI arredor dos tres lustros que se ten editado o primeiro tomo da bibliografía encol de Thomas Mann. Agora está pra saír o segundo volume, que axunta máis de tres milleiros de títulos. Na Alemaña publicouse unha edición de peto, en doce tomos, das obras de Mann, autor considerado xa coma un dos grandes escritores do noso século, sin distinción de língoa.

FRANCIA prepárase prá conmemorar o bicentenario (1769-1969) do nacemento de Napoleón. O programa abrangue os meses de maio, xunio e xulio; pero os editores agardan facer o seu agosto poñendo á venda libros e máis libros sobre do Corso. Veleiquí algunhas das ediciós e reediciós que xa saíron á rúa, adicadas ou relacionadas coa aventura napoleónica: *Correspondencia* (seiscentas cartas dos anos 1805-1810); Las Cases, *Memorial de Santa Helena;* Víctor Hugo, *A lénda dos séculos;* Tolstoi, *Guerra e Paz;* Chateaubriand, *Memorias de ultratumba;* Stendhal, *A Cartuxa de Parma* e *Vida de Napoleón*; Albert Ollivier, *O 18 de Brumario;* e Robert Margerit: *Waterloo.*

CO tíduo de *Homaxe a un paxaro* acaba de se publicar en "Ediciós o Castro" un fermoso caderno, integrado por doce grabados en madeira, orixináis de Luís Seoane. A nota espricativa, feita en galego polo propio grabador, dá noticia da sucinta i emotiva historia do paxaro que a protagoniza. Como decote, Seoane construíu na madeira unhas imaxes cheas de movemento. Pero, sobre todo, conseguíu unha rítmica espresión en cada lámina, tal si a historia que vai contando en figuras cobrase vida de seu, dediante dos ollos do contemplador.

EDITIONS du Seuil tiróu do prelo *Enfance et mort de García Lorca,* de Marcelle Auclair, quen conocéu persoalmente ó poeta e fixo consultas a moitos dos seus amigos. Ademáis de ter traducido a súa obra e de ter iluminado ó home por ésta e a ésta polo home, Marcelle Auclair crarexa aspeitos dos derradeiros días do autor de *Poeta en New York.*

A TENDENCIA aitual a unificar os xéneros literarios ten no alemán Jurgen Becker a un dos seus sostedores. Enzesberg dixo del que os seus testos son "campos abertos de gravitación". Esperiencias ouxetivas e suxetivas intégranse na literatura deste autor de trinta e seis anos, que fai somentes catro publicóu o seu primeiro libro: *Felder.* Becario en Roma da Villa Massimo, outivo no 1966 o premio desta istitución, e no ano seguinte o do "Gruppe 47". Derradeiramente recibíu o premio de Literatura da cidá de Colonia.

GRIAL

revista galega de cultura

Precios de venda e suscrición

Número solto	60	ptas.
Estranxeiro	75	"
Suscrición anual, 4 números ..	200	"
Estranxeiro	240	"

REDACCION E ADMINISTRACION

Editorial Galaxia—Reconquista, 1 — Vigo

Imp. nos Talleres Gráficos de "Faro de Vigo"
Colón, 30 - Vigo — Dep. Leg.: VG - 99 - 1963

TIP. FARO DE VIGO